A mocidade galega vive unha situación límite, cun mercado de traballo marcado pola precariedade e a temporalidade laboral, cunhas altas taxas de desemprego e cun acceso á vivenda negado á mocidade, onde, actualmente, só 1 de cada 5 mozas galegas ten posibilidade de alugar ou mercar un inmoble.

Ante a falta de plans e ferramentas por parte da Xunta de Galiza para reverter esta situación, unha parte importante da mocidade galega vese forzada á emigración. Segundo datos da EPA, preto de 100.000 mozas emigraron do noso país da última década por non ter a posibilidade de desenvolver un proxecto de vida digno na nosa terra.

Isto é un grande problema para un país cada vez máis envellecido e que presenta un devalo demográfico importante, onde a mocidade representa cada vez menos peso na composición demográfica galega.

O Foro Económico de Galiza vén de publicar un informe que fai referencia aos custes económicos e tamén sociais da expulsión da mocidade do noso país.

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 10:18:53
Nº Rexistro: 37257
Data envio: 19/07/2022 10:18:53.775

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este informe fai fincapé no fenómeno denominado "fuga de talento", que non é máis que a emigración forzosa de mocidade cunha titulación superior que non xera ningún tipo de valor no noso país, ao non ter capacidade de desenvolver aquí a súa actividade.

O informe do Foro Económico de Galiza estima unha perda de entre **178 e 311,5 millóns de euros por ano** derivados dos custes de formación dunha mocidade á que se lle nega a posibilidade de aportar valor ao noso país.

Nun contexto de crise industrial, laboral e demográfica como nunca viu este país, esta fuga de talento supón deixar de crear unhas 315 empresas no noso país e produce 1500 nacementos menos, segundo o informe do Foro Económico de Galiza.

O propio informe advirte das dificultades no estudo desta cuestión, que se ben é fundamental para o futuro do noso país, "non se conta con estatísticas oficiais apropiadas". Unha carencia, din, que pon en evidencia a "despreocupación" existente e a necesidade de procurar "datos específicos e obxectivos" para coñecer de primeira man as razóns e consecuencias da marcha forzosa da mocidade con titulación universitaria.

Para mudar esta situación son precisas medidas que atallen os problemas estruturais que padece a economía galega. Consideramos que é fundamental aproveitar as potencialidades de Galiza, apostar pola innovación duplicando o investimento en I+D+i, apostar porque o noso tecido produtivo teña crédito para levar a termo os seus proxectos de investimento.

A maiores das medidas xerais que impulsarán o dinamismo da economía galega, é preciso actuar de inmediato e de xeito concreto para que as mozas e mozos galegos teñan traballo digno na nosa terra, acorde co seu nivel formativo, e para aproveitar o

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 10:18:53
Nº Rexistro: 37257
Data envio: 19/07/2022 10:18:53.775

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

investimento que supón ter a xeración mellor formada da historia e que reverta na prosperidade da nosa nación, impulsando o retorno ao país da mocidade emigrada.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

Que valoración realiza o Goberno galego do actual proceso migratorio da mocidade galega?

Considera o Goberno galego que se trata dun grave problema que precisa actuacións inmediatas?

Ten previsto impulsar o Goberno algunha medida tendente a fomentar o regreso das persoas mozas emigradas?

Considera o Goberno galego suficiente a inversión en I+D+I e o apoio á industria galega?

Cal é a valoración do Goberno galego sobre a dificultade no acceso á vivenda da mocidade?

O Goberno galego ten decidido investir parte do que se recade mediante o Fondo de Recuperación Europeo nun plan específico para fixar a mocidade galega na terra e deter o fluxo migratorio que na actualidade se está a producir?

En caso de existir tal plan para empregar fondos europeos, existe previsión de utilizar aos concellos como ferramenta de capilarización de tais axudas ou será a Xunta de Galiza quen xestione directamente o proceso?

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 10:18:53
Nº Rexistro: 37257
Data envio: 19/07/2022 10:18:53.775

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Goberno galego valora a creación de parques de vivenda pública accesible á mocidade, tal e como ocorre en países do noso entorno?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 19/07/2022 10:18:15

Iria Carreira Pazos na data 19/07/2022 10:18:20

Olalla Rodil Fernández na data 19/07/2022 10:18:30

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 10:23:22
Nº Rexistro: 37258
Data envio: 19/07/2022 10:23:22.973

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e **Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a demanda de actuacións en materia de seguridade viaria en Dorneda-Oleiros (A Coruña).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza da parroquia de Dorneda no Concello de Oleiros (A Coruña) está a demandar unha solución á inseguridade viaria que senten para desenvolver as tarefas do día a día.

Na actualidade, despois de diferentes iniciativas, cada luns concéntranse neste lugar para facer publica unha gran preocupación: a inseguridade viaria coa que conviven no cruce da Avenida República Arxentina (AC-173), coa Rúa da Proba e a Rúa do Río Couto.

A veciñanza vén demandando unha solución que calme a velocidade do elevado tránsito de circulación que se produce diariamente e en horario continuado neste punto, á vista das súas características como zona de paso de transeúntes. Unha pequena observación in situ permite comprobar a continua circulación de utilitarios, autobuses e camións, en ocasións a velocidades elevadas.

Neste sentido, destacan que o transporte escolar que realiza o servizo do CEIP Isidro Parga Pondal, do CEIP Luis Seoane e do IES María Casares utiliza as paradas do

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 10:23:22
Nº Rexistro: 37258
Data envio: 19/07/2022 10:23:22.973

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

transporte público que hai neste cruce, en ambas as dúas marxes da vía. Nestas paradas, dúas veces ao día, cruzan esta estrada mesmo nenos pequenos (de 3 anos), sen un paso de peóns e con evidente risco de atropelo.

Asemade, os usuarios d´O Couto e d´A Proba que diariamente utilizan o transporte público, en moitos casos persoas de idade avanzada, tamén se ven con dificultades para cruzar a vía con garantías de seguridade, pois os pasos de peóns máis próximos están situados a 300m, en dirección a Santa Cruz, e a 1200m en dirección a Arillo.

Logo de se ter dirixido ao Concello de Oleiros solicitando a mellora da seguridade nesta vía ao seu paso polo cruce da Avenida República Arxentina (AC-173), coa Rúa da Proba e a Rúa do Río Couto, a resposta do goberno municipal é que xa reclamou en varias ocasións á Xunta de Galiza, titular da estrada, a realización dun paso de peóns nese lugar e tamén á altura do cemiterio.

A resposta da Xunta foi negativa por non se tratar dun treito urbano, mais sen achegar ningunha proposta de mellora á veciñanza nin garantía de seguridade viaria.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. É coñecedora a Consellería de Infrastruturas e Mobilidade das demandas da veciñanza que vive en Dorneda (Oleiros) na contorna do cruce da Avenida República Arxentina (AC-173), coa Rúa da Proba e a Rúa do Río Couto?

. Que resposta lle ten trasladado a Xunta aos escritos con sinaturas remitidos pola veciñanza?

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 10:23:22
Nº Rexistro: 37258
Data envio: 19/07/2022 10:23:22.973

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Valora o goberno que este punto quilométrico é seguro para as viandantes?

. Que accións vai pór en andamento o goberno para mellorar a seguridade dos peóns neste cruce da Avenida República Arxentina (AC-173), coa Rúa da Proba e a Rúa do Río Couto?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 19/07/2022 10:22:34

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 10:22:48

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 10:24:53
Nº Rexistro: 37259
Data envio: 19/07/2022 10:24:53.362

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos pasados meses o goberno galego desenvolveu unha intensa campaña contra a exclusión dos concellos de menos de 50.000 habitantes na convocatoria de axudas destinadas a proxectos de mobilidade sostíbel, financiados con fondos do programa europeo de recuperación e resiliencia.

Esta campaña, á que destinou tempo, esforzos e recursos a consellaría de infraestruturas, incluíu unha Declaración institucional asinada por 153 concellos e varias roldas de prensa e fotos ao longo do territorio galego, nunha actuación máis propia dun partido político de oposición que do goberno galego.

Segundo se deduce dunha resposta do vicepresidente da Comisión Europea, Valdis Dombrovskis, a un eurodeputado do PP, aínda que esta convocatoria estatal responde a obxectivos de programas europeos dirixidos a áreas urbanas e metropolitanas, existe a posibilidade de que os concellos máis pequenos tamén se beneficien destes fondos se a Xunta os inclúe en proxectos de mobilidade sostíbel de áreas metropolitanas próximas.

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 10:24:53
Nº Rexistro: 37259
Data envio: 19/07/2022 10:24:53.362

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No canto de priorizar este tipo de actuacións, os proxectos presentados polo goberno galego para o financiamento con fondos europeos extraordinarios insisten en liñas de actuación centradas na mobilidade motorizada e en modos pouco sustentábeis. Todo isto segundo se deduce da escasa información recibida no parlamento en relación con estes proxectos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Que medidas ten previsto desenvolver o goberno galego para que os concellos de menos de 50.000 e de 20.000 habitantes se poidan beneficiar dos fondos europeos que financian plans e actuacións de mobilidade sostíbel?

. Ten previsto o goberno galego promover plans de mobilidade sostíbel de áreas urbanas e metropolitanas nas que se inclúan actuacións en concellos máis pequenos de áreas próximas?

. Prevé a Xunta seguir coa estratexia de oposición ou vai centrar os esforzos en gobernar e en impulsar proxectos e programas de transformación, de modernización e de reactivación do país?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 10:24:53
Nº Rexistro: 37259
Data envio: 19/07/2022 10:24:53.362

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 10:24:18

Alexandra Fernández Gómez na data 19/07/2022 10:24:23

Paulo Ríos Santomé na data 19/07/2022 10:24:31

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 10:27:58
Nº Rexistro: 37260
Data envio: 19/07/2022 10:27:58.780

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a execución fondos do programa operativo FEDER 2014-2020.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza fixo público recentemente o informe do grao de execución dos fondos europeos FEDER 2014-2020, que poñen de manifesto un baixo nivel de execución orzamentaria, especialmente no que ten a ver cos investimentos en materia de medio ambiente, saneamento e depuración.

Cómpre ter en conta que na normativa comunitaria (Directiva Marco da Auga) establecíase unha previsión de alcanzar obxectivos de boa calidade das augas en 2015, posteriormente ampliado a 2021. Precisamente por non acadar os obxectivos, e pola mala calidade das augas, o Estado español foi advertido polas autoridades comunitarias e foi obxecto de expedientes sancionadores: no que se refire a Galiza abríronse expedientes pola mala calidade das augas na ría de Pontevedra, por deficiencias na depuración en Santiago, Ribeira e Vigo, e de novo por deficiencias nos concellos de Nigrán, Gondomar, Baiona, A Estrada, Burela, Foz…

Os datos do informe de execución dos fondos europeos poñen de manifesto un importante retraso na programación e execución nas actuacións previstas, retraso que se pode atribuír á falta de planificación e previsión, e non só como xustifica a Xunta á

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 10:27:58
Nº Rexistro: 37260
Data envio: 19/07/2022 10:27:58.780

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

complexidade dos proxectos e ás dificultades de tramitación e aprobación (estudos previos, elaboración dos proxectos, procedementos de avaliación ambiental e información pública, dispoñibilidade dos terreos, autorizacións, licitación, contratación, execución das obras…).

Segundo os datos que se coñecen, a porcentaxe de execución dos proxectos de saneamento e depuración para o período 2014-2020 é do 36% (62,8 millóns de 175), un dos máis baixos de todos os programas dos fondos FEDER 2014-2020.

Se ben estes programas europeos teñen un período de execución de + 3 anos, a baixa execución vai esixir un esforzo extraordinario por parte de Augas de Galicia. E a situación de retraso pode agravarse polo solapamento entre a tramitación destes proxectos e as novas actuacións previstas ao abeiro do mecanismo de recuperación e resiliencia.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Cales son as razóns da baixa execución e dos retrasos na tramitación dos proxectos do programa operativo FEDER 2014-2020, no referente a obras de saneamento e depuración?

. Que medidas ten previsto adoptar a Xunta para axilizar a tramitación dos proxectos do programa operativo FEDER 2014-2020 co obxectivo de garantir a execución de todos os fondos asignados a Galiza para este período, con especial atención aos proxectos de saneamento e depuración?

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 10:27:58
Nº Rexistro: 37260
Data envio: 19/07/2022 10:27:58.780

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten previsto o goberno galego informar ao parlamento sobre as previsións de novas actuacións ao abeiro dos fondos extraordinarios de recuperación e resiliencia e do novo marco orzamentario 2021-2027?

. Vai levar a cabo a Xunta unha auditoría externa sobre a execución dos proxectos do programa operativo FEDER 2014-2020, sobre o grao de execución e sobre os retrasos no desenvolvemento do programa?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Paulo Ríos Santomé
Alexandra Fernández Gómez
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 19/07/2022 10:27:27

Alexandra Fernández Gómez na data 19/07/2022 10:27:32

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 10:27:40

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 10:29:58
Nº Rexistro: 37261
Data envio: 19/07/2022 10:29:58.231

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza levou a cabo recentemente, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, obras de mellora da estrada PO-308 entre O Covelo e Raxó, no concello de Poio. As actuacións, que supuxeron un investimento de 4,3 millóns de euros, incluíron por unha parte a construción dunha senda de 3,7 kms. desde Samieira a Raxó e outras obras complementarias e, por outra, a mellora da seguridade viaria nun TCA mediante a construción de varias semiglorietas e dúas glorietas para facilitar os xiros, accesos e saídas nas intersección.

Se as obras supuxeron unha mellora da seguridade nesta estrada, o concello de Poio demandou, coincidindo co remate das obras, varias actuacións complementarias para corrixir deficiencias e eivas dos proxectos executados, nomeadamente relacionadas coa mellora da seguridade peonil.

Por parte da veciñanza tamén se trasladaron á Xunta diversas peticións, avaladas por 697 sinaturas de persoas afectadas pola deficiente execución das obras na recta do Laño. Unha das principais demandas do concello e da veciñanza consiste na construción dun paso peonil e na recuperación dunha zona de carga e descarga que había na zona, á altura do km 9,400, antes de realizar a reforma.

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 10:29:58
Nº Rexistro: 37261
Data envio: 19/07/2022 10:29:58.231

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En relación con esta demanda existe un informe da policía local de Poio que fai referencia a un establecemento comercial que xera moita mobilizade de persoas e vehículos, así como a unha intersección que comunica o Camiño do Salgueiral coa baixada á praia do Laño. A este respecto, faise constar que o paso de peóns máis próximo está situado da 600 m desta zona.

O informe da policía local de Poio avala "a viabilidade de colocar un paso de peóns limitando a velocidade da vía neste punto a 50 km/h e espazo suficiente para a instalacións dunha zona de carga e descarga no lateral dereito da vía en dirección Sanxenxo".

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

-Ten previsto a Xunta atender as demandas veciñais e do concello de Poio para a mellora da seguridade viaria na PO-308 á altura dos puntos quilométricos 9,000 a 9,500?

-Avaliou o goberno galego a viabilidade e custo da instalación dun paso de peóns e dunha zona de carga e descarga nesta zona?

-Considera a Xunta que logo das obras realizadas se garanten unhas boas condicións de seguridade viaria, sobre todo para o tránsito de persoas que teñen que cruzar a pé a estrada?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 10:29:58
Nº Rexistro: 37261
Data envio: 19/07/2022 10:29:58.231

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 10:29:34

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/07/2022 10:29:38

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 10:32:02
Nº Rexistro: 37262
Data envio: 19/07/2022 10:32:02.114

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral, Carme González Iglesias, Paulo Ríos Santomé e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As serras suroccidentais da Groba e do Galiñeiro, xunto co Monte Aloia, conforman un conxunto de espazos de extraordinario valor cultural, natural, xeolóxico, paisaxístico, biolóxico, arqueolóxico e hídrico.

Pola súa importancia ambiental e pola alta representación de hábitats de interese prioritario e de especies protexidas, a serra do Groba e o monte da Valga, xunto coa Costa de Oia, foron propostas en 2012 para a súa inclusión na Rede Natura. A Groba conta con representación de 11 hábitats considerados de interese comunitario e de interese prioritario na Directiva Hábitats e é refuxio de especies de interese comunitario entre as que se encontran algunhas ameazadas como a píntega rabilonga e o sapo de esporóns.

Na serra da Groba e no monte da Valga existen cando menos 12 humidais incluídos no Inventario de humidais de Galicia (2003), enclaves que teñen unha grande importancia para a biodiversidade, para o abastecemento de auga e para a loita contra o cambio climático.

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 10:32:02
Nº Rexistro: 37262
Data envio: 19/07/2022 10:32:02.114

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas serras son o ecosistema duns 1500 cabalos e égoas en liberdade, cuxa supervivencia depende da conservación das breixeiras húmidas atlánticas e doutros hábitats de interese.

Trátase dunha zona de grande riqueza patrimonial e dunha das áreas de maior densidade arqueolóxica de toda Galiza, con unha boa parte dos bens sen catalogar.

No ámbito paisaxístico cabe sinalar os seguintes valores:

-A serra do Galiñeiro foi catalogada como Área de Especial Interese Paisaxística (Catálogo das Paisaxes).

-A Serra da Groba e a Chan da Valga foron catalogadas como Áreas de Especial Interese Paisaxística

-Cabo Silleiro e o Alto do Castelo foron declarados Espazos de Interese Paisaxística no Plan de Ordenación do Litoral (POL).

Trátatse por último dunha área de grande importancia como zona de alimentación e de paso de aves migratorias, xa que está estratexicamente situada entre o esteiro do Miño (ZEC e ZEPA), as Gándaras de Budiño (ZEC), o esteiro do río Miñor (ZEC), as illas Estelas (ZEC) e as Illas Cies (ZEC e ZEPA)

A serra da Groba, o monte da Valga e a serra do Galiñeiro están ameazadas por numerosos proxectos eólicos (7 até o momento) que constitúen unha sorte de megapolígono industrial con graves afeccións nos hábitats, especies, recursos hídricos, fauna, flora, patrimonio material e inmaterial… Só desde unha concepción produtivista e depredadora do territorio se pode entender unha agresión ambiental desta magnitude, que causaría danos irreversíbeis no caso de levarse a cabo.

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 10:32:02
Nº Rexistro: 37262
Data envio: 19/07/2022 10:32:02.114

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En lugar de velar pola protección de hábitats e paisaxes de grande valor, a Xunta facilita a tramitación destes proxectos industriais, ao abeiro dunha lexislación deseñada e modificada varias veces para eliminar garantías de información e participación, como se pon de manifesto na tramitación do parque eólico Alvariño I.

Ademais, o goberno galego permite a fraude de lei da fragmentación dun único proxecto noutros máis pequenos, para evitar garantías ambientais e eludir unha avaliación ambiental máis esixente e integral, que contemple todos os impactos tanto na fase de construción e na de funcionamento. Esta fragmentación tamén impide avaliar de maneira sinérxica e integral os impactos conxuntos das infraestruturas de evacuación e das liñas de alta tensión necesarias para a conexión á rede.

Así e todo, o Instituto de Estudos do Territorio (IET) advirte dos impactos críticos que terán os parques eólicos, concretamente no caso do proxecto Alvariño I, en fase de autorización administrativa.

Diante da reactivación dos proxectos eólicos que afectan ao Galiñeiro, a Groba, o monte da Valga, a costa de Oia e o Aloia, un grande número de entidades agrupadas na plataforma SOS Groba presentaron cen mil sinaturas en contra destes parques. E tamén os plenos de oito concellos afectados do Val Miñor e do Baixo Miño, de todas as cores políticas, expresaron o seu rexeitamento a estes proxectos eólicos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Vai ter en conta o goberno galego as demandas dos concellos e da maioría social e en consecuencia desbotar a aprobación dos parques eólicos previstos nas serras da Groba, O Galiñeiro, Monte Aloia e Monte da Valga?

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 10:32:02
Nº Rexistro: 37262
Data envio: 19/07/2022 10:32:02.114

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Por que a Xunta permite a fragmentación dun megaproxecto eólico noutros máis pequenos?

. Ten previsto o goberno galego estudar e avaliar o impacto conxunto dos parques eólicos e das infraestruturas de evacuación no Val Miñor e no Baixo Miño?

. Ten previsto a Xunta protexer as serras suroccidentais de Galiza mediante a súa inclusión na Rede Natura ou por medio doutras figuras de protección?

. Considera o goberno galego necesario primar o aproveitamento e desenvolvemento das enerxías renovábeis con criterios de descentralización, proximidade, autoabastecemento e fomento das comunidades enerxéticas locais, como alternativa aos megaproxectos industriais que teñen unha forte afección e impacto no territorio?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Manuel Lourenzo Sobral

Carme González Iglesias

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 10:32:02
Nº Rexistro: 37262
Data envio: 19/07/2022 10:32:02.114

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/07/2022 10:31:04

María do Carme González Iglesias na data 19/07/2022 10:31:14

Paulo Ríos Santomé na data 19/07/2022 10:31:26

Alexandra Fernández Gómez na data 19/07/2022 10:31:32

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 10:31:39

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 10:33:14
Nº Rexistro: 37263
Data envio: 19/07/2022 10:33:14.073

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª,** sobre a recuperación dos terreos de ENCE e as alternativas no sector forestal galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O presidente da Autoridade Portuaria Porto de Marín e ría de Pontevedra anunciou a pasada semana a intención de solicitar o inicio do procedemento para adscribir os terreos de dominio público marítimo terrestre ocupados pola empresa ENCE e tamén os que ocupou ELNOSA en Lourizán como Zona de Actividade Loxística (ZAL) do porto de Marín.

Esta iniciativa non é nova. Xa no ano 2005 se fixo unha tentativa semellante que acabou sendo desbotada pola administración xeral do Estado debido a diversos informes xurídicos e urbanísticos desfavorábeis.

Agora vólvese facer unha nova tentativa que ten unha única finalidade: burlar unha decisión xudicial contraria á continuidade de ENCE en Lourizán. Non se trata pois de ampliar os terreos portuarios, que se podería facer facilmente noutra ubicación impulsando un Porto Seco, senón de buscar un suposto atallo para forzar a continuidade de ENCE nuns terreos que deben ser recuperados para o dominio público.

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 10:33:14
Nº Rexistro: 37263
Data envio: 19/07/2022 10:33:14.073

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En realidade tampouco se trata diso: a única intención desta "iniciativa" é crear falsas expectativas e intentar enganar a cidadanía con solucións condenadas ao fracaso. A única intención desta proposta é estirar artificialmente o debate da continuidade de ENCE na ría de Pontevedra, co obxectivo de utilizar esta controversia inventada como ariete contra o goberno municipal de Pontevedra e contra o goberno central.

Nesta postura de confrontación estéril, o goberno galego superou todos os límites ao manipular de maneira burda o informe do Consultivo sobre a posíbel ampliación do Porto de Marín integrando os terreos que actualmente ocupa ENCE, un informe que deixa claro que o futuro de ENCE depende dunha decisión xudicial, non dunha utilización torticeira da lexislación portuaria para iniciar un camiño que saben que está condenado ao fracaso.

En lugar desta estratexia de confrontación e de oposición, a Xunta debería actuar en modo "goberno" e liderar unha alternativa de futuro para a industria forestal galega nun marco que garanta a multifuncionalidade do monte, a aposta por madeiras de calidade, o incremento da cadea de valor e o peche de ciclos.

A Xunta ten que dar carpetazo o debate sobre a permanencia de ENCE en Lourizán e poñerse a traballar na procura de posíbeis emprazamentos para un complexo de transformación forestal que permita non só construír unha nova planta de produción de celulosa senón tamén completar o ciclo con unha planta de produción de papel, con un centro de investigación e innovación e con instalacións para xerar outros bioprodutos con expectativas dunha demanda crecente.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 10:33:14
Nº Rexistro: 37263
Data envio: 19/07/2022 10:33:14.073

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai a Xunta desbotar a estratexia de confrontación e a utilización das institucións con fins partidistas, como está a ocorrer co debate sobre os terreos que ocupa o complexo industrial de ENCE en Lourizán?

. Vai o goberno galego deixar de defender publicamente a falsa opción da integración de ENCE no Porto de Marín?

. Ten previsto a Xunta impulsar o diálogo coas demais institucións e co sector forestal galego para procurar emprazamentos e para impulsar proxectos alternativos e de futuro con iniciativa e participación pública, que xeren emprego de calidade, que pechen ciclos, que impulsen novos aproveitamentos dos produtos forestais e que garantan un desenvolvemento sustentábel e multifuncional do monte?

. Vai impulsar unha mesa de diálogo sobre o futuro dos terreos de dominio público marítimo terrestre que ocupa actualmente ENCE, co obxectivo de levar a cabo o previsto na disposición adicional terceira do Plan de Ordenación do Litoral?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Paulo Ríos Santomé
Deputados e deputada do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 10:33:14
Nº Rexistro: 37263
Data envio: 19/07/2022 10:33:14.073

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 10:32:46

Alexandra Fernández Gómez na data 19/07/2022 10:32:50

Paulo Ríos Santomé na data 19/07/2022 10:32:58

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 10:34:38
Nº Rexistro: 37264
Data envio: 19/07/2022 10:34:38.588

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a estratexia galega de infraestrutura verde.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 13 de xullo de 2021 publicouse no BOE a Estratexia Estatal de Infraestrutura Verde e da Conectividade e Restauración Ecolóxicas, un instrumento previsto na Estratexia da UE sobre Biodiversidade e na Lei estatal de patrimonio natural e diversidade (modificación de 2015). A Estratexia estatal prevé que no prazo máximo de tres anos a contar desde a súa aprobación, as comunidades autónomas aproben as correspondentes Estratexias de Infraestrutura Verde e da Conectividade e Restauración Ecolóxicas.

O pleno do parlamento galego do 13 de decembro de 2016 aprobou unha proposición non de lei do grupo popular, co engadido de emendas do grupo do BNG, na que se instaba á Xunta ao "desenvolvemento dunha Estratexia de infraestrutura verde que cree unha rede de espazos naturais e seminaturais deseñada e xestionada para protexer a biodiversidade, proporcionar servizos ecosistémicos e incrementar a resiliencia dos ecosistemas".

En cumprimento deste mandato, a consellaría de medio ambiente iniciou en 2017 un proceso de traballo para a elaboración da Estratexia. Con esta finalidade,

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 10:34:38
Nº Rexistro: 37264
Data envio: 19/07/2022 10:34:38.588

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

asinouse un convenio con diferentes entidades e institucións, entre elas as universidades da Coruña e Santiago, con un investimento de 320.000 euros. En outubro de 2017 a conselleira Beatriz Mato anunciou que a primeira Infraestrutura Verde de Galiza sería realidade a finais de 2018.

En paralelo asinouse un convenio coa Fundación Juana de Vega, a ADR Mariñas-Betanzos e o Instituto Tecnolóxico de Galicia para deseñar a Estratexia de Infraestrutura Verde da Área da Coruña (2017-2018), iniciativa que contou con un orzamento de 180.000 euros.

Como é habitual na estratexia de propaganda da Xunta, daquela anunciouse a Infraestrutura Verde da área da Coruña como "un proxecto pioneiro en Galicia que pode asentar as bases metodolóxicas para outras zonas da comunidade".

Segundo se desprende da consulta da web da Xunta e das webs das entidades participantes, nos anos 2017 e 2018 desenvolvéronse diversas xornadas de traballo mais nunca chegou a presentarse publicamente ningún documento acorde cos obxectivos e orzamentos aprobados.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Cales foron os resultados dos procesos iniciados en 2017 para a elaboración da Estratexia de infraestrutura Verde de Galiza e da Estratexia de infraestrutura verde da área da Coruña?

. Cal foi o custo económico do proceso de estudo e elaboración desas propostas e que empresas e entidades os levaron a cabo?

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 10:34:38
Nº Rexistro: 37264
Data envio: 19/07/2022 10:34:38.588

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Por que non se concluíron os traballos iniciados?

. Comparte o goberno galego que a non aprobación e aplicación desas propostas, ou a non atención ás súas recomendacións e liñas de actuación, poden ter graves consecuencias para a perda de biodiversidade e da conectividade ecolóxica?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Mercedes Queixas Zas
Paulo Ríos Santomé
Alexandra Fernández Gómez
Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 19/07/2022 10:34:02

Alexandra Fernández Gómez na data 19/07/2022 10:34:06

Mercedes Queixas Zas na data 19/07/2022 10:34:14

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 10:34:22

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:04:12
Nº Rexistro: 37265
Data envio: 19/07/2022 11:04:12.090

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o grao de cumprimento da Lei de Garantía do Abastecemento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 10 de xaneiro de 2020 publicouse no DOG a Lei 9/2019 de Medidas de Garantía do Abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario, unha norma que nas disposicións adicionais prevé diversas obrigas para administracións públicas, persoas titulares de redes de abastecemento, empresas privadas, e usos non domésticos da auga.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Cal é o grao de cumprimento das obrigas establecidas na lei de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario en relación coas seguintes cuestións?

-Auditorías e plans de actuacións sobre as perdas de auga nas redes de abastecemento realizados polas administracións públicas responsábeis dos sistemas de abastecemento á poboación.

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:04:12
Nº Rexistro: 37265
Data envio: 19/07/2022 11:04:12.090

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cumprimento da obriga de instalación de contadores homologados de medición do consumo de auga por parte das persoas titulares de redes de abastecemento.

-Medidas adoptadas por persoas titulares de redes de abastecemento ara garantir que as perdas de auga nas redes de abastecemento se sitúen como máximo no vinte por cento da auga captada.

-Auditoría e plans de actuacións sobre as perdas nas redes de abastecemento realizados por parte de empresas privadas.

-Adaptación a esta lei do Plan de seca da demarcación hidrográfica Galicia Costa.

-Gravame nos usos non domésticos da auga.

.Como avalía a Xunta a situación das traídas de augas veciñais e as actuacións que deberían realizar para o cumprimento desta norma?

.Ten previsto o goberno galego aplicar medidas sancionadoras, no caso de incumprimento das actuacións e prazos previstos na lei?

.Ten previsto a Xunta pechar a negociación do Pacto Local da Auga?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:04:12
Nº Rexistro: 37265
Data envio: 19/07/2022 11:04:12.090

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 11:03:35

Paulo Ríos Santomé na data 19/07/2022 11:03:38

Alexandra Fernández Gómez na data 19/07/2022 11:03:47

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:05:50
Nº Rexistro: 37266
Data envio: 19/07/2022 11:05:50.135

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández e **Iria Carreira Pazos**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o sistema de xestión de residuos de Lousame.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de outubro, a directora xeral de Calidade ambiental, Sostibilidade e Cambio climático da Xunta de Galiza enviou unha carta á mancomunidade Serra do Barbanza advertindo do incumprimento da normativa de residuos.

Neste escrito faise referencia á memoria da actividade do complexo medioambiental de Lousame correspondente a 2020 e dise textualmente:

"o modelo de xestión de residuos da Mancomunidade está moi lonxe de acadar estes obxectivos, xa que a porcentaxe de depósito en vertedoiro é dun 66,1% e a porcentaxe de reciclado é moi baixa e alonxada do obxectivo comunitario (31,4% fronte ao 54%)".

Non se ten en conta nesta referencia a situación extraordinaria que se viviu no ano 2020 como consecuencia da COVID 19, que limitou durante semanas o funcionamento das instalacións da planta de Lousame. E ocúltase que os datos de reciclaxe do sistema do Barbanza son significativamente mellores que os de SOGAMA.

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:05:50
Nº Rexistro: 37266
Data envio: 19/07/2022 11:05:50.135

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noutra parte do escrito faise referencia ao proxecto de lei básica de residuos (en trámite parlamentario), e á previsión recollida neste de implantación dun imposto ao depósito en vertedoiro.

Ademais, mencionáse e adxúntase a "Nota interpretativa sobre si el modelo de recogida húmedo-seco cumple con las obligaciones de recogida separada a los efectos de la normativa comunitaria y nacional sobre residuos" da Subdirección General de Economía circular do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, un documento que nas súas conclusións recoñece que non ten carácter vinculante.

Con este escrito enviado á mancomunidade, a Xunta vén de facer un "díxolle o pote ao caldeiro" de libro. No BNG non temos coñecemento de que a directora xeral de Calidade Ambiental enviase un escrito semellante aos concellos adheridos ao sistema SOGAMA, que incumpre dunha maneira moito máis evidente e alarmante as obrigas da normativa estatal e comunitaria e que se verá afectado dun xeito moito máis importante pola entrada en vigor de impostos aos tratamentos finalistas que son a razón de ser de SOGAMA: a incineración e o depósito en vertedoiro. Modalidades que segundo a última memoria coñecida desta sociedade participada pola Xunta e Naturgy é o destino de máis do 85% dos residuos que se reciben en Cerceda.

Tampouco temos constancia de que a directora xeral se dirixe no mesmo ton ao presidente de SOGAMA para advertilo da necesidade de "realizar as accións necesarias para estar en condicións de cumprir o estipulado na normativa comunitaria, estatal e autonómica".

Todo parece indicar que estamos ante un novo episodio de parcialidade, de deslealdade e de chantaxe por parte da Xunta ás entidades locais que apostan por sistemas alternativos a SOGAMA. Un novo capítulo da operación de acoso e derrubo

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:05:50
Nº Rexistro: 37266
Data envio: 19/07/2022 11:05:50.135

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

por parte do goberno galego contra o sistema de xestión de residuos da mancomunidade serra do Barbanza, unha estratexia encamiñada a boicotear os intentos de darlle continuidade a este proxecto que no seu día foi pioneiro e que coa necesaria reorientación do seu funcionamento é unha alternativa perfectamente válida e podería mesmo recibir os residuos de máis concellos da súa área de influencia. Con esta actuación irresponsábel, a Xunta pretende pechar un dos principais centros de emprego da comarca, que dá traballo a máis de 150 persoas, na maior parte mulleres.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Por que razón a Xunta advirte á mancomunidade Serra do Barbanza do incumprimento da normativa de residuos e non fai o mesmo cos concellos adheridos a SOGAMA?

. Vai o goberno galego dirixirse a SOGAMA para advertila do incumprimento da normativa europea de residuos e instala a tomar as medidas necesarias para acadar o obxectivos fixados na normativa europea e estatal?

. Por que a Xunta pon en risco a continuidade dun proxecto que dá traballo a máis de 150 persoas, na maior parte mulleres?

. Ten previsto a Xunta cesar a campaña de acoso e derrubo e cooperar coa mancomunidade serra do Barbanza para garantir a continuidade e mellora do sistema de xestión de residuos do complexo de Lousame?

. Vai o goberno galego dirixirse a SOGAMA para instala a cumprir a normativa europea de residuos?

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:05:50
Nº Rexistro: 37266
Data envio: 19/07/2022 11:05:50.135

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Rosana Pérez Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 19/07/2022 11:05:08

Rosana Pérez Fernández na data 19/07/2022 11:05:19

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 11:05:29

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:07:20
Nº Rexistro: 37267
Data envio: 19/07/2022 11:07:20.946

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 28 de decembro de 2021 a Consellaría de Medio Ambiente publicou no DOG a Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para aliar os danos producidos polo lobo e a convocatoria para 2022.

Sorprendentemente, no texto da orde dise que "a Consellaría de Medio Ambiente ten atribuída a ordenación e aproveitamento dos recursos cinexéticos" para xustificar a publicación das citadas bases, cuestión que supón unha grave ignorancia dos cambios normativos que se produciron no pasado ano en relación coa protección do lobo e a súa inclusión na Listaxe de Especies Silvestres en Rexime de Protección Especial (Orden TED/980/2021, de 20 de septiembre, por la que se modifica el Anexo del Real Decreto 139/2011, de 4 de febrero, para el desarrollo del Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial y del Catálogo Español de Especies Amenazadas).

En relación coa contía de axudas, na citada orde prevese unha dotación de 646.224 €, a mesma cantidade que o ano anterior, o cal non se corresponde nin cos anuncios da consellaría nin coas demandas do sector gandeiro, nin coas peticións das organizacións conservacionistas, que veñen demandando un incremento substancial das medidas preventivas e das axudas para compensación polos ataques do lobo.

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:07:20
Nº Rexistro: 37267
Data envio: 19/07/2022 11:07:20.946

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta está inmersa nunha campaña contra o lobo e contra o goberno central. Unha campaña de fortes tintes populistas e manipuladores, xa que utiliza como argumentos a situación creada polo marco normativo anterior, toda vez que ainda non houbo tempo para comprobar os efectos do novo. En realidade, o goberno galego séntese cómodo nun escenario de confrontación e de parálise, que é o marco propicio para encirrar os ánimos, magnificar situacións que se veñen dando desde fai décadas, e prender a mecha da lobofobia.

Ademais, a Xunta intenta poñer paus nas rodas recorrendo nos tribunais a nova regulamentación e atrasando a aprobación da Estratexia estatal de conservación e xestión do lobo, na que se prevé un importante incremento dos recursos económicos para a xestión da especie, incluíndo as axudas para medidas de prevención e indemnización por danos.

En lugar de seguir unha estratexia de confrontación e de "canto peor mellor", a consellaría de Medio Ambiente debe velar polo cumprimento da normativa vixente.

O artigo 9 do RD 139/2011 polo que se desenvolve o Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas establece e o seguinte no seu apartado 1:

Las especies incluidas en el Listado serán objeto de un seguimiento específico por parte de las comunidades autónomas en sus ámbitos territoriales con el fin de realizar una evaluación periódica de su estado de conservación. Este seguimiento se realizará de forma coordinada para aquellas especies que comparten los mismos problemas de conservación, determinadas afinidades ambientales, hábitat o ámbitos geográficos.

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:07:20
Nº Rexistro: 37267
Data envio: 19/07/2022 11:07:20.946

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Consellaría de Medio Ambiente adxudicou o contrato para a actualización do estudo poboacional do lobo ibérico por un importe de 63.600 euros, un contrato que ten un prazo de execución de 10 meses e que debería concluír proximamente.

Por outra parte, a Xunta debe iniciar os traballos para a elaboración e aprobación dun novo Plan de xestión do lobo, aliñado coa Estratexia estatal que está pendente de aprobación. Este novo Plan debe facerse logo dun amplo proceso de participación, no que se conte con todos os sectores relacionados coa protección e xestión da especie.

Con carácter previo debería levarse a cabo un estudo de avaliación do grao desenvolvemento e cumprimento do Plan de 2008, coa finalidade de analizar os resultados das medidas levadas a cabo e tamén aquelas liñas de actuación que non se chegaron a desenvolver.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Considera a Xunta que a xestión de axudas aos danos producidas polo lobo teñen que ver coa súa condición de especie cinexética, tal como se deduce da orde do pasado 28 de decembro de 2021?

.Vai o goberno galego iniciar os trámites para a elaboración dun novo Plan de xestión do lobo, aliñado co previsto na normativa e na estratexia estatal?

. Ten previsto a Xunta desenvolver como primeira medida un estudo sobre o grao de cumprimento e os resultados do Plan durante os 12 anos de vixencia?

. Cando prevé a Xunta contar co novo censo do lobo, cuxos datos son especialmente relevantes para optar aos novos fondos previstos na Estratexia estatal?

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:07:20
Nº Rexistro: 37267
Data envio: 19/07/2022 11:07:20.946

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten previsto a Xunta incrementar as axudas para compensación de danos producidos polo lobo e mellorar a súa tramitación?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Xosé Luis Rivas Cruz
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 11:06:57

Xosé Luis Rivas Cruz na data 19/07/2022 11:07:00

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:09:52
Nº Rexistro: 37268
Data envio: 19/07/2022 11:09:52.052

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e **Luis Bará Torres**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, en demanda dun Estudo de Impacto ambiental conxunto dos seis parques eólicos que se prevén construír no Monte do Gato que garanta a conservación e posta en valor da Necrópole Megalítica do Monte do Gato.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Monte do Gato, nos concellos de Oza-Cesuras, Aranga e Coirós, está prevista a construción de 6 parques eólicos - P.E. Felga, P. E. Gato, P. E. Penas Boas, P. E. Feás, P. E. Seselle e P. E. Fontella – cun total de 40 aeroxeneradores. O Monte do Gato está incluído dentro das áreas de desenvolvemento eólico do Pico Felga e do Monte do Gato recollidas no Plan sectorial eólico de Galiza.

Catro destes proxectos de Parque Eólico pasaron recentemente a exposición pública dos seus estudos de impacto ambiental (EIA), concretamente o P. E. Felga que promove Greenalia, e os Parques Seselle, Feás e Fontella que promove Galenergy. Desde o BNG presentamos alegacións a estes proxectos nos que botamos en falta un estudo de conxunto do impacto destes 40 aeroxeneradores nunha área de menos de 5 quilómetros. Os impactos ambientais estúdanse por separado, e nos casos dos tres parques de Galenergy nin sequera se recollen os outros 3 parques de Greenalia que se prevé construír na zona.

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:09:52
Nº Rexistro: 37268
Data envio: 19/07/2022 11:09:52.052

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A fragmentación dun Parque Eólico é unha práctica fraudulenta cando se presenta un Estudo de Impacto Ambiental individual de cada un dos proxectos fragmentados, evitando unha avaliación global de todo o proxecto e das garantías esixibles, como recolle a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso, Sede A Coruña, Sección 3, data 09/11/2020, Nº de Recurso 7134/2019, Nº de Resolución: 254/2020.

Ademais no Monte do Gato atópase unha gran necrópole megalítica formada por 17 mámoas catalogadas e dous petróglifos. Se ben, esta necrópole, que foi sinalizada no seu día, se atopa nunha situación de evidente abandono por parte das administracións que teñen a competencia sobre patrimonio e que teñen a obriga legal da súa conservación e posta en valor, nomeadamente da propia Xunta de Galiza, que ten a competencia exclusiva sobre o Patrimonio en Galiza, trátase dun importante ben patrimonial que é necesario conservar e poñer en valor.

Segundo puidemos ver nos medios de comunicación nas pasadas semanas na zona onde se prevé a instalación dun dos aeroxeneradores do Parque Felga, existen dúas mámoas non catalogadas e sempre segundo información dos medios, despois da denuncia dunha veciña da zona, isto vai obrigar a repetir o estudo arqueolóxico para este parque en concreto.

Ademais, 9 dos aeroxeneradores do Parque Eólico Fontella atópanse dentro da zona núcleo da Reserva da Biosfera das Mariñas e Terras do Mandeo e afecta ademais, segundo o propio Estudo de Impacto Ambiental, a un hábitat de interese comunitario.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:09:52
Nº Rexistro: 37268
Data envio: 19/07/2022 11:09:52.052

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten a Xunta de Galiza coñecemento da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que impide a división en diferentes proxectos dun mesmo Parque Eólico para evitar as garantías ambientais?

- Pensa obrigar a realización dun estudo conxunto do impacto deses 40 aeroxeneradores e polo tanto un novo estudo do impacto ambiental dos mesmos?

- Ten a Xunta coñecemento da situación en que se atopa a Necrópole Megalítica do Monte do Gato, con 17 mámoas catalogadas e petróglifos que se verán afectados directamente por estes Parques?

- Que medidas pensa tomar para garantir a correcta catalogación dos bens patrimoniais da zona, despois de demostrarse que hai elementos aínda sen recoller nos catálogos de bens patrimoniais? Que medidas pensa tomar para garantir a súa conservación e posta en valor?

- É coñecedora a Xunta de Galiza de que 9 dos aeroxeneradores do Parque Eólico Fontella se atopan dentro da zona núcleo da Reserva da Biosfera das Mariñas e Terras do Mandeo?

- Que medidas vai adoptar para priorizar a boa saúde ambiental desta zona considerada hábitat de interese comunitario

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Luis Bará Torres

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:09:52
Nº Rexistro: 37268
Data envio: 19/07/2022 11:09:52.052

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 19/07/2022 11:09:15

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 11:09:25

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:11:23
Nº Rexistro: 37269
Data envio: 19/07/2022 11:11:23.957

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Luis Bará Torres e **Paulo Ríos Santomé**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as irregularidades no funcionamento das novas liñas de transporte metropolitano na comarca da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A posta en funcionamento das concesións de novas liñas de transporte de pasaxeiros en autobús puxo en evidencia as carencias do novo mapa de liñas, no que se ben se incluíron algunhas das demandas veciñais da contorna afectada, moitas outras, principalmente as da zona rural, amosaron o desapego do Partido Popular pola necesaria dinamización dos servizos públicos no medio rural.

A maiores diso, nos primeiros quince días puxéronse de manifesto varias cuestións que amosan tamén a carencia de sensibilidade polos usuarios e a falta de planificación das empresas concesionarias, antes de iniciar os servizos o día 23 de decembro, así como a falla de control da Xunta tal como lles correspondería:

1. Os novos itinerarios están producindo confusión e/ou está habendo incumprimentos de horarios e paradas por parte da empresa concesionaria que multiplican esa confusión entre os usuarios.

2. Chegaron queixas ao BNG de varias localidades, entre outras da comarca da Coruña, a respecto do cobro nos trasbordos que se publicitaron como

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:11:23
Nº Rexistro: 37269
Data envio: 19/07/2022 11:11:23.957

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

gratuítos. Non é ata o 4 de xaneiro cando a empresa resposta admitíndoo, a través das redes sociais, e propón que se garden os recibos para reclamalos na estación de autobuses, algo ben pouco probábel con carácter retroactivo.

3. Non hai unha aplicación informática que permita coñecer o tempo que falta para chegar o bus á nosa parada ou que nos permita planificar o noso itinerario e tempo antes de saír. Algo que xa existe hai tempo noutras localidades galegas como A Coruña. Mesmo o bus metropolitano até esta renovación das liñas dispoñía dunha ferramenta, que se ben precaria por non ofrecer datos en tempo real, resultaba útil. Esta app foi solicitada nas alegacións que fixeron veciños e veciñas da comarca así como o propio BNG, até o de agora sen resposta positiva.

4. Nos mapas de rutas que parecen ser extraídos dos itinerarios que publica a Xunta na web https://www.bus.gal/gl/servizos/concellos de servizo metropolitano de Galicia, os topónimos son frecuentemente deturpados, incumprindo o nomenclátor oficial. Poñemos por exemplo Home por Ombre, Orro pueblo por Orro Vello, Orro ponte por Orro Novo, Caíñas por As Caíñas, O Xalo por Xalo, Celas de Peiro por Celas...

5. O reinicio do sistema de liñas e empresas concesionarias debería acompañarse de instrucións claras ás empresas para dar cumprimento ás obrigas do título VI, DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA E A FUNCIÓN NORMALIZADORA, da Lei de Normalización Lingüística, na súa comunicación coas usuarias do transporte.

Por tanto, a Xunta de Galiza debe asumir a dirección técnica e seguimento do proceso de normalización, asesorar a administración e particulares e coordinar os

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:11:23
Nº Rexistro: 37269
Data envio: 19/07/2022 11:11:23.957

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

servizos encamiñados a conseguir os obxectivos, para que as concesionarias teñan en conta a LNL.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

É coñecedora a Xunta de Galiza das múltiples deficiencias recollidas pola veciñanza da área metropolitana da Coruña en relación á posta en andamento do novo mapa de liñas de transporte de pasaxeiros en autobús?

Que mecanismos de corrección ten posto en marcha?

Como vai garantir a Xunta o correcto funcionamento como servizo público das empresas de transporte concesionadas?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Paulo Ríos Santómé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:11:23
Nº Rexistro: 37269
Data envio: 19/07/2022 11:11:23.957

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 11:10:53

Paulo Ríos Santomé na data 19/07/2022 11:10:57

Mercedes Queixas Zas na data 19/07/2022 11:11:07

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:20:51
Nº Rexistro: 37270
Data envio: 19/07/2022 11:20:51.508

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

Cristina Sanz Arias, Marta Nóvoa Iglesias, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez, Sandra Vázquez Domínguez e Borja Verea Fraiz, deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

O comercio polo miúdo é un sector estratéxico para a economía galega na medida en que participan máis de 26.261 empresas, na súa maioría autónomos e microempresas, que representan o 6,14% do total nacional, segundo os últimos datos publicados do Directorio Central de Empresas, xerando emprego para máis de 107.000 persoas na Comunidade Autónoma.

Trátase dun tecido comprometido coa dinamización das nosas vilas e cidades e coa dixitalización, innovación, sustentabilidade e mellora dos seus servizos para adaptarse aos novos hábitos de compra e consumo da clientela, especialmente tras a pandemia da covid-19. Un importante esforzo colectivo que contan coa colaboración da Xunta de Galicia, que lles acompaña a través de axudas e subvencións directas, financiamento, formación e programas para impulsar a recuperación das vendas.

De feito, grazas ao Bono Activa Comercio o pasado ano mobilizáronse 25 millóns de euros en vendas nos establecementos de proximidade galegos, cun total de 237.398 descargas, e impulsouse a creación e lanzamento de plataformas de marketplace para incentivar a comercialización de produtores e comercios locais, con atención especial ao medio rural. Ademais, convocáronse as liñas de axudas habituais en apoio á modernización e dixitalización do pequeno comercio para ofrecer unha experiencia de compra única e adaptada aos novos hábitos de consumo, a dinamización dos centros comerciais abertos e prazas de abastos, a revitalización do comercio de proximidade e para o fomento da Artesanía de Galicia.

Os Orzamentos da Xunta para 2022 inclúen recursos para seguir apoiando a competitividade do comercio de proximidade galego ao longo deste ano, destacando o incremento en máis dun 20% dos apoios en favor da súa transformación dixital e modernización e a promoción de novos modelos que aposten polo emprego mozo e a economía circular. Unha actuación que se desenvolve en diálogo continuo con federacións e asociacións de comercio co obxectivo de atender as súas peticións.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:20:51
Nº Rexistro: 37270
Data envio: 19/07/2022 11:20:51.508

grupo parlamentario popular de galicia

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cales son as medidas e programas que a Xunta de Galicia está a desenvolver neste 2022 en apoio ao comercio de proximidade?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Cristina Sanz Arias na data 19/07/2022 11:09:40

Marta Nóvoa Iglesias na data 19/07/2022 11:09:55

José Antonio Armada Pérez na data 19/07/2022 11:10:22

Pardo López, Adrián na data 19/07/2022 11:10:58

Rodríguez Pérez, Moisés na data 19/07/2022 11:11:16

Sandra Vázquez Domínguez na data 19/07/2022 11:11:32

Borja Verea Fraiz na data 19/07/2022 11:11:47

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:21:21
Nº Rexistro: 37272
Data envio: 19/07/2022 11:21:21.617

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a mellora da estrada autonómica PO-543 entre Pontevedra e Marín .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada PO 546, coñecida como "estrada vella de Marín" é a vía de comunicación tradicional entre Pontevedra e Marín, con unha lonxitude de aproximadamente 6 km e medio. Discorre en paralelo coa vía do tren ao Porto e a autovía de Marín ou PO 11. Parte do barrio de Mollavao e chega ata o núcleo urbano de Marín pasando polos núcleos de Ponte Muíños, A Igrexa, o Roxo, Os Praceres e Estribela, na parroquia de Lourizán.

Con respecto ao treito de Mollavao, plenamente urbano, no que existe un centro escolar e un centro de saúde, o concello de Pontevedra manifestou o seu interese en asumir o traspaso do vial e impulsar as obras de urbanización para integralo na trama urbana da cidade. Esta actuación está actualmente pendente en tramitación, e prevese a súa execución por medio dun convenio entre o concello e a Deputación de Pontevedra.

Polo que se refire ao resto do trazado entre Mollavao e Marín, o seu estado é moi deficiente ao paso polo concello de Pontevedra:

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:21:21
Nº Rexistro: 37272
Data envio: 19/07/2022 11:21:21.617

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- trátase dunha vía con moitas deficiencias en materia de seguridade, sobre todo para o tránsito peonil e ciclista.

- carece de beirarrúas e beiravías transitábeis.

- presenta graves deficiencias en materia de accesibilidade.

- ten carencias en materia de sinalización e alumeado.

- as marxes presentan un estado de absoluto abandono...

En tanto que o treito pontevedrés leva practicamente 40 anos sen que se lle puxese a man enriba, mais alá duns metros de beirarrúas que incumpren a normativa de accesibilidade, na zona de Marín estase a realizar a urbanización do treito da PO 546 que corresponde coa Avenida Concepción Arenal mediante un convenio entre a Xunta de Galiza e o concello, con un investimento de 1,6 millóns, dos que a administración autonómica pon o 80%.

Cómpre ter en conta que se trata dun vial que ten unha elevada intensidade de tráfico, unha parte del de camións que acceden por esta estrada á fábrica de ENCE, e que atravesa varios núcleos de poboación, polo que desde o BNG entendemos que se debería acometer unha reforma integral para mellorar a seguridade viaria e a accesibilidade, creando unha senda peonil de entre 1,5 e 2,5 metros de ancho na marxe dereita en dirección Marín. Para levar a cabo esta reforma pódense aproveitar as beiravías actuais nalgúns treitos e noutros o paseo pode ir voado dados os desniveis que hai que salvar. Nalgunhas zonas habería que estudar tamén a posibilidade de realizar expropiacións.

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:21:21
Nº Rexistro: 37272
Data envio: 19/07/2022 11:21:21.617

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta reforma integral debería incluír a mellora das intersecciónss con outras vías, a construción de pasos de peóns seguros, e procurar solucións diferenciadas para os seguintes ámbitos:

- a zona de Mollavao comprendida entre o viaduto do tren e a urbanización de Ponte Muíños, na marxe esquerda, na que existe espazo para a dotación de beirarrúas ou dunha senda peonil.

- o treito do núcleo da Igrexa, no que existe moi pouco espazo dispoñíbel entre a calzada e as vivendas.

- o núcleo dos Praceres, no que cómpre reordenar o estacionamento e dotar de beirarrúas.

- o lugar do Rozo cos accesos á estación do Areeiro e á Carballeira.

- o paso pola núcleo urbano de Estribela, no que é necesaria a urbanización completa dando continuidade á xa realizada na parte de Marín.

Tamén merece un tratamento específico a marxe dereita entre Mollavao e Ponte Muíños, onde existen terreos sobrantes entre a estrada PO 546 e a vía do tren que se deberían acondicionar para crear un miradoiro sobre a ría.

Na reforma da estrada tamén se deben estudar solucións para favorecer a mobilidade ciclista, toda vez que se trata da única opción para circular en bicicleta entre Pontevedra e Marín desde que se prohibiu o tránsito pola autovía.

Por último, a realización desta reforma integral podería aproveitarse para renovar e modernizar as redes de abastecemento de auga e de saneamento, no caso de que sexa necesario.

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:21:21
Nº Rexistro: 37272
Data envio: 19/07/2022 11:21:21.617

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

Ten previsto o goberno galego acometer a reforma integral da estrada PO 546 entre Mollavao e Estribela?

Considera a Xunta que esta estrada cumpre os requisitos mínimos en materia de accesibilidade, seguridade viaria, e mobilidade peonil e ciclista?

Que investimentos realizou o goberno galego nesta estrada nos últimos 10 anos?

Ten previsto a Xunta urbanizar o treito da PO 546 ao paso polo núcleo urbano de Estribela nas mesmas condicións coas que se fixo a reforma da Avenida de Concepción Arenal en Marín?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Paulo Ríos Santómé
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:21:21
Nº Rexistro: 37272
Data envio: 19/07/2022 11:21:21.617

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 11:20:45

Alexandra Fernández Gómez na data 19/07/2022 11:20:54

Paulo Ríos Santomé na data 19/07/2022 11:21:02

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:21:34
Nº Rexistro: 37273
Data envio: 19/07/2022 11:21:34.742

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez, Sandra Vázquez Domínguez e Borja Verea Fraiz, deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

Dende hai tempo, a Xunta de Galicia vén traballando na creación dun marco legal estable para as empresas, que reduza duplicidades administrativas e permita agromar novos proxectos emprendedores así como incentivar que cheguen máis e mellores inversións á nosa Comunidade, contribuíndo deste xeito á creación de riqueza e á consolidación de emprego de calidade.

Neste sentido, cómpre destacar a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, un importante instrumento xurídico que constitúe un chamamento á cooperación institucional para que ningunha empresa que se decida a investir na comunidade atope a porta de ningunha administración pechada nin un labirinto de trámites e obstáculos que sortear, pero mantendo todas as garantías do marco legal vixente.

Porén, no ano 2020 xurde unha pandemia mundial derivada da Covid-19 que afectou tamén a Galicia, supoñendo unha grave crise sanitaria que, lamentablemente, ocasionou unha irreparable perda de vidas humanas As medidas adoptadas desde as administracións públicas para protexer a poboación fronte ao virus traduciuse en peches e restricións que ocasionaron a desaceleración da actividade económica, rompendo coa senda de crecemento do PIB galego a unha taxa anual do 2,9% desde 2015 o que permitiu a creación de 97.200 empregos na Comunidade.

Consciente disto, o Grupo Parlamentario Popular promoveu unha proposición de lei para a simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, que finalmente foi aprobada polo Parlamento galego dando lugar á Lei 9/2021.

É no marco desta recente norma onde se impulsa a novidosa figura das iniciativas empresariais prioritarias. Malia xa estar introducidas no 2018 pola lei de medidas fiscais e administrativas, esta nova regulación pretende actualizar estas iniciativas a nova situación post-Covid, coa finalidade de tramitar de maneira urxente aqueles proxectos de interese público para Galicia, na medida que complementen cadeas de valor ou pertenzan a sectores considerados estratéxicos ou que se integren no financiamento instrumento temporal de recuperación europea Next Generation EU.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo parlamentario popular de galicia

Non cabe dúbida que esta nova figura é un pulo importantísimo para a xeración de riqueza e emprego de calidade. Así mesmo, cómpre recordar que estas iniciativas contan coa colaboración doutra figura clave recentemente creada pola Xunta: os Concellos Emprendedores de Galicia.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.- Que vantaxes trae aparellado a declaración de iniciativa empresarial prioritaria?

2.- Cantas iniciativas empresariais prioritarias se declararon ata o de agora en favor do impulso industrial de Galicia?

3.- Que beneficios supón a figura dos Concellos Emprendedores de Galicia?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Marta Nóvoa Iglesias na data 19/07/2022 11:12:11

Cristina Sanz Arias na data 19/07/2022 11:12:25

José Antonio Armada Pérez na data 19/07/2022 11:12:37

Pardo López, Adrián na data 19/07/2022 11:12:57

Rodríguez Pérez, Moisés na data 19/07/2022 11:13:24

Sandra Vázquez Domínguez na data 19/07/2022 11:13:38

Borja Verea Fraiz na data 19/07/2022 11:13:49

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:22:48
Nº Rexistro: 37275
Data envio: 19/07/2022 11:22:48.522

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a redución da superficie de plantacións de eucalipto en determinados espazos e tipos de solo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As políticas forestais e de montes da Xunta de Galiza levaron nas últimas décadas a unha expansión descontrolada do eucalipto. Ademais das plantacións vinculadas principalmente á fabricación de pasta de papel, nos últimos anos proliferaron as plantacións relacionadas con potenciais aproveitamentos para centrais eléctricas de biomasa e outros usos industriais.

A expansión descontrolada dos cultivos de eucalipto xa supera amplamente as previsións do Plan Forestal de Galiza e esténdese por amplas zonas do país que ate fai pouco estaban libres desta especie polo fomento das plantacións do eucalipto nitens, que se adapta a zonas máis frías e máis altas. Ao mesmo tempo, a eucaliptización está provocando a forestación de terras agrarias e está alterando os ecosistemas de espazos naturais protexidos, de bosques de ribeira e de concas fluviais.

Mentres que o Plan Director da Rede Natura e o Catálogo e as Directrices da Paisaxe establecen restricións ás plantacións de eucaliptos nos espazos naturais protexidos e nas Áreas de Especial Interese Paisaxístico, a realidade é que as plantacións desta especie ocupan xa máis de 5.000 hectáreas en espazos protexidos,

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:22:48
Nº Rexistro: 37275
Data envio: 19/07/2022 11:22:48.522

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

segundo un estudo das Universidades de Oviedo e León. Nas Fragas do Eume, os eucaliptais ocupan o 13% das 9.000 hectáreas do parque natural. Na provincia da Coruña, o eucalipto ocupa o 44% do total de superficie de bosques.

Segundo o estudo realizado pola Escola Politécnica de Mieres e pola Facultade de Enxeñaría Agrícola e Forestal de León, o cambio climático vai facer aumentar a superficie apta para estes cultivos, sobre todo na provincia de Ourense. Segundo estas previsións, no ano 2050 habería un 40% máis de superficie apta para a plantación de eucaliptos, ata chegar aos 1,2 millóns de hectáreas. Unha das consecuencias deste proceso será a presión sobre zonas propicias para o bosque máis naturais e de maior biodiversidade.

Máis alá do debate de fondo sobre as plantacións de eucalipto, os seus aproveitamentos, o modelo económico ao que serven, e as súas consecuencias nos solos, nos incendios, nas reservas de auga e na biodiversidade, parece evidente a necesidade de ordenar, regular e restrinxir as plantacións e a expansión do eucalipto en determinadas zonas especialmente sensíbeis e en terras que poidan ter potencialidades para usos agrarios, pastos, bosques de frondosas e usos multifuncionais do monte.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

- Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre o estudo publicado polas Universidades de Oviedo e León sobre a expansión do eucalipto en espazos naturais protexidos?

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:22:48
Nº Rexistro: 37275
Data envio: 19/07/2022 11:22:48.522

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que previsións ten o Goberno galego para reducir a presenza do eucalipto en espazos naturais protexidos e en Áreas de Especial Interese Paisaxístico?

- Que plans ten a Xunta para a recuperación de terras agrarias forestadas ilegalmente?

- Que previsións ten o Goberno galego para reducir a presión das plantacións de eucaliptos sobre zonas de pastos e sobre bosques de maior biodiversidade?

- Considera a Xunta de Galiza necesario establecer unha moratoria nas plantacións de eucaliptos nitens?

- Considera o Goberno galego que os usos das terras agrarias e dos montes galegos deben están determinados polos intereses de grandes empresas extractivas dos sectores forestal, enerxético ou mineiro?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Paulo Ríos Santomé
Alexandra Fernández Gómez
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:22:48
Nº Rexistro: 37275
Data envio: 19/07/2022 11:22:48.522

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 19/07/2022 11:22:10

Alexandra Fernández Gómez na data 19/07/2022 11:22:15

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 11:22:29

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:26:26
Nº Rexistro: 37276
Data envio: 19/07/2022 11:26:26.814

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre os novos contratos no transporte público por estrada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A elaboración, aprobación e desenvolvemento do Plan de transporte público de Galiza é un proceso cheo de sombras e sospeitas de irregularidades cando non de ilegalidades manifestas. Todo este proceso caracterizouse desde o comezo pola falta de previsión e planificación, polas présas e pola preminencia dos intereses das grandes empresas do sector do transporte público por estrada.

Este xeito de proceder, escurantista, apresurado e pouco garantista, está a caracterizar tamén o proceso de licitación dos novos contratos do transporte público, no que se está a cumprir o guión que anunciaba a concentración dos grandes contratos nunhas poucas empresas, nun reparto que foi anunciado fai moito tempo e que coincide co acontecido no sector do transporte en ambulancias.

Este modus operandi da Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade deu lugar a diversas reclamación e alegacións diante do TACGAL e da Comisión Galega da Competencia.

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:26:26
Nº Rexistro: 37276
Data envio: 19/07/2022 11:26:26.814

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na tramitación destes contratos obsérvanse numerosas carencias e irregularidades, así como cambios nos pregos, derivados das resolución do TACGAL e das alegacións presentadas por distintos operadores, que distorsionan gravemente o obxecto do contrato e os cálculos dos custos.

Por outra parte, todo o procedemento viuse alterado pola crise sanitaria, económica e social provocada pola COVID 19, que está alterando de maneira significativa as previsións sobre a demanda e uso dos servizos de transporte. Unha situación que debería dar pé cando menos á revisión dos datos de demanda e ingresos establecidas nos pregos.

Ao mesmo tempo, resultado cando menos chamativo o papel de empresas consultoras da administración que suplantan a propia administración na tramitación e resolución destes expedientes. Empresas que na práctica actúan como unha administración paralela, suplantando tarefas e responsabilidades exclusivas da administración pública.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

Como valora a Xunta as denuncias sobre irregularidades e ilegalidades na tramitación dos novos contratos do transporte público por estrada?

Considera a Xunta de Galiza que se está a producir unha posición de dominio no sector por parte de moi poucas empresas?

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:26:26
Nº Rexistro: 37276
Data envio: 19/07/2022 11:26:26.814

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten coñecemento o Goberno galego de presións a pequenas e medianas empresas para que acepten as condición das grandes empresas para presentarse en UTE ás licitacións?

Como cre que vai afectar a crise sanitaria á tramitación e posta en marcha dos novos contratos?

Que empresas consultoras contratadas pola Xunta de Galiza participan na tramitación dos novos contratos e que tarefas realizan?

Cantos contratos, para que obxecto e con que contía económica realizou a Xunta de Galiza coa empresa IPLAN desde 2016 a 2020?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Paulo Ríos Santómé
Alexandra Fernández Gómez
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 11:25:48

Paulo Ríos Santomé na data 19/07/2022 11:25:52

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:26:26
Nº Rexistro: 37276
Data envio: 19/07/2022 11:26:26.814

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 19/07/2022 11:26:00

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:28:14
Nº Rexistro: 37277
Data envio: 19/07/2022 11:28:14.265

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torre e **Iria Carreira Pazos**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a concesión mineira "Carmen" situada en Santa Comba.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na comarca de Santa Comba existe unha concesión mineira denominada "Carmen". Trátase dunha concesión derivada que ostenta a empresa Galicia Tin&Tungsten até o ano 2068 e que inclúe a antiga explotación mineira de Barilongo.

Por outra parte, diversas informacións xornalísticas fan referencia ao proxecto da empresa "Eurobattery Minerals" e a prospeccións de Ni en Castriz, Monte Maior e Monte Castelo, no concello de Santa Comba. Se ben trascendeu que non hai en tramitación ningún dereito mineiro a nome deste solicitante, existen dous dereitos mineiros en tramitación (permisos de investigación) para Ni en áreas próximas e supostamente con unha paraxénese mineral similar ao xacemento de Barilongo, no que tamén apareceu níquel.

Diante da alarma cidadá e a falta de información sobre estes proxectos mineiros, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

- Que dereitos mineiros están en tramitación para Sn, W, Ni, Co, Cu, Au, Ag, Pt, Nb, Ta e Li na provincia da Coruña?

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:28:14
Nº Rexistro: 37277
Data envio: 19/07/2022 11:28:14.265

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que dereitos mineiros están vixentes para Sn, W, Ni, Co, Cu, Au, Ag, Pt, Nb, Ta e litio nos concellos da provincia da Coruña?

-Cal é o estado de tramitación do permiso de investigación solicitado por Geoniquel SL

- Ten coñecemento a Xunta de Galiza da realización de sondaxes ilegais, sen permiso de investigación previo, e en caso de resposta afirmativa por parte de quen? Que actuacións realizou a administración galega ao respecto?

- Ten coñecemento a Xunta de Galiza de sondaxes de Litio, Cobre e Cobalto realizadas nas zonas de Castriz, Monte Maior e Monte Castelo, no concello de Santa Comba? Que actuacións realizou a administración galega ao respecto?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iria Carreira Pazos
Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 11:27:11

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:28:14
Nº Rexistro: 37277
Data envio: 19/07/2022 11:28:14.265

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 19/07/2022 11:27:30

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:33:10
Nº Rexistro: 37278
Data envio: 19/07/2022 11:33:10.838

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres 13 de novembro de 2020, varios medios de comunicación informaban de que a Xunta de Galiza denegara a autorización do proxecto "Explotación da concesión derivada do permiso de Investigación Alberta I, 1ª fracción, n.º 4966.1 no T.M. de Beariz (Ourense)".

Así e todo, os colectivos e persoas que presentaron alegacións en relación con este proxecto non recibiron ningunha resposta nin comunicación ao respecto, polo que non lles consta ningún trámite administrativo oficial sobre a denegación da autorización de explotación e sobre os motivos en que se basea esta decisión.

Aínda que segundo as citadas referencias xornalísticas o motivo da denegación sería o informe negativo da Confederación Hidrográfica Miño Sil, a realidade é que este informe ten data de 27 de novembro de 2019, polo que non parece ser a causa da citada denegación.

No expediente constan as alegacións presentadas por diversos colectivos, no que se advirte de graves irregularidades na tramitación do expediente a funcionarios da Xunta, concretamente ao Xefe da Sección de Avaliación Ambiental da Dirección Xeral

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:33:10
Nº Rexistro: 37278
Data envio: 19/07/2022 11:33:10.838

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e á Xefa do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Economía, Emprego e Industria,

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Cal é o estado de tramitación do expediente do proxecto "Explotación da concesión derivada do permiso de Investigación Alberta I, 1ª fracción, n.º 4966.1 no T.M. de Beariz (Ourense)"?

Denegou a Xunta de Galiza a solicitude presentada pola empresa Recursos Minerales de Galicia?

De ser así, cales foron as razóns desta denegación?

Que departamento ou servizo tramitou esta denegación?

Ten previsto a Xunta de Galiza comunicar esta resolución ás entidades alegantes e que solicitaron ser parte interesada no procedemento?

Cantas solicitudes de investigación ou explotacións mineiras de litio, estaño, wolframio, tántalo e niobio se están tramitando en Galiza e onde están situadas?

Ten coñecemento o goberno galego da intención da empresa RMG de presentar alegacións ou tramitar unha nova solicitude de concesión de explotación na zona de Beariz, Avión, Forcarei, Cerdedo e A Lama?

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:33:10
Nº Rexistro: 37278
Data envio: 19/07/2022 11:33:10.838

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 11:32:04

Noa Presas Bergantiños na data 19/07/2022 11:32:14

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/07/2022 11:32:27

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:35:10
Nº Rexistro: 37279
Data envio: 19/07/2022 11:35:10.570

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e **Paulo Ríos Santomé**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa á necesidade de aplicar descontos nas tarifas das autovías AG55 e AG57.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado ano 2019, a Xunta de Galiza aprobou bonificacións nas autovías de peaxe AG55 e AG57 que consisten no desconto do 50% do custo para vehículos lixeiros e pesados que utilicen dispositivos de telepeaxe e entre as 00 h e 6 horas da mañá.

Anteriormente a Xunta de Galiza aprobara un desconto do 25% na viaxe de volta, cando a entrada e saída se produce no mesmo punto, que se aplica en días hábiles e para persoas usuarias que dispoñan de dispositivo de telepeaxe.

A finais do ano 2019, a Xunta de Galiza solicitou aso goberno do Estado aplicación na AP 9 de descontos do 25% da viaxe de volta, tal como se vén aplicando nas autovías de titularidade autonómica.

Como consecuencia do acordo de investidura asinado polo BNG e PSOE en xaneiro de 2020, o anteproxecto de orzamentos do Estado para o 2021 inclúen unha partida para bonificacións das peaxes na AP9, cunha dotación de 50 millóns de euros.

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:35:10
Nº Rexistro: 37279
Data envio: 19/07/2022 11:35:10.570

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta cantidade servirá para aplicar bonificacións a persoas usuarias habituais, cando menos do 50% na viaxe de volta.

En consecuencia con esta medida, o goberno galego debería incluír cando menos unha medida similar nos orzamentos do ano 2021, de maneira que as persoas usuarias da AG 55 e AG 57 se beneficien destes descontos nas viaxes de ida e volta.

Cómpre ter en conta que as áreas de Vigo-Val Miñor e Coruña-Bergantiños sofren un agravio e unha forte discriminación a respecto doutras zonas de Galiza que contan con autovías libres de peaxe (con peaxe na sombra, pagada con cargo aos orzamentos da Xunta), como é o caso do Morrazo, O Salnés, A Barbanza e Santiago-Brión. É así que as peaxes na AG 55 e AG57 provocan efectos negativos na mobilidade para persoas e empresas que teñen que facer desprazamentos cara ás áreas de Vigo e Coruña principalmente, por motivos laborais, de estudos ou de acceso a centros de saúde e hospitais. Tamén resulta unha pesada carga e un lastre para a competitividade das empresas, que ven como as peaxes encarecen o custo do transporte das mercadorías cara aos seus destinos.

Por outra parte, a existencia de peaxes provoca outro efecto negativo no incremento do tráfico nas estradas convencionais, que atravesan zonas con unha lata densidade de poboación e con numerosas travesías urbanas. É por iso que se debería estudar o rescate das concesións das citadas autovías, para evitar o agravio comparativo entre unhas comarcas e outras.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:35:10
Nº Rexistro: 37279
Data envio: 19/07/2022 11:35:10.570

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten previsto a Xunta de Galiza aplicar descontos do 50% nas viaxes de volta nas autovías de titularidade autonómica AG 55 e AG 57?

Prevé o goberno galego aplicar na AG 55 e na AG 57 os mesmos descontos que se apliquen na AP9 no 2021?

Considera xusta a situación de agravio que sofren as persoas e empresas destas áreas, a respecto doutras que contan con autovías autonómicas libres de peaxe?

Pensa o goberno galego que o abaratamento a curto prazo con maiores descontos, e a gratuidade a medio prazo, terían unha incidencia moi positiva na seguridade viaria e na mellora da calidade de vida da contorna das estradas convencionais do Val Miñor-Vigo e de Bergantiños-A Coruña?

Considera necesario o goberno galego facer un estudo sobre o rescate da concesión da AG55 e AG57 de modo que se acabe coa discriminación que sofren as persoas usuarias destas autovías a respecto doutras de titularidade autonómica que son gratuítas?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Paulo Ríos Santomé
Deputados e deputada do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:35:10
Nº Rexistro: 37279
Data envio: 19/07/2022 11:35:10.570

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 19/07/2022 11:34:18

Paulo Ríos Santomé na data 19/07/2022 11:34:47

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:37:04
Nº Rexistro: 37280
Data envio: 19/07/2022 11:37:04.974

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ramón Fernández Alfonzo, Paulo Ríos Santomé e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a situación do río Eume.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O recente episodio de turbidez e contaminación do río Eume, que entre outras consecuencias provocou a interrupción do subministro de auga a Pontedeume, é tan só a punta do iceberg dun grave problema ambiental que sofre este río e a súa bacía debido principalmente á contaminación provocada pola actividade de ENDESA, unha situación que se foi agravando ao longo dos anos coa pasividade cando non conivencia da Xunta de Galiza.

Se ben o goberno galego agora semella reaccionar con rapidez e mesmo con unha aparente contundencia, anunciando tanto investimentos na mellora do abastecemento como á apertura dun expediente sancionador e un plan de seguimento sobre o estado do río, a realidade é que foi o goberno galego quen ao longo dos anos permitiu a degradación, a contaminación e o deterioro do río e do encoro da Capela, que explota a empresa Endesa baixo o réxime de concesión.

A grande acumulación de lodos no citado encoro e a enorme cantidade de depósitos de residuos ao longo do leito do río, co lixiviado de augas contaminadas, pon de relevo un problema ambiental de grande magnitude, que foi denunciado desde fai

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:37:04
Nº Rexistro: 37280
Data envio: 19/07/2022 11:37:04.974

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tempo por organizacións ecoloxistas e que saíu á luz nas últimas semanas a raíz da forte baixada do nivel das augas do encoro.

Con respecto aos antecedentes deste grave problema ambiental compre salientar os seguintes:

- A Xunta de Galiza asinou senllos pactos ambientais coa empresa ENDESA, nos anos 2005 e 2012, que supostamente prevían actuacións de mellora ambiental no río.

- O convenio de 2012 prevía a modernización das infraestruturas hidroeléctricas para a "recuperación ambiental do río Eume". Neste marco incluía unha actuación denominada "Proxecto de modernización dos desaugadoiros do fondo da presa do Eume", coa retirada de 1.350 m³ de lodos e sedimentos, actuación que tiña un orzamento previsto de 5.784.653 euros e que supostamente podería estar relacionada co último episodio de contaminación e turbidez. No seu día, a asociación ecoloxista ADEGA advertiu dos riscos desta actuación e da necesidade de caracterizar estes sedimentos polo seu potencial contaminante para a saúde e o medio.

- Tanto ADEGA como EMS-Ríos e o colectivo ecoloxista Terra advertiron ao longo da pasada década da grave situación ambiental do río e da necesidade de realizar analíticas e mostraxes suficientemente representativas ao longo de toda a canle do Eume e na ría, incluído a monitorización de bivalvos dos bancos marisqueiros.

- A Xunta de Galiza iniciou en novembro de 2012 a redacción do Plan Territorial Integrado da conca do Eume, co obxectivo de facer unha análise coordinada e transversal das políticas da Xunta na conca do Eume, con 55 km² de superficie. Os concellos incluídos dentro do ámbito do Plan Territorial Integrado eran Pontedeume, Cabanas, Vilarmaior, A Capela, Monfero, Irixoa, Aranga, As Somozas e As Pontes na

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:37:04
Nº Rexistro: 37280
Data envio: 19/07/2022 11:37:04.974

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

provincia da Coruña; e Guitiriz, Xermade, Muras, Vilalba e Abadín na provincia de Lugo. O Plan debería ser formulado e impulsado pola Consellaría de Medio Ambiente, coa dirección conxunta do Instituto de Estudos do Territorio e do organismo autónomo Augas de Galicia, mais a realidade é que nunca foi realizado.

- Tampouco viu nunca a luz o Plan Reitor de Uso e Xestión do parque natural das Fragas do Eume, malia que súa elaboración e aprobación foi anunciada en varias ocasións ao longo da última década.

O pasado 19 de outubro o grupo parlamentar do BNG solicitou ao goberno galego, ao abeiro do artigo 9 do regulamento do parlamento, a documentación sobre as actuacións realizadas no marco do Pacto Ambiental, así como todos os contratos relacionados coa contaminación do Eume.

Asemade, diante da extrema gravidade da situación, nesa mesma data, o grupo parlamentar do BNG solicitou a comparecencia en Pleno das conselleiras de Medio Ambiente e de Infraestruturas, así como as comparecencias na comisión de medio ambiente da Directora Xeral de Conservación da Natureza, da Directora Xeral de Calidade Ambiental e da Directora de Augas de Galicia.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

- Que actuacións realizou a Xunta de Galiza desde o ano 2009 para a mellora da situación ambiental do río Eume?

- Que actuacións de mellora ambiental do río Eume se realizaron no marco do Pacto Ambiental asinado con ENDESA en 2012 e cal é o seu orzamento e investimento?

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:37:04
Nº Rexistro: 37280
Data envio: 19/07/2022 11:37:04.974

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cal é o estado de execución do "Proxecto de modernización dos desaugadoiros do fondo da presa da Capela e que investimento se destinou a esta actuación?

- Que caracterización se fixo dos lodos e depósitos do fondo da presa e cal é o seu potencial risco para o medio e a saúde?

- Que análises fixo a Xunta de Galiza e cales foron os resultados en canto á súa caracterización, sobre os depósitos e os escoamentos no leito do río Eume augas arriba do encoro?

- Que actuacións está realizando ou realizou a Xunta de Galiza para o coñecemento e seguimento do estado ambiental do río, cal é o seu custo e que empresa ou empresas foron contratadas para facelas?

- Que estudos, análises e plan de seguimento ven realizando e está a realizar a Xunta de Galiza sobre os recursos pesqueiros e os bancos marisqueiros da zona?

- Cal é o estado de tramitación do expediente sancionador aberto e cales son as infraccións detectadas?

- Cal é o estado de tramitación do Plan Territorial Integrado da conca do Eume e cal foi o custo desta actuación?

- Que previsións ten a Xunta de Galiza en relación coa aprobación do Plan Reitor de uso e xestión do parque natural das Fragas do Eume?

- Que actuacións e investimentos ten previsto realizar o goberno galego para a protección, conservación, descontaminación e rexeneración do río Eume e a súa bacía?

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:37:04
Nº Rexistro: 37280
Data envio: 19/07/2022 11:37:04.974

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 19/07/2022 11:36:23

Alexandra Fernández Gómez na data 19/07/2022 11:36:28

Ramón Fernández Alfonzo na data 19/07/2022 11:36:37

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 11:36:46

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:45:40
Nº Rexistro: 37281
Data envio: 19/07/2022 11:45:40.839

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Paulo Ríos Santomé**, **Carme González Iglesias** e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno portugués vén de facer público o Programa Nacional de Investimentos 2030. O Plan prevé investimentos por valor de 43.000 millóns de euros, dos que o 50% teñen que ver con transportes e mobilidade; e deste 50% a súa vez o 50% vai destinado a infraestruturas ferroviarias.

No que ten que ver co transporte ferroviario, o goberno portugués concede interese estratéxico ás conexións entre Lisboa e Porto e entre Porto e o Miño. No caso do treito Lisboa Porto prevé un investimento de 4.500 millóns de euros mentres que na liña Porto-Vigo o Plan prevé unha primeira fase entre Braga e Valença con un investimento de 900 millóns de euros para reducir a duración da viaxe en 45 minutos.

O proxecto do goberno portugués estima que unha vez desenvolvido este plan, que ten como horizonte temporal o ano 2030, a duración da viaxe entre Vigo e Porto reducirase de 2 horas 23 minutos a 55 minutos. E a viaxe entre Vigo e Lisboa quedaría reducida a 2 horas e media.

O proxecto de modernización da conexión ferroviaria entre Vigo e Porto é unha antiga demanda que leva 20 anos de anuncios e proxectos por parte do goberno central e

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:45:40
Nº Rexistro: 37281
Data envio: 19/07/2022 11:45:40.839

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da Xunta de Galiza, sen que haxa ningunha concreción real máis alá da electrificación do treito entre o Guillarei e a fronteira portuguesa. Para que se faga realidade, é necesario impulsar o proxecto da saída sur de Vigo e estudar alternativas ao trazado da vía férrea que actualmente atravesa a vila do Porriño.

Logo de décadas de retrasos e de incumprimentos, é o momento de apostar decididamente por un proxecto estratéxico vertebrar as comunicacións entre Galiza e Portugal e potenciar o Eixo Atlántico entre Ferrol/Coruña e Lisboa como un grande eixo de comunicacións para a mobilidade de persoas e mercadorías.

Un proxecto desta natureza debe contar cun apoio decidido por parte da Xunta de Galiza e do goberno central. E tendo en conta o retraso que leva acumulado, débese traballar para que se faga realidade no menos prazo posíbel.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Ten coñecemento oficial o goberno galego sobre os proxectos do goberno portugués en relación coa modernización da lima ferroviaria entre Porto e Vigo?

2. Que contactos, conversas ou reunións tivo o goberno galego con representantes do goberno portugués en relación coas conexións ferroviarias entre Galiza e o Norte de Portugal?

3. Que xestións e actuacións fixo o presidente do goberno galego, como Presidente da Comisión de Traballo Galiza Norte de Portugal en relación con este tema?

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:45:40
Nº Rexistro: 37281
Data envio: 19/07/2022 11:45:40.839

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Ten coñecemento o goberno galego dalgún plan ou proxecto do goberno central sobre a modernización desta liña?

5. Fixo algunha proposta ou estudo o goberno galego a respecto da saída sur de Vigo e as alternativas ao paso do tren polo medio da vila do Porriño?

6. Que propostas está desenvolvendo a Xunta de Galiza para mellorar as conexións entre Galiza e Portugal através do eixo ferroviario que conecta Ferrol/Coruña con Lisboa através do Porto?

7. Fixo algún estudo o goberno galego sobre as oportunidades e beneficios desta conexión ferroviaria?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**
Carme González Iglesias
Paulo Ríos Santomé
Luis Bará Torres
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 11:44:02

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:45:40
Nº Rexistro: 37281
Data envio: 19/07/2022 11:45:40.839

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 19/07/2022 11:44:07

María do Carme González Iglesias na data 19/07/2022 11:44:15

Alexandra Fernández Gómez na data 19/07/2022 11:45:15

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:49:36
Nº Rexistro: 37282
Data envio: 19/07/2022 11:49:36.225

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Castro García, Paulo Ríos Santomé e **Alexandra Fernández Gómez,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa á liña de ferrocarril Ferrol-Ribadeo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Desde a finalización do estado de alarma, Renfe decidiu reducir os servizos do tren de cercanías Ferrol-Ortigueira e na liña Ferrol-Ribadeo-Ferrol nun 75% . Ademais, a compañía non estabeleceu unha data de recuperación dos servizos supeditando esta a un suposto aumento da demanda.

Co inicio do curso lectivo na Universidade, en secundaria e FP nos meses de setembro e outubro faise imprescindíbel contar cos servizos de tren que existían antes do estado de alarma, xa que tanto as actividades laborais como educativas precisan da mobilidade diaria das persoas. A este respecto hai que ter en conta que ao longo do percorrido desta liña de tren, concretamente entre Ortigueira e Ferrol, non existen servizos de transporte público por estrada.

2. A liña de Ancho Métrico Ferrol Ribadeo, antiga FEVE, vén sufrindo un continuo deterioro da infraestrutura, no material rodante e nos servizos, un deterioro que se manifestou ao longo da última década na supresión de frecuencias, na suspensión de servizos por deficiencias do material rodante ou falta de persoal, e en frecuentes accidentes que poñen de relevo o mal estado da liña. Para facer fronte a este deterioro e

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:49:36
Nº Rexistro: 37282
Data envio: 19/07/2022 11:49:36.225

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

degradación do servizo, creouse a Plataforma pola Defensa do Ferrocarril Ferrol Ribadeo da que forman parte entidades sociais e concellos polos que pasa o trazado da vía férrea.

Como resultado das demandas e dos estudos realizados pola plataforma, no ano 2019 puxéronse en marcha algunhas melloras nas frecuencias da liña, especialmente nas cercanías Ferrol-Ortigueira. Unhas melloras que non só se viron eliminadas coa escusa da pandemia, senón que se agravou a situación coa supresión da maior parte dos servizos. Aínda que RENFE xustifica a eliminación pola baixada da demanda, a realidade é que este descenso está provocado pola mala calidade do servizo e a redución de frecuencias.

3. Os gobernos estatal e galego deben facer unha aposta decidida polo tren como medio de mobilidade sustentábel do século XXI, un medio que debe ser seguro, eficiente, cómodo e accesíbel, tanto para a mobilidade das persoas como para o transporte de mercadorías. E unha das liñas que precisa desta aposta decidida e deste compromiso é a que une Ferrol con Ribadeo, na que é necesario que tanto RENFE como ADIF acometan obras de mellora das infraestruturas da liña, eliminando as zonas de limitación temporais de velocidade, mantendo os puntos de cruce existente e proxectando outros novos, mellorando os apeadeiros e creando outros novos en zonas de interese turístico, e procedendo a limpar a vexetación do perímetro da vía.

Por outra parte, cómpre que se mellore o material rodante e que se dote con novos vehículos para evitar cancelacións do servizo, e que se dote a liña do persoal necesario, nas estacións e nos convois, para información, acceso, venda de billetes e control das persoas usuarias do tren. Asemade, cómpre dotar de persoal de condución suficiente, para evitar supresións do servizo por este motivo.

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:49:36
Nº Rexistro: 37282
Data envio: 19/07/2022 11:49:36.225

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Outro aspecto a ter en conta é a potenciación do transporte de mercadorías, claramente infrautilizado polo desinterese de RENFE e que pode ser unha alternativa sustentábel ao transporte por estrada. Neste ámbito cómpre ter en conta que esta liña férrea conecta a maior parte dos portos do Cantábrico, e que sen un grande investimento poderían construírse novas zonas de carga ao longo do percorrido, así como vías de carga na confluencia da liña coa factoría de Alcoa.

Por último, para o BNG é imprescindíbel que o goberno galego demande a transferencia a Galiza do tren convencional e dos servizos de cercanías e media distancia, creando a tal efecto o Ente Ferroviario Galego ou GALTRÉN, como organismo encargado da xestión dos citados servizos ferroviarios.

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Como valora a Xunta de Galiza a situación da liña ferroviaria de Ancho Métrico Ferrol Ribadeo, en canto ao estado da infraestrutura, calidade do servizo e dotación de medios humanos e materiais?

- Que xestións realizou a Xunta de Galiza diante do goberno do Estado, nos últimos 8 anos, para demandar a mellora da citada liña e cales foron os resultados destas xestións?

- Que investimentos se produciron nestes anos como consecuencia das xestións da Xunta de Galiza?

- Como valora a Xunta de Galiza a supresión de servizos de tren no noso país coa escusa da pandemia?

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:49:36
Nº Rexistro: 37282
Data envio: 19/07/2022 11:49:36.225

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que xestións realizou a Xunta de Galiza diante do goberno do Estado para demandar a reposición dos trens suprimidos?

- Defende o goberno galego a necesidade de transferencia a Galiza da xestión dos trens de media distancia e de cercanías, así como a proposta de creación do Ente Ferroviario Galego para levar a cabo a xestión deste servizo?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Castro García

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 19/07/2022 11:48:32

Paulo Ríos Santomé na data 19/07/2022 11:48:37

Daniel Castro García na data 19/07/2022 11:48:45

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:49:36
Nº Rexistro: 37282
Data envio: 19/07/2022 11:49:36.225

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 19/07/2022 11:48:56

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 11:49:07

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:51:10
Nº Rexistro: 37283
Data envio: 19/07/2022 11:51:10.848

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e **Alexandra Fernández Gómez,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ás verteduras nucleares na Foxa Atlántica e á previsión da UE de verificación, no primeiro semestre de 2021, do seguimento da radioactividade do medio mariño en augas galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Na Foxa Atlántica están depositadas 140.000 toneladas de residuos nucleares, que foron depositados neste emprazamento entre 1949 e 1982 nun total 220.000 bidóns. Pese a que segundo ten recoñecido a Comisión son os Estados Membros os responsábeis de controlar a radioactividade das súas augas, o Estado español non ten abordado especificamente ningún plan de control da radioactividade nesta zona aducindo que eses depósitos están fóra das súas augas.

Neste ano 2020 cumpríronse 38 anos do fin das verteduras de refugallos de orixe nuclear na chamada Foxa Atlántica, froito da mobilización social e que foron realizados tamén preto do territorio galego por parte de países como Gran Bretaña, Francia, Bélxica e Holanda. Porén, a día de hoxe existen dúbidas entre os organismos europeos e estatais sobre a quen corresponde a súa vixilancia. Desde o Bloque Nacionalista Galego observamos este asunto con preocupación. Máis unha vez, a falta de vontade do Partido Popular de exercer de goberno galego sumado á falta de soberanía para actuar sobre cuestións de importancia transcendental para a saúde do noso medio e das nosas persoas.

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:51:10
Nº Rexistro: 37283
Data envio: 19/07/2022 11:51:10.848

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. No ano 2012 o Congreso rexeitou, cos votos do PP, unha petición do Bloque Nacionalista Galego para demandar unha inspección dos residuos radioactivos así como información á administración galega.

No ano 2018 o Organismo Internacional da Enerxía Atómica (OIEA) confirmaba ao xornal dixital galego Praza Pública que non é competencia súa vixiar o estado dos refugallos. Así mesmo a Organización Marítima Internacional tampouco esclarece a cuestión. Na mesma liña. a OSPAR non esclarece información que poida darnos tranquilidade sobre a vixilancia e estudo deste tipo de residuos. Unha situación a todas luces grave e que debe preocupar ás administracións xa que, loxicamente, estes refugallos seguen depositados no fondo mariño e polo tanto son un factor de risco.

En marzo de 2018 o Parlamento de Galiza aprobou por unanimidade unha proposición non de lei na que se pedía que a Xunta se dirixise ao goberno de España para que fixese as xestións pertinentes diante da UE e dos países responsábeis das verteduras:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que faga as xestións pertinentes ante as institucións europeas e os países responsables das verteduras, que permitan asegurar a vixilancia das verteduras nucleares na Foxa Atlántica así como obter información que garanta que non están tendo impacto no medio ambiente, e a realizar todas as xestións políticas ao seu alcance para acadar estes obxectivos"

3. Segundo explica a Comisión Europea en resposta a unha pregunta formulada pola portavoz do BNG en Europa, Ana Miranda, a través da coalición Agora Repúblicas, no primeiro semestre de 2021 a Comisión Europea desenvolverá a verificación do seguimento da radioactividade do medio mariño en augas galegas. Inicialmente, a misión de verificación estaba prevista para o 2020, mais a actual

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:51:10
Nº Rexistro: 37283
Data envio: 19/07/2022 11:51:10.848

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

situación de pandemia provocou que a Comisión aprazase a verificación até o primeiro semestre de 2021.

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Ten coñecemento oficial o goberno galego sobre a previsión da UE de desenvolver a verificación, no primeiro semestre de 2021, do seguimento da radioactividade do medio mariño en augas galegas?

- Que xestións fixo o goberno galego a este respecto?

- Que xestións fixo a Xunta de Galiza para dar cumprimento ao acordo do Parlamento de 2018 sobre a vixilancia das verteduras nucleares da Foxa Atlántica?

- Coñece o goberno galego cales son os estudos máis recentes sobre a situación destas verteduras?

- Ten garantías a Xunta de Galiza de que non supoñen ningún tipo de risco ou afectación para o medio mariño?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:51:10
Nº Rexistro: 37283
Data envio: 19/07/2022 11:51:10.848

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 11:50:33

Paulo Ríos Santomé na data 19/07/2022 11:50:37

Alexandra Fernández Gómez na data 19/07/2022 11:50:45

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:53:08
Nº Rexistro: 37284
Data envio: 19/07/2022 11:53:08.159

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a anulación das prórrogas da AP9.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 23 de setembro a Comisión Europea enviou ao goberno de España unha carta de emprazamento para salvagardar a normativa comunitaria en materia de contratación pública e contratos de concesión. Esta comunicación vén motivada polo incumprimento por parte do goberno central da normativa que obriga a adxudicar a ampliacións das concesións mediante unha nova licitación.

No caso da AP9, o goberno ampliou o contrato de concesión de maneira irregular, sen iniciar un procedemento de licitación pública. Neste sentido, a Comisión considera que non se cumpriu a normativa de contratación pública vixente naquela altura, en particular a Directiva 93/37/CEE.

O goberno central dispón de 2 meses para responder a carta de emprazamento da Comisión, que entendemos que debería ser no sentido de velar polo cumprimento da legalidade e en consecuencia iniciar os trámites para a anulación da concesión.

Máis alá da observancia da legalidade, existen outros motivos que xustifican esta decisión, entre eles os cuantiosos beneficios obtidos pola concesionaria e a

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 11:53:08
Nº Rexistro: 37284
Data envio: 19/07/2022 11:53:08.159

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comparación con outras autoestradas da mesma época da AP9 que pasaron ou van pasar á xestión pública directa por parte do Estado polo remate do período concesional.

A pesares de que o tempo transcorrido non permitiu a entrada en funcionamento da totalidade dos servizos comprometidos, si foi abondo para a aparición de importantes defectos estruturais e que condicionan a habitabilidade das vivendas e o confort das persoas que residen nelas. Así, por exemplo, o espazo no que se agarda polo ascensor está nun patio descuberto ao albur das inclemencias meteorolóxicas, a ausencia de voladizos provoca que o auga da choiva descorra polas fachadas facilitando a presenza de humidades e que penetre nas vivendas. Igualmente o patio interior descuberto permite que entre a auga da choiva pola portas das vivendas letras C e D, así como provoca un considerable desgaste nas devanditas portas, extremos ambos perfectamente perceptíbeis a simple vista. Igualmente a ilóxica distancia entre a estrutura do edificio ou as escaleiras e o peche do inmoble (consecuencia dunha deficiente execución da obra) xera un evidente e permanente risco para a seguridade e integridade físicas das persoas, nomeadamente, das cativas. A chapa que pecha inmoble semella non ser aillante de abondo.

Por outra banda o mantemento do elementos comúns (rede de saneamento, xardíns, sistema eléctrico á vista ...) non é o axeitado, sendo a Xunta de Galiza o propietario maioritario pois os inquilinos teñen dereito a voz, mais non de voto, nas xuntas da comunidade de propietarios, polo que o estado de deterioro que presenta o inmoble e consecuencia da pasividade da Xunta de Galiza.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 12:26:22
Nº Rexistro: 37293
Data envio: 19/07/2022 12:26:22.449

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten coñecemento a Xunta de Galiza da existencia de vicios e deficiencias na estrutura e elementos comúns das vivendas de promoción pública do barrio de Covadonga en Ourense antes referidas?

Considera a Xunta de Galiza que as inquilinas e propietarias das vivendas das devanditas VPP dispoñen actualmente de todos os servizos anunciados e que se encontran en correcto estado de funcionamento e uso?

Recibiu a Xunta de Galiza algunha comunicación sobre deficiencias nas vivendas ou nos elementos comúns?

Entende a Xunta de Galiza que as chapas que pechan os inmobles solucionan as necesidades de illamento acústico ou climático das vivendas?

Realizou algunha inspección ou comprobación para verificar a existencia de filtracións nas vivendas ou a caída directa de auga de choiva nas mesmas, así como o estado de conservación e mantemento dos elementos e servizos comúns?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
Noa Presas Bergantiños
Luis Bará Torres
Alexandra Fernández Gómez
Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 12:26:22
Nº Rexistro: 37293
Data envio: 19/07/2022 12:26:22.449

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 12:25:36

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/07/2022 12:25:42

Noa Presas Bergantiños na data 19/07/2022 12:25:52

Alexandra Fernández Gómez na data 19/07/2022 12:26:01

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 12:28:18
Nº Rexistro: 37294
Data envio: 19/07/2022 12:28:18.931

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Paulo Ríos Santomé**, **Alexandra Fernández Gómez** e **Iria Carreira Pazos**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o plan de restauración da canteira de Casalonga (Teo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Con data de 11 de agosto de 2021 a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación asina a "Resolución de autorización do Plan de Restauración da concesión de explotación "Casalonga" núm. 6996, situada no termo municipal de Teo, Provincia da Coruña", pola que se autoriza a actualización do plan de restauración da explotación mineira Casalonga", denominado "Plan de Concesión da explotación Casalonga nº 6996 (maio 2020)".

O antedito Plan, presentado en maio de 2020, detalla que o oco da canteira restaurarase a medio longo prazo mediante a plantación de especies forestais previa adecuación da súa superficie cunha cobertura de solo que faga posible a súa reforestación. No apartado 4.2.2 indica que dado que a actual superficie granítica " non constitúe un substrato axeitado para o desenvolvemento da cuberta vexetal, por ausencia de materia orgánica", resulta preciso unha preparación previa do terreo, para o que literalmente a memoria do plan "contempla o estendido de terra vexetal sobre as zonas explotadas e a revexetación destas explanadas, taludes e bancos".

Ao respecto da terra vexetal a memoria sinala unha dobre procedencia, unha obtida da propia actividade mineira, a partir do almacenamento de terra resultante das actividades de extracción dos áridos, e outra mediante terra vexetal externa. Indica que

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 12:28:18
Nº Rexistro: 37294
Data envio: 19/07/2022 12:28:18.931

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

se determinará unha zona de depósito (páx. 45 da memoria) para empregar "nas labores de restauración futuras".

Especifica que o ámbito de superficie afectada polo plan será de 55,85 ha. (apartado 3.4.4., páx. 46), precisándose para revexetar con terra vexetal un espesor entre 30 e 50 cm, estimándose que a cantidade necesaria para revexetar será duns 292.666,5 m3 (páx. 50 e 51. noiros: 87.100 m2 x0,5 de espesor terra vexetal; bermas: 7.8491 m2x 0,5; oco explotación 411.135m2 x 0,5; pistas de acceso 8.457m2 x 0,5; balsas 150m2x0,5).

Indica a memoria, na páxina 53, que de non ser suficiente a terra vexetal procedente da propia actividade da canteira, o seguinte "no caso de que fose necesario aporte de terra vexetal externa, deberase xustificar a súa procedencia e actitude".

2. Pois ben, nunha memoria de 64 páxinas, contense nesta liña da páxina 53 o que pode resultar a verdadeira intención que se agocha para este plan de restauración. Dado que a terminoloxía referida a "terra vexetal", dende un punto de vista técnico-normativo, é moito máis amplo do que a priori e en aparencia pode vulgarmente entenderse, pois non debe confundirse esta denominación con terra, terra natural, terra fértil, ou calquera tipo de terra procedente dunha orixe non artificial.

O concepto "terra vexetal", se atendemos á definición disposta no Real Decreto 865/2010, de 2 de xullo, sobre substratos de cultivo, refírese ao tipo de substrato comercial "terra vexetal do tipo 5.2 do anexo I". Segundo esta normativa, "terra vexetal" é un substrato de cultivo de mestura, entre terras, areas, gravas, e materia orgánica da definida no Grupo 1, na que se inclúen materiais compostados e estabilizados do tipo 1.1 a partir de residuos comprendidos no Anexo V, "lista de residuos orgánicos biodegradables", nos que se inclúen multitude de residuos (residuos animais e vexetais, xurros, derivados da alimentación, lodos de depuradora e industriais, augas residuais, etc.).

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 12:28:18
Nº Rexistro: 37294
Data envio: 19/07/2022 12:28:18.931

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. A normativa vixente sobre substratos vexetais establece un marco diferenciado dependendo do uso final que del poida darse, máis resulta de complexa interpretación e aplicación esta separación de usos pois as tres disposicións poden xustificar o mesmo destino de uso. Así, o RD 865/2010, concreta que a "terra vexetal" pode empregarse en "agricultura, xardinaría ou paisaxismo". Mentres o Real Decreto 506/2013, de 28 de xuño, sobre produtos fertilizantes. (que actualiza o Real Decreto 824/2005, de 8 de xullo, sobre produtos fertilizantes), define e tipifica os produtos fertilizantes distintos aos abonos recollidos nos RD 865/2010, que "poidan empregarse na agricultura e a xardinaría", sen facerse mención aos usados para paisaxismo.

Por outra banda, a RESOLUCIÓN do 8 de xaneiro de 2008, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se lle dá publicidade á instrución técnica de residuos ITR/01/08, do 8 de xaneiro de 2008, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, referente á elaboración de solos (tecnosolos) derivados de residuos, normativa autonómica, define e estipula as características e aptitudes dos tecnosolos, referíndose a eles como materiais formulados "a partir de residuos de distinta natureza que se deben combinar de modo que o produto final reúna as características apropiadas para actuar como substrato vexetal e permita a recuperación da situación de degradación ou contaminación inicial.

Son os tecnosolos empregados como substratos vexetais un obxectivo de valorización de residuos para a "recuperación de solos e augas degradados e/ou contaminados", tales como " , "minas e canteiras". Destacando dita Resolución que "Polos seus beneficios directos e indirectos e coas devanditas salvagardas en canto ás zonas de aplicación, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental incentivará o emprego de tecnosolos para a recuperación de solos degradados, erosionados ou contaminados".

4. Tendo en conta o nulo detalle co que o Plan de Restauración trata a previsión de usar o que considera "terra vexetal" procedente do exterior, e, dado que a empresa

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 12:28:18
Nº Rexistro: 37294
Data envio: 19/07/2022 12:28:18.931

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

autorizada coñécese ata o de agora pola súa exclusiva dedicación á xestión e recuperación de todo tipo de residuos, lodos, tecnosolos…, cabe cando menos pensar se detrás deste plan existe realmente unha práctica encuberta de depósito de residuos: planificado sobre unha interpretación sofisticada da normativa, centrada en levar un elevado volume de residuos orgánicos tratados como substrato vexetal, dándolle un uso de tecnosolo para actividades de recuperación de solos degradados e posterior reforestación paisaxística do lugar.

Unha operación deste tipo, e tendo en conta os custes e taxas de recollida de residuos orgánicos vixentes na actualidade, estimados entre 45 e 50 euros por tonelada, supón un importante volume de negocio para a empresa xestora deses residuos (que se entende que é a mesma que aborda o plan de restauración e propietaria a súa vez da canteira), por varios millóns de euros, que explicaría á súa vez o reducido prezo de 134.402 euros contemplado para a restauración da canteira detallado na memoria.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

-Avaliou a Xunta de Galicia as necesidades de "terra vexetal de procedencia externa" no proxecto de restauración da mina de Casalonga?

- Para resolver a autorización do proxecto, os servizos técnicos da Consellería comprobaron se resulta realista, dentro da memoria do Plan, a previsión que fai a empresa sobre que conta con terra vexetal propia procedente da canteira para levar a cabo a actuación de cobertura coma substrato vexetal preparatorio para a reforestación?

- Que garantías ten a Xunta sobre a non utilización como materiais do substrato vexetal de residuos orgánicos como xurros, lodos de depuradora e outros residuos animais e vexetais?

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 12:28:18
Nº Rexistro: 37294
Data envio: 19/07/2022 12:28:18.931

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que medidas prevé adoptar o goberno galego para evitar que a canteira de Casalonga se convirta nun vertedoiro encuberto de residuos orgánicos pretratados e estabilizados como substrato vexetal?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iria Carreira Pazos
Paulo Ríos Santomé
Alexandra Fernández Gómez
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 19/07/2022 12:27:38

Paulo Ríos Santomé na data 19/07/2022 12:27:43

Iria Carreira Pazos na data 19/07/2022 12:27:50

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 12:27:58

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 12:29:29
Nº Rexistro: 37295
Data envio: 19/07/2022 12:29:29.351

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Carmen María Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, María Sol Díaz Mouteira, María Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez e María Belén Salido Maroño, deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

O Goberno galego está a apostar polo desenvolvemento da intermodalidade nas principais cidades galegas. Unha aposta froito do convencemento de que este tipo de infraestruturas son estratéxicas para o fomento dunha mobilidade sostible a través do transporte público, así como para a creación nas cidades galegas de novos polos de dinamización económica e para o fortalecemento da competitividade do noso territorio.

Esta aposta vense traducindo en feitos no que respecta ás actuacións dependentes da Administración autonómica, tanto no que atinxe aos trámites administrativos e urbanísticos que tales actuacións requiren, como no impulso das obras necesarias. Dilixencia que deu como resultado que, cando menos no que respecta á parte que corresponde á Xunta de Galicia, as terminais de autobuses das estacións intermodais de Ourense, Santiago, Vigo e Pontevedra xa estea rematadas e as obras da Coruña adxudicadas.

Con todo está pendente a execución das obras ferroviarias, tanto na estación de Santiago como na de Ourense, onde é unha necesidade perentoria que se acometan as obras e se adecúe a estación de tren, para evitar que os usuarios que xa poden viaxar en AVE desde Madrid se leven unha decepción ao ver como están actualmente os andéns que os reciben.

A posta en marcha de infraestruturas desta envergadura require, a maiores dun salientable investimento económico, a colaboración e coordinación entre as administración implicadas para, co esforzo de todas, poder executalas en prazos razoables e así poder poñelas á disposición da cidadanía o antes posible.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

- Que previsións baralla o Goberno galego para a dotación de infraestruturas intermodais nas principais cidades galegas?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 12:29:29
Nº Rexistro: 37295
Data envio: 19/07/2022 12:29:29.351

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 19/07/2022 12:20:38

Carmen María Pomar Tojo na data 19/07/2022 12:20:58

Ramón Carballo Páez na data 19/07/2022 12:21:28

María Sol Díaz Mouteira na data 19/07/2022 12:21:41

Freire Vázquez, María Begoña na data 19/07/2022 12:28:02

Rubén Lorenzo Gómez na data 19/07/2022 12:28:23

María Belén Salido Maroño na data 19/07/2022 12:28:36

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 12:36:48
Nº Rexistro: 37298
Data envio: 19/07/2022 12:36:48.640

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Luis Bará Torres e **Paulo Ríos Santomé**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a reactivación das obras da Vía Ártabra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A área metropolitana da Coruña segue agardando por actuacións que permitan unha mobilidade adaptada aos tempos actuais, que se adapte ao seu crecemento urbanístico, que conecte os seus polígonos industriais, que permitan desprazamentos sostíbeis e que teña uns estándares equilibrados para os homes e mulleres que a diario se moven entre concellos sexa cal sexa o medio de transporte que usen. A rede viaria metropolitana é insuficiente e caótica o que fai que non haxa unha mobilidade sustentábel, vertebradora o que en moitos casos dificulta as relacións sociais mais crea moitos problemas na actividade económica e empresarial

Desde a presentación en maio de 2001 do "Plan Sectorial da Rede Viaria de A Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros", promovido pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda até a actualidade ten transcorrido un longo camiño de 20 anos que se converten nun magnífico tempo perdido para actuar en positivo neste necesario polo de impulso socioeconómico para unha comarca densamente poboada como é a da Coruña.

Finalmente, tras sucesivas mudanzas, foi en setembro de 2004 cando, sendo Conselleiro de Política Territorial o Sr. Feijóo e director o Sr. Agustín Hernández,

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 12:36:48
Nº Rexistro: 37298
Data envio: 19/07/2022 12:36:48.640

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

publícase no DOG a resolución "Pola que se fai publico o acordo do Consello da Xunta de Galicia pola que se aproba definitivamente o Plan Sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo)".

Mais ese plan sectorial deixa en suspenso o trazado do vial 13 (Vía Ártabra) dicindo o seguinte no 1.4: "Déixase en suspenso o trazado do treito da vía 13 conexión A9/A6/N-VI (Cambre-Oleiros) comprendido entre a estrada AC-221 (acceso ao polígono de Cambre) e a A6. O Planeamento de Cambre deberá incluír unha solución que una o polígono de Cambre coa A6, con características VR-80 entre o polígono e a AP-9 e, con características de C-80 e accesos controlados entre AP-9 e a A6."

Desde ese momento moitos foron as mudanzas e cambios de criterio por parte da Xunta incluídos incumprimentos coas alternativas que se lle pediran no seu momento á corporación municipal mencionada con anterioridade. O certo é que en Agosto de 2009 a Xunta aproba un proxecto en que desaparece a conexión da Vía Ártabra coa AP 9 coa A-6 unha proposta que fora consensuada con todos os concellos da área metropolitana.

A finais de febreiro do 2019 presentáronse oficialmente as obras do novo tramo da Vía Ártabra co anuncio da licitación do tramo entre a Nacional VI e a AP9 por arredor de 40 millóns de euros e cun prazo de execución de 36 meses, dando comezo no verán do mesmo ano. O certo é que o proxecto chega con polémica pola afectación a unha zona natural, todo isto a pesares de existir outras alternativas con menor impacto e tamén porque ao non facerse a conexión coa A 6 perde o seu verdadeiro obxectivo que é vertebrar a mobilidade en toda a área.

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 12:36:48
Nº Rexistro: 37298
Data envio: 19/07/2022 12:36:48.640

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E nesta altura, en pleno verán de 2021, coas obras proceso e coa consecuente afectación na mobilidade viaria e na seguridade, os medios de comunicación informan da parálise total das obras até a vindeira primavera de 2022.

A Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade afirma que se debe, por unha banda, «ás afeccións das liñas de gas e de media tensión» e, pola outra, "á falta de permiso para continuar coa conexión coa autoestrada de titularidade estatal», algo que coñecían desde o ano 2017 xa que segundo se fixo público había un informe do Ministerio de Fomento a este respecto onde se dicía que tendo en conta que era preciso modificar o actual contrato co titular da concesión na actuacións coa AP9, sería preciso subscribir, con carácter previo á execución das obras, un convenio entre as administracións implicadas (Fomento, Xunta e Audasa).

Un argumentario que, ao entender do grupo parlamentario do BNG, visibiliza o alto grao de improvisación con que actúa o goberno do PP na Xunta de Galiza.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Como xustifica o goberno que nun proxecto coma este non se contemple previamente nos estudos unha liña de media tensión e unha canalización do gas?

. Dispón a Xunta do acordo e autorización do Estado para conectar esta vía coa AP-9?

. Comezou a Xunta as obras con plena seguridade a respecto dos necesarios procedementos previos?

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 12:36:48
Nº Rexistro: 37298
Data envio: 19/07/2022 12:36:48.640

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Como pensa resolver agora a afectación negativa que esta parálise das obras provoca?

. Prevé favorecer a mobilidade intercomarcal cun reforzo do servizo de transporte metropolitano público para evitar maiores problemas de circulación na zona afectada?

. Cando se vai comezar a conexión coa A-6 ?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Paulo Ríos Santómé
Luis Bará Torres
Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 12:35:26

Paulo Ríos Santomé na data 19/07/2022 12:35:33

Mercedes Queixas Zas na data 19/07/2022 12:35:42

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 12:39:20
Nº Rexistro: 37299
Data envio: 19/07/2022 12:39:20.246

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Iria Carreira Pazos, Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e **Paulo Ríos Santomé**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o seguimento do acordo parlamentario para demandar do goberno central a rectificación da modificación de horarios do tren Avant Coruña-Ourense e recuperación de liñas suprimidas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de máis de 20 anos de atraso, Galiza asistía en decembro de 2021 á segunda inauguración do AVE da súa historia. Coa aproximación da liña de alta velocidade até Taboadela, en Ourense, vaise verificando o cumprimento tardío dalgúns dos compromisos en materia de ferroviaria pendentes por sucesivos gobernos centrais de PP e PSOE. Máis alá dos prexuízos pola demora, hai un problema de fondo que é que este longo proceso non se acompañou cun desenvolvemento adecuado das conexións interiores do país. Máis aínda, o aumento das frecuencias e opcións de conexión coa meseta, necesarias e positivas, está a supoñer a alteración de servizos e horarios causando importantes prexuízos. Así mesmo, acompáñase no tempo da non recuperación de servizos suprimidos coa coartada da covid-19 (caso do Avant Ourense-Santiago das 06:45) como do incumprimento da demanda de abaratamento dos prezos, contrastando coa política de promocións das novas liñas, que fan máis patente o agravio duns prezos absolutamente abusivos e ata un 60% superiores aos que se pagan nas

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 12:39:20
Nº Rexistro: 37299
Data envio: 19/07/2022 12:39:20.246

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conexións da franxa atlántica e cuns horarios ao servizo da conexión con Madrid no lugar de ao servizo das necesidades da poboación.

Estas son as consecuencias de obedecer a un modelo de desenvolvemento do tren centralista, no lugar de primar a conexión interior de Galiza, que carece hoxe dun tren de proximidade como si ten Catalunya ou Cantabria. E son tamén as consecuencias da progresiva privatización dun servizo que debe ser público e axudar ao desenvolvemento económico.

Aproveitando a crise da covid-19, o goberno central suprimiu diferentes liñas sen xustificación e que aínda non recuperou. É o caso da liña Avant entre Ourense e A Coruña con saída ás 06:45. Máis aínda, coñecidos os horarios a partir do día 21 de decembro, data de inicio das rutas de AVE, non só non se recupera esta liña senón que hai alteracións horarias importantes na dirección Coruña-Ourense, ao pensar a planificación só para a conexión exterior, que prexudican gravemente colectivos de viaxeiros e viaxeiras como estudantes, funcionariado e outros traballadores e traballadoras por conta allea con menor flexibilidade horaria. Por exemplo, a partir do 21 de decembro, Renfe decidiu unilateralmente cambiar boa parte dos horarios e frecuencias, entre eles o que chega desde A Coruña, pasando por Santiago, a Ourense ás 8:38, que é no que se desprazaban usuarios e usuarias que comezan a traballar ás 8:00 ou 8:30. A partir desa data, o tren chega a Ourense sobre as 7:00, tendo que esperar mesmo máis dunha hora no destino. Así mesmo, a alteración de horarios de tarde fai que moitas persoas que se atopan na situación inversa teñan que prorrogar o seu regreso ao non ser quen de coller os trens a tempo.

Problemas similares danse na franxa atlántica, o que motivou tamén protestas de usuarios e usuarias e unha tímida modificación por parte da operadora, insuficiente para as e os demandantes e que amosa como realmente se non hai modificación na liña de

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 12:39:20
Nº Rexistro: 37299
Data envio: 19/07/2022 12:39:20.246

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ourense é porque non se quere alterar a conexión con Madrid e non se aposta por buscar unha compatibilidade entre as necesidades, senón que de forma automática apóstase exclusivamente por dar prioridade á conexión coa Meseta en detrimento das necesidades de conexión interior.

No último pleno ordinario de 2021 o Parlamento galego aprobou o seguinte texto:

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a demandar do goberno central:

1.- O mantemento da liña Avant Coruña-Ourense con saída ás 6:30 da mañá e chegada ás 7:38 e a revisión dos horarios de cara a favorecer a mobilidade entre Coruña, Santiago, Ourense e viceversa nos horarios laborais habituais permitindo o desprazamento e chegada nas primeiras e últimas horas da mañá e da tarde compatibilizando a conexión interior coa conexión coa meseta e coas novas conexións de AVE entre Ourense e Madrid

2.- O cumprimento do acordo unánime do Pleno do Parlamento Galego do pasado 7 de febreiro de 2018 sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas necesidades existentes e as melloras necesarias no transporte ferroviario entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña, esixindo que no prazo de dous meses se negocie con Galicia un calendario de cumprimento

3. A reposición inmediata das liñas de ferrocarril suprimidas baixo a desculpa da covid-19

4.- Ampliar de xeito inmediato o cadro de persoal, principiando por cubrir as prazas vacantes, que permitan garantir o funcionamento axeitado de todos os servizos,

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 12:39:20
Nº Rexistro: 37299
Data envio: 19/07/2022 12:39:20.246

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

especialmente no relativo á necesaria corrección do déficit de maquinistas, de especialistas de operacións comerciais de información e venda presencial, persoal de control de acceso e persoal de atención aos viaxeiros".

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Que actuacións levou a cabo o goberno galego para esixir o cumprimento dos acordos parlamentarios respecto do ferrocarril de febreiro de 2018 e decembro de 2021?

. Vai demandar a Xunta de Galiza a transferencia das competencias en materia ferroviaria para poder desenvolvermos un tren galego de proximidade?

. Ten estimado ou estudado cal sería o orzamento necesario? Por que non é público o presunto informe do que teñen falado os medios de comunicación?

. Considera o goberno galego que o modelo ferroviario actual axuda ou agrava os indicadores de competitividade de Galiza?

. Considera o goberno galego que o modelo ferroviario actual axuda ou agrava o illamento das comarcas de interior?

. Vai desenvolver algún estudo ao abeiro da Comisión galega de competencia? E do Instituto Galego do consumo e da competencia?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 12:39:20
Nº Rexistro: 37299
Data envio: 19/07/2022 12:39:20.246

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Mercedes Queixas Zas

Iria Carreira Pazos

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 19/07/2022 12:38:19

Noa Presas Bergantiños na data 19/07/2022 12:38:24

Iria Carreira Pazos na data 19/07/2022 12:38:34

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/07/2022 12:38:41

Paulo Ríos Santomé na data 19/07/2022 12:38:49

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 12:38:55

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 12:40:37
Nº Rexistro: 37300
Data envio: 19/07/2022 12:40:37.682

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e **Alexandra Fernández Gómez,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ao control de especies exóticas invasoras e aos resultados do Plan Estratéxico de xestión de especies exóticas invasoras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. As especies exóticas invasoras constitúen unha das principais ameazas para a biodiversidade, e conlevan riscos para os equilibrios ecolóxicos, para a saúde e para as actividades económicas. Ademais de constituír a segunda causa de perda de biodiversidade segundo as Nacións Unidas, poden causar efectos prexudiciais na saúde como a transmisión de enfermidades e tamén teñen efectos prexudiciais no ámbito económico, principalmente nas actividades do sector primaria como a agricultura, gandaría, pesca, marisqueo, apicultura, etc.

2. A Xunta de Galiza publicou en 2006 o estudo "As especies exóticas invasoras en Galicia: diagnóstico da situación actual e proposta de liñas de actuación". No ano 2013 aprobouse o Plan Estratéxico de xestión das Especies Exóticas Invasoras e para o desenvolvemento dun sistema estandarizado de análise de riscos para as especies exóticas en Galicia.

Este documento fixaba como obxectivos os seguintes:

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 12:40:37
Nº Rexistro: 37300
Data envio: 19/07/2022 12:40:37.682

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A) Obxectivo xeral: Minimizar o risco que supón a presenza de EEI para a biodiversidade, a saúde e a economía na Comunidade Autónoma de Galicia e reducir os impactos negativos causados polas mesmas.

B) Obxectivos específicos: sentar as bases necesarias para:

1) Determinar os roles e as responsabilidades nos seo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das súas diferentes Consellerías (a nivel central e provincial) e organismos asociados, respecto os obxectivos estratéxicos, liñas estratéxicas e actuacións sinaladas;

2) Previr a introdución, establecemento e/ou dispersión de EEI, minimizando o risco asociado ás mesmas;

3) Detectar e reducir o risco de introdución, establecemento e/ou dispersión de EEI.;

4) Establecer programas de contención, control e/ou erradicación de poboacións de EEI, de forma que se minimicen ou se eliminen o seus impactos negativos, favorecendo a posterior recuperación dos ecosistemas;

5) Rehabilitar e restaurar os ecosistemas danados pola presenza de EEI,

devolvéndoos na medida do posible o seu estado anterior.

En canto ás actuacións de xestión, o Plan contemplaba as seguintes

- Accións prioritarias estratéxicas e resultados esperados.

- Accións prioritarias xerais e resultados esperados.

- Accións prioritarias en zonas de alto valor ecolóxico.

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 12:40:37
Nº Rexistro: 37300
Data envio: 19/07/2022 12:40:37.682

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Accións estratéxicas transversais.

Transcorridos 7 anos desde a aprobación da Estratexia, non se coñecen os resultados das diferentes liñas de actuación. E se atendemos ao publicado na web da consellaría de medio ambiente o balance é máis ben escaso.

3. O artigo 108 da LEI 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia establece o seguinte nos apartados 4., 5. e 6.

4. Sen prexuízo do disposto no artigo 64.7 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, a consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural poderá, no seu ámbito competencial, elaborar uns plans que conteñan as directrices de xestión, control e posible erradicación das especies do Catálogo español de especies exóticas invasoras, outorgando prioridade a aquelas especies que supoñan un maior risco para a conservación da fauna, a flora ou os hábitats autóctonos ameazados, con particular atención á biodiversidade insular.

5. A consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural establecerá unha Rede de alerta para a vixilancia das especies exóticas invasoras que recompile e rexistre os datos sobre a incidencia no medio das especies exóticas invasoras.

6. A Administración autonómica adoptará as medidas de control ou de erradicación das especies exóticas invasoras. No marco dos plans de control e de erradicación da Administración autonómica poderáselles incluír a imposición da obriga de execución de tales medidas ás persoas responsables da introdución ou da propagación.

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 12:40:37
Nº Rexistro: 37300
Data envio: 19/07/2022 12:40:37.682

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Cal é o balance de resultados do Plan Estratéxico de xestión de especies exóticas invasoras de 2013?

- Que accións prioritarias estratéxicas se levaron a cabo e cales foron os resultados?

- Que accións prioritarias xerais se levaron a cabo e cales foron os resultados?

- Que accións prioritarias en zonas de alto valor ecolóxico se levaron a cabo?

- Que accións estratéxicas transversais se levaron a cabo?

- Que previsións ten o goberno galego en relación co establecido no artigo 108 da lei de patrimonio natural e da biodiversidade?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 12:40:37
Nº Rexistro: 37300
Data envio: 19/07/2022 12:40:37.682

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 12:40:07

Paulo Ríos Santomé na data 19/07/2022 12:40:11

Alexandra Fernández Gómez na data 19/07/2022 12:40:18

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 12:51:05
Nº Rexistro: 37301
Data envio: 19/07/2022 12:51:05.076

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A pandemia da covid-19 provocou unha crise económica e social de dimensións non coñecidas ata ese momento e que foi posible ir superando grazas aos recursos económicos achegados pola Unión Europea e polos Estados para que tanto as familias como os sectores produtivos e o emprego se puideran manter sen deixar a ninguén atrás.

Cando estabamos remontando esta crise, a invasión do exército ruso de Putin a Ucraína, en febreiro deste ano, veu marcar unha nova etapa, agravando a situación de inflación previa derivada da saída da crise coa consecuente suba de prezos da enerxía en toda Europa, impactando novamente nas economías domésticas, na competitividade das empresas e na industria, nos mercados globais e sobre o crecemento económico a medio e longo prazo, cun incremento do IPC interanual en xuño que chegou ao 11,1 en Galicia, case un punto máis que no Estado (10,2). Unha situación que afecta ás familias en xeral, pero cébase especialmente coas familias máis vulnerables e con determinados sectores produtivos e, xa que logo, volve ser preciso o compromiso e impulso necesario por parte de todas as administracións, que deben adoptar medidas que supoñan minimizar o impacto da situación que están a padecer as familias, as persoas autónomas e as empresas.

Ante esta realidade, o Goberno do Estado aprobou inmediatamente os reais decretos lei 6/2022 e 11/2022 con medidas que supoñen máis de 15.000 millóns de euros para paliar os efectos desta realidade socioeconómica, entre elas, o incremento nun 15 % do Ingreso Mínimo Vital e das pensións non contributivas, a creación dun bono social de 200 €, unha nova rebaixa dos impostos aos combustibles, establecendo un límite dun 2% ao incremento dos alugueres, incrementando o bono eléctrico para máis familias, a rebaixa dun 0,20 céntimos /litro nos combustibles ou coa aprobación do bono aluguer para xente moza, que supón 235 €/mes para as persoas menores de 35 anos.

Durante este tempo, o ex-presidente Feijóo e o actual presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, dedicaron os seus esforzos a criticar as medidas postas en marcha polo Goberno de Pedro Sánchez no canto de coadxuvar coa posta en marcha de medidas inmediatas e eficaces para que ninguén quede atrás na nosa comunidade, sendo a primeira medida de calado tomada polo actual presidente

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 12:51:05
Nº Rexistro: 37301
Data envio: 19/07/2022 12:51:05.076

do executivo retirar a tarxeta básica que daba cobertura a 75.000 familias galegas, anunciar o bono alugueiro para xente moza posto en marcha polo Estado ou a posta en marcha dun programa de fomento da mobilidade sustentable destinando 500.000 euros en axudas para a adquisición de bicicletas eléctricas.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera o Goberno galego suficientes as medidas que puxo en marcha para axuda ás familias e aos sectores produtivos da nosa comunidade?

2ª) Cales van ser as medidas que vai achegar a Xunta de Galicia, neste segundo semestre do ano para axudar ás familias galegas a superar esta situación de suba dos prezos?

3ª) Cales van ser as medidas que vai achegar a Xunta de Galicia, neste segundo semestre do ano, para axudar aos sectores produtivos máis afectados polo incremento da inflación na nosa comunidade?

4ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre as medidas adoptadas neste primeiro semestre do ano para axudar ás familias e aos sectores produtivos máis afectados polo incremento dos prezos na nosa comunidade?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/07/2022 12:49:47

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/07/2022 12:50:01

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 12:53:17
Nº Rexistro: 37307
Data envio: 19/07/2022 12:53:17.011

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A pandemia da covid-19 provocou unha crise económica e social de dimensións non coñecidas ata ese momento e que foi posible ir superando grazas aos recursos económicos achegados pola Unión Europea e polos Estados para que tanto as familias como os sectores produtivos e o emprego puidesen manterse sen deixar a ninguén atrás.

Existe un certo consenso entre organizacións profesionais, científicas, sindicais, políticas, de usuarios, académicas... orientado ás decisións que son necesarias. É común ser conscientes de que non son cambios sinxelos, e que a súa implantación debe ser progresiva, pero a intención de fomentar a publicidade e a aparente transformación que non termina en nada repercuten no ánimo dun plantel de profesionais ao limite e dunha poboación que ve como se perde un sistema que foi emblema do estado do benestar. Non en tanto, os últimos orzamentos da Xunta de Galicia aprobados diminúen a aportación para a atención primaria con

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

respecto ao ano pasado, o que amosa unha clara intencionalidade e aposta política do actual Goberno.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno de Galicia que ten a capacidade de afrontar realmente un cambio de modelo en Atención Primaria que desafogue ás e aos profesionais e permita mellorar a capacidade asistencial?

2. Que razóns cre o Goberno de Galicia que explican a situación límite actual do sistema de atención primaria de Galicia?

3. Que previsión ten o Goberno de Galicia para reformular o modelo de Atención Primaria actualmente en funcionamento?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2022 10:30:39

Marina Ortega Otero na data 19/07/2022 10:30:46

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 12:58:33
Nº Rexistro: 37327
Data envio: 19/07/2022 12:58:33.068

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Patricia Otero Rodríguez e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo.**

A investigación e o desenvolvemento do coñecemento sobre o mar e o ecosistema mariño supón unha ferramenta imprescindible para o sector socio-económico que depende da nosa pesca e marisqueo. Precisamos un coñecemento de alta especialización sobre procesos biolóxicos, controis de calidade do produto e das augas, avances sobre novos métodos de traballo e optimización dos sistemas de funcionamento que hoxe en día utiliza o sector marítimo pesqueiro de Galicia.

Para isto a rede de investigadores e grupos de investigación en Galicia ten un capital humano fabuloso, cuxa calidade profesional está acreditada e recoñecida non só unicamente a nivel galego ou español, senón a nivel internacional situando a calidade da investigación galega entre as mellores do mundo. Así, os centros de investigación sobre cuestións do eido marítimo son obxecto de visita e aproveitamento doutros grupos e centros de coñecemento doutros países. Non é menor destacar que moitos avances e progresos no contexto da Unión Europea teñen unha aportación relevante e importante dos centros e grupos de investigación situados en Galicia.

Non en tanto, e a pesares deste nivel de excelencia, a investigación precisa estar en constante avance para non ficar atrás. Nesta liña precisamos ser conscientes de que a investigación non se fai soa, e que para situarse na vangarda precísase dotar de fondos para poder desenvolver novas liñas, aumentar a capacidade de traballo e poder ambicionar novos proxectos.

Na recente visita que o grupo de deputados/as da Comisión 8.ª do Parlamento de Galicia realizou ao Intecmar, centro de referencia dentro da rede pública galega de investigación sobre o sector do mar, dende o propio centro foi formulada a idea de que unha maior dotación de persoal contribuiría a ter maiores capacidades para seguir na excelencia do rendemento. Esta idea, absolutamente lóxica, semella unha aportación de interese sobre a que o Parlamento de Galicia, e nomeadamente a Comisión 8.ª, pode manter unha posición política que esixa un maior investimento en persoal investigador para este centro de coñecemento.

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 12:58:33
Nº Rexistro: 37327
Data envio: 19/07/2022 12:58:33.068

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando ten previsto o goberno de Galicia aumentar o persoal investigador para o centro Intecmar?
2. Que previsión en termos de persoal ten o Goberno de Galicia sobre o centro Intecmar?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Leticia Gallego Sanromán
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2022 10:31:31

Patricia Otero Rodríguez na data 19/07/2022 10:31:40

María Leticia Gallego Sanromán na data 19/07/2022 10:31:50

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 12:59:04
Nº Rexistro: 37329
Data envio: 19/07/2022 12:59:04.583

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A atención sanitaria na comarca do Deza permanece, durante anos, a medio camiño entre as propostas incumpridas polo Goberno autonómico e as necesidades detectadas e sinaladas por persoas usuarias e profesionais en practicamente todos os concellos.

A atención primaria sofre unha perda de capacidade asistencial froito da incapacidade de xestión do Goberno autonómico, fundamentalmente en termos de persoal. Recentemente son coñecidos os problemas coa praza de pediatría en Vila de Cruces, onde veciños e veciñas ven como perden a posibilidade de ser atendidos no seu centro de saúde de maneira axeitada, situándose na actualidade nunha hora diaria atendido por persoal doutro centro de saúde que se despraza.

Existe notoria incerteza sobre esta situación, dado que a veciñanza non coñece a real intención sobre o futuro da atención pediátrica, se esta é unha situación que se estabilizará tal e como se atopa agora, se a tendencia será a eliminala definitivamente ou terá a previsión de retomar a asistencia pediátrica como estaba anteriormente.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que solución prevé o goberno da Xunta de Galicia para a situación da atención pediátrica en Vila de Cruces?

2. Ten o goberno da Xunta de Galicia a intención de eliminar a praza de pediatría en Vila de Cruces?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2022

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2022 10:33:56

Marina Ortega Otero na data 19/07/2022 10:34:03

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 12:59:39
Nº Rexistro: 37331
Data envio: 19/07/2022 12:59:39.004

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A situación da Atención Primaria é un dos eixos de debate na política sanitaria dos recentes anos, co obxectivo de facer fronte ás realidades difíciles que complican a posibilidade de fortalecer a súa capacidade resolutiva e a necesidade de responder ás demandas dunha poboación que vén transformando a súa demanda de asistencia sanitaria, froito do avellentamento e da cronificación de moitos procesos patolóxicos, que conlevan aumento da demanda. Tamén súmanse ao problema as dificultades nas políticas de recursos humanos derivadas das políticas de recortes da última década.

Na necesaria reformulación do modelo asistencial da Atención Primaria debe estar no eixo a ampliación das profesións que deben ser incluídas, nun modelo que debe aspirar a ser verdadeiramente multidisciplinar e non médico-centrista como é na actualidade. Así, liberaríase aos profesionais facultativos de medicina para dedicar os seus esforzos á propia práctica clínica e non a traballo administrativo ou propio doutras categorías sanitarias.

A podoloxía, como unha máis das profesionais sanitarias que contribúe á saúde da poboación, debe ser unha categoría a incluír na atención primaria á que se debe camiñar. Neste sentido, o Congreso dos Deputados aprobou en marzo de 2021 un acordo unánime na comisión de sanidade para avanzar nesta vía, que o goberno de España xa asumiu para que o Consello Interterritorial de Saúde poida definir un marco xeral para as comunidades autónomas e orientar a incorporación dos servizos de podoloxía ao Sistema Nacional de Saúde.

Diante disto hai algunha Comunidade Autónoma, como Cantabria, que xa está incorporando ao seu sistema sanitario público a profesionais de podoloxía, anticipándose aos acordos que deberan saír adiante porque foron apoiados pola unanimidade da Comisión de Sanidade do Congreso. Esta CA, como outras que iniciaron xa os procesos para facelo, consegue optimizar o seu funcionamento, axeitando o profesional adecuado para cada problema asistencial e permitindo a cada categoría dedicarse ao servizo para o que están preparados.

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 12:59:39
Nº Rexistro: 37331
Data envío: 19/07/2022 12:59:39.004

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia abrir o proceso de convocatoria de prazas para podólogos/as no Sergas na vindeira OPE?

2. Vai apoiar a Xunta de Galicia a implantación do servizo de podoloxía dentro do sistema público de saúde no momento en que a cuestión sexa tratada no Consello Interterritorial do SNS?

3. Ten intención a Xunta de Galicia de imitar a outras comunidades autónomas, como Cantabria, e convocar prazas de podoloxía antes de que sexa impulsado polo CISNS?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2022 10:59:15

Marina Ortega Otero na data 19/07/2022 10:59:23

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:00:07
Nº Rexistro: 37333
Data envío: 19/07/2022 13:00:07.941

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A atención primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de todos os axentes implicados no deseño e implementación das políticas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

O Concello de Moraña é un exemplo da situación difícil que está vivindo a atención primaria, fundamentalmente por unha política de recortes e de decisións cortoplacistas fomentada polos gobernos de Núñez Feijoo durante os últimos 10 anos. Unha deficiente política de Recursos Humanos levou ao sistema público, e en particular á Atención Primaria, a atoparse ante un escenario de difícil cobertura, ante o que a reacción do goberno da Xunta de Galicia é moi limitada, non cubrindo prazas de profesionais e saltándose o cumprimento de baremos e estándares sobre cadros de persoal e cupos.

Neste concello o centro de saúde de Moraña vén pasando durante os últimos meses por moitos problemas de cobertura dos e das profesionais, que cando se atopan nalgún caso de vacacións ou baixas non son cubertos e, por tanto, perde calidade a capacidade asistencial sobre a poboación. O centro de saúde de Moraña contou durante tempo con 3 consultas de facultativo de atención primaria, ademais da existencia dunha atención pediátrica. Non en tanto, a xubilación dunha profesional non foi cuberta pola Consellería de Sanidade, e as consultas de primaria no centro de saúde pasaron a ser so dúas, e a realidade é que o hábito é non cubrir as baixas ou vacacións cando existen, polo que o resultado é que o centro de saúde que ten tres consultas asignadas cubre a asistencia, en moitas ocasións, cun so profesional. Isto supón que o volume de pacientes distribúese entre os facultativos que si están no centro, en varias ocasións un so, o que provoca un incremento dificilmente asumible. Este incremento provoca a saturación e as demoras na atención, e xera tamén retrasos na concesións das citas, dándose a circunstancia de que as esperas xa son un problema real que a cidadanía considera un problema.

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

A esta situación engádese a ausencia de cobertura da praza de atención pediátrica, que antes existía de maneira compartida con Cuntis, e que agora xa non existe no centro remitindo ás persoas ao centro de Caldas de Reis, que de por si ten numerosos problemas de mantemento e acondicionamento do centro de saúde, xa que o goberno da Xunta de Galicia négase a facer o novo centro de saúde que Caldas necesita.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asina formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cando prevé o Goberno de Galicia recuperar a dotación de recursos humanos de 3 profesionais de medicina familiar e comunitaria e 1 de pediatría para recuperar o nivel asistencial que tiña?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2022 11:00:16

Marina Ortega Otero na data 19/07/2022 11:00:24

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:00:48
Nº Rexistro: 37336
Data envio: 19/07/2022 13:00:48.049

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A saúde mental é un dos graves problemas de saúde que está a padecer a nosa sociedade en xeral. De maneira específica, Galicia amosa feitos diferencias negativos no padecemento de problemas de saúde mental, como así se evidencia a partir de diversos datos chamativos.

A ratio de profesionais existentes en Galicia en función da poboación coloca a esta Comunidade Autónoma na cola de España en todas as categorías (psiquiatría, psicoloxía, enfermería especialista en saúde mental); o consumo de fármacos orientados á saúde mental sitúase en topes históricos e tamén comparativo co resto de comunidades autónomas de España; os datos sobre suicidios ubican a Galicia entre as comunidades autónomas con peores datos de España...a situación é moi preocupante.

Despois de varios intentos durante os últimos anos para tratar de orientar os esforzos do Goberno de Galicia en saúde mental, en marzo de 2021 chegouse a un acordo para a votación por unanimidade dunha parte dunha proposición non de lei do Grupo Socialista, que foi rexeitada no resto de propostas polo Grupo Popular, e cuxo texto aprobado foi:

1) Desenvolver de maneira efectiva e real o Plan Galego de Saúde Mental comprometéndose, como mínimo, a:

- Desenvolver un plan de contratación de persoal sanitario en saúde mental de profesionais de psiquiatría, psicoloxía clínica, traballadores/as sociais, enfermeiras especialistas en saúde mental, técnicos auxiliares e terapeutas ocupacionais que implique a creación de 120 novas prazas antes da fin de 2021 e que se estenda para equiparar o volume de profesionais de saúde mental no Sergas á media estatal en todas as categorías de maneira efectiva ao inicio de 2024.

- Dotar os medios axeitados para o inicio do funcionamento, en 2021, dunha unidade de psicoxeriatría na área sanitaria de Ourense

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:00:48
Nº Rexistro: 37336
Data envio: 19/07/2022 13:00:48.049

2) Asumir o informe do Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura e levar a cabo todas as medidas e recomendacións que se indican para reverter os graves problemas sinalados nos vindeiros 6 meses, solicitando posteriormente unha nova avaliación ao propio MNP ou auditoría externa independente que valore o cumprimento e a situación do centro e das persoas alí ingresadas

3) Acordar coa Fegamp o mecanismo para iniciar o procedemento de incorporar ao Sergas os profesionais e servizos sanitarios de saúde mental que prestan os servizos dependentes das administracións locais, para ordenar a atención e que dependa do organismo

A realidade da saúde mental segue sendo un grave problema en Galicia, e precísase unha aposta decidida para acompañar unha reivindicación cidadá clara que está a conquerir, sobre todo nos últimos tempos, unha visibilidade que aporta na concienciación colectiva das necesidades.

Resulta imprescindible avaliar o cumprimento das medidas aprobadas, tanto polo beneficio que pode levar á cidadanía como polo respecto parlamentario ao traballo desenvolvido. Ademais parece necesario afondar nas medidas estruturais a tomar para ampliar os recursos e os plans asistenciais orientados á saúde mental da cidadanía de Galicia.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como valora o goberno da Xunta de Galicia a situación asistencial orientada á saúde mental en Galicia?

2. Que valoración fai o goberno da Xunta de Galicia do nivel de execución do acordo adoptado por unanimidade no Parlamento de Galicia en marzo de 2021?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2022 11:01:38

Marina Ortega Otero na data 19/07/2022 11:01:45

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:01:14
Nº Rexistro: 37338
Data envio: 19/07/2022 13:01:14.096

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O Sergas converteuse, dende hai anos, na referencia de contratación en precario no sistema público en Galicia e, en boa medida, tamén na comparativa co sector privado. O hábito de contratación tende sempre á precariedade, co abuso de temporalidade e a saturación de contratos. Estes casos ocorren coa tendencia a concatenar contratos pequenos para cumprir substitucións e baixas, en troques de fomentar relacións laborais o máis previsibles e estables posibles.

Como veñen denunciando moitos colectivos profesionais, a eventualidade no Sergas sitúase en taxas non aceptables para poder armar un sistema todo o eficiente que pode ser. Así o indicaron tamén varios dos comparecentes na Comisión de Reconstrución desenvolvida no Parlamento de Galicia, na que todos os que desenvolven actividade asistencial apuntaron a volumes de eventualidade por riba do 25 %, e nalgunhas categorías preto do 40 % en situacións puntuais como no caso da enfermería.

A realidade é que a política de contratación do Sergas resulta a todas luces insuficiente, fomentando a volatilidade dos procesos que se consolidan co tempo e que optimizan o funcionamento, como o hábito dos equipos mantidos en tempo, a atribución estable de roles, o coñecemento dos servizos e a especialización no traballo duns e outros profesionais.

Todo este sistema precisa dunha aposta forte pola estabilización, que pasa por diferentes medidas en termos de contratación estable, pero tamén por utilizar os mecanismos existentes da maneira máis axeitada. Isto non é o que está a ocorrer, xa que estase a espremer toda posibilidade de precarizar o emprego, priorizando o rendemento económico do sistema naquilo que é a maior potencialidade que ten: o persoal. Neste último grupo de medidas, aquelas que teñen que ver unicamente con criterios no hábito de contratación, está a necesidade de cubrir as baixas e/ou substitucións coa maior estabilidade posible (dentro dun tipo de contrato que, xa de por si, é eventualidade).

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:01:14
Nº Rexistro: 37338
Data envio: 19/07/2022 13:01:14.096

Sendo necesaria a existencia de eventualidade, é necesario reducila ao marxe necesario e afondar nas políticas de contratación para que, dentro dela, exista o maior fortalecemento do sistema posible.

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Considera o Goberno da Xunta de Galicia que os hábitos de contratación utilizados polo Sergas responden ás necesidades de calidade do sistema sanitario público de Galicia?
2. Por que a contratación temporal no Sergas mantén o hábito de promover a precariedade co abuso do número de contratos nos casos que poden ser reducidos?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2022 11:02:59

Marina Ortega Otero na data 19/07/2022 11:03:07

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:01:42
Nº Rexistro: 37340
Data envio: 19/07/2022 13:01:42.548

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A pandemia provocada pola Covid-9 amosou a necesidade de contar cun sistema de saúde pública con capacidade de resposta rápida e eficiente ante posibles problemas que poidan xerarse en termos de saúde pública. As dificultades para avaliar a evolución dun problema destas características, así como as complicacións para contar cunha dotación axeitada de material de prevención, sobre todo nas fases iniciais dunha situación así, son aspectos que debemos ter aprendidos para melloralos de cada ao futuro.

En Galicia o sistema de saúde pública sitúase nos últimos anos nun plano lateral dende o punto de vista da xestión do Sergas, recuperando o seu protagonismo unicamente a partir da aparición da pandemia. A insertación deste servizo dentro do Sergas, limitado pola subsumisión dentro dunha administración na que o seu peso veu sendo sempre menor do que debía, limita a súa capacidade de acción. A realidade é que a saúde pública é un área de traballo que necesita estar en permanente contacto coas liñas de investigación, cos planos asistenciais do sistema sanitario e tamén, de ser o caso, con outros ámbitos de xestión como a educación, a seguridade, emerxencias ou outros.

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Como valora o Goberno da Xunta de Galicia a posibilidade de crear unha Axencia de Saúde Pública de Galicia para a mellora da capacidade de resposta e acción?
2. Considera o Goberno da Xunta de Galicia que o sistema de saúde pública de Galicia está ben dotado en termos de recursos materiais e humanos?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2022

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2022 11:04:07

Marina Ortega Otero na data 19/07/2022 11:04:14

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:02:13
Nº Rexistro: 37342
Data envío: 19/07/2022 13:02:13.204

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Marina Ortega Otero e Paloma Castro Rey, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A pandemia provocada pola COVID xerou algunhas situacións de alteración na asistencia en atención primaria na rede de centros de saúde de Galicia. A capacidade da primaria viuse sacudida pola necesidade de exercer como primeira barreira fronte á COVID, tarefa na que os profesionais demostraron unha vez máis a súa eficiencia e capacidade resolutiva a pesar de ter pouca coordinación dende a dirección do Sergas.

Unha vez superada a emerxencia sanitaria, e a pesares da lóxica vixilancia ante os problemas que aínda perduran vinculados á COVID, a asistencia sanitaria non pode ser o último sistema que recupere unha racional normalidade de funcionamento. Os servizos que dende a dirección da Xunta de Galicia foron suprimidos ou mermados apoiándose na xustificación da pandemia deben volver a recuperar o seu funcionamento habitual.

Non está sendo así en Fornelos de Montes, onde o servizo de pediatría que estaba dispoñible antes do inicio da pandemia aínda non foi reposto. Fornelos tiña un servizo atendido por unha pediatra de maneira compartida con Pazos de Borbén, facendo dúas visitas semanais ao concello. Este servizo, con motivo da pandemia, foi reorganizado para ser atendido desde Redondela. Na actualidade, unha vez superada a emerxencia sanitaria, os veciños e veciñas manifestan a súa dúbida sobre as intencións da consellería, nunca aclaradas, sobre o prazo para repoñer o servizo. A atención pediátrica antes rotatoria entre Pazos de Borbén e Fornelos sitúase agora en Redondela, cos mesmos profesionais que antes daban servizo a propia vila e a estes dous concellos, pero agora de maneira agrupada.

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Polo exposto, o deputado e deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando pensa o Goberno da Xunta de Galicia repoñer o servizo de pediatría para os concellos de Fornelos de Montes e Pazos de Borbén como estaba previamente á pandemia provocada pola COVID?
2. Por que o Goberno da Xunta de Galicia nega ofrecer información sobre as súas intencións aos concellos afectados por esta organización circunstancial do servizo?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Paloma Castro Rey
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2022 11:05:27

Marina Ortega Otero na data 19/07/2022 11:05:38

Paloma Castro Rey na data 19/07/2022 11:05:50

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e **Marina Ortega Otero**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A pandemia provocada pola COVID xerou algunhas situacións de alteración na asistencia en atención primaria na rede de centros de saúde de Galicia. A capacidade da primaria viuse sacudida pola necesidade de exercer como primeira barreira fronte á COVID, tarefa na que os profesionais demostraron unha vez máis a súa eficiencia e capacidade resolutiva a pesar de ter pouca coordinación dende a dirección do Sergas

Unha vez superada a emerxencia sanitaria, e a pesares da lóxica vixilancia ante os problemas que aínda perduran vinculados á COVID, a asistencia sanitaria non pode ser o último sistema que recupere unha racional normalidade de funcionamento. Os servizos que dende a dirección da Xunta de Galicia foron suprimidos ou mermados apoiándose na xustificación da pandemia deben volver a recuperar o seu funcionamento habitual.

Non está sendo así en Cuntis, unha localidade que ven reclamando de maneira sistemática e continuada un claro déficit de atención en termos de recursos humanos desde tempos anteriores á pandemia, e sempre minusvalorado pola dirección do Sergas e o goberno da Xunta de Galicia. Así o teñen manifestado os veciños e veciñas de Cuntis, con manifestación numerosas e actos de protesta ante a nula vontade resolutiva da Consellería, que non da reposto nin cuberto as necesidades de profesionais que a vila ten. Entre as accións levadas a cabo tamén están os acordos e unanimidades dos representantes políticos, nos que todas as formacións teñen sumado esforzos para reivindicar unha necesidade que, cando chega a instancias superiores no Parlamento de Galicia ou na Xunta de Galicia atópase co rexeitamento frontal do Goberno e o Grupo Popular na Cámara galega.

Cuntis non ten cubertas todas as prazas de profesionais de medicina de familia que ten asignadas, e dende o inicio da pandemia perdeu a cobertura pediátrica no seu centro de saúde, véndose obrigados os veciños e veciñas a desprazarse ao centro de saúde de Caldas para este servizo. O centro de saúde de Caldas, pola súa parte, ten notorias deficiencias estruturais no edificio, mentres que a

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:02:40
Nº Rexistro: 37344
Data envio: 19/07/2022 13:02:40.329

dirección da Consellería de Sanidade leva 10 anos rexeitando todas as propostas que o Concello fai de terreos válidos para construír un novo centro, ata en 6 localizacións distintas que foron ofrecidas.

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1.ª) Cando pensa o Goberno da Xunta de Galicia repoñer o completo dos profesionais de atención primaria que ten asignados o centro de saúde de Cuntis e que agora non están ao completo?

2.ª) Que data marca o Goberno da Xunta de Galicia para que os veciños e veciñas de Cuntis poidan dispor do servizo de pediatría no seu centro de saúde como deberían e está asignado?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2022 11:07:09

Marina Ortega Otero na data 19/07/2022 11:07:17

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:03:04
Nº Rexistro: 37346
Data envio: 19/07/2022 13:03:04.484

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Xunta de Galicia, a través do seu conselleiro de Sanidade, vén de facer público que está valorando unha flexibilización das condicións de incompatibilidade no exercicio da tarefa clínica dos profesionais facultativos do Sergas con respecto ás mesmas tarefas no eido privado. Esta flexibilización anunciada, que parece inicialmente solo contemplable para as e os facultativos pero non para outros profesionais segundo a información publicada, non está esclarecida en que sentido nin con respecto a que cuestións da lexislación actual fai referencia.

Cabe mencionar que este anuncio foi realizado polo conselleiro de Sanidade no marco dunha conferencia pública, celebrada en Madrid, trala petición expresa no mesmo acto dun dos grupos da sanidade privada con maior presencia en Galicia a través do seu presidente. Non existira previamente ningunha formulación coñecida, nin o debate de tal iniciativa ou intención a través das canles parlamentarias en Galicia.

A negativa da Consellería de Sanidade a atender as reclamacións de numerosos colectivos profesionais galegos, referidos ás necesarias melloras e nova formulación do modelo asistencial, especialmente en Atención Primaria ou en saúde mental, choca coa receptividade amosada aos cambios normativos que son propostos por outros axentes do sistema sanitario.

Resulta necesario regular axeitadamente para compatibilizar a optimización dos recursos humanos do sistema, prevendo problemas e sendo quen de resolver as posibles fontes de perdas de recursos, pero esta argumentación é tan válida para atender ás reivindicacións duns axentes (grupos empresariais privados) como outros (colectivos de profesionais sanitarios de Galicia). Ademais, a argumentación referida á perda de competitividade do sistema público de Galicia en termos de recursos humanos choca coa argumentación utilizada en numerosas ocasións como explicación dalgúns déficit de xestión, como a ausencia de profesionais. Semella que, en realidade, non existe ausencia de profesionais en tantos espazos como se quere trasladar senón que, en realidade, existe unha falta

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

de competitividade do sistema público polas condicións laborais que se ofrecen aos profesionais.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que a Xunta de Galicia atende con axilidade e premura ás esixencias públicas dos grupos empresariais sanitarios mentres evita atender ás peticións dos representantes dos traballadores sanitarios de Galicia?

2. En que sentido pretende o goberno de Galicia modificar a lexislación sobre compatibilidades entre o exercicio dos facultativos na sanidade pública e a privada?

3. Por que o goberno da Xunta de Galicia considera que só é necesario atender ás demandas que corresponden aos profesionais facultativos no que respecta ás incompatibilidades?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2022 11:08:13

Marina Ortega Otero na data 19/07/2022 11:08:22

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:03:32
Nº Rexistro: 37348
Data envio: 19/07/2022 13:03:32.624

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Plan INVEAT (Plan de Investimento en Alta Tecnoloxía) promovido e impulsado polo Ministerio de Sanidade está a financiar un gran pulo á tecnoloxía de uso sanitario en Galicia, coa aportación de máis de 60 millóns de euros en 2 anos, grazas á xestión española dos fondos europeos e o Plan de Recuperación.

Esta gran aportación permitirá renovar parte do corpo tecnolóxico dos centros sanitarios galegos, coa incorporación de novos equipamentos e a renovación doutros que precisaban esta mellora. Con estas melloras, a cidadanía de Galicia poderá manter unha altísima calidade no acceso a procedementos terapéuticos e diagnósticos, así como optimizar os diagnósticos temperás en ámbitos como enfermidades neurolóxicas, oncolóxicas ou enfermidades raras.

Ademais este investimento permitirá optimizar o aproveitamento da alta tecnoloxía no eido sanitario, ampliando as posibilidades de utilización deste aparataxe e aumentar a súa taxa media de uso.

Ante este escenario que permite un salto tecnolóxico á sanidade galega, é necesario aproveitar a alta cualificación e formación dos profesionais sanitarios para poder aproveitar ao máximo das posibilidades os novos equipamentos que chegan ao sistema público de saúde.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que tipo de equipos tecnolóxicos están incluídos na nova dotación ao Sergas cos fondos do plan estatal INVEAT do Goberno de España?

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

2. Ten previsto o Goberno de Galicia incrementar a dotación de persoal nos centros sanitarios de Galicia para a optimización e maior aproveitamento posible dos novos equipos tecnolóxicos que se dotará a Galicia con estes fondos estatais?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2022 11:09:33

Marina Ortega Otero na data 19/07/2022 11:09:41

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:03:59
Nº Rexistro: 37350
Data envio: 19/07/2022 13:03:59.280

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

A invasión de Ucraína por parte de Rusia ten provocado, ademais do drama humanitario que é o esencial, e o grave dano aos dereitos civís e democráticos dos cidadáns ucraínos xunto ás ameazas persistentes e reiteradas contra a Unión Europea e entidades internacionais principais, unha problemática de subministro de produtos nos que Ucraína tiña un papel moi relevante.

Dentro do ámbito do sector mar-industria un problema esencial apúntase agora na industria conserveira. A paralización da frota pesqueira, que froito das subas indiscriminadas dos prezos dos combustibles está introducindo a posibilidade de paros sistemáticos e, por tanto, a non obtención de materia prima para algunhas das conservas, súmase á dificultade para obter un produto esencial como é o aceite de xirasol.

O aceite de xirasol emprégase en máis da metade das conservas que se comercializan no noso entorno, e aproximadamente dous terzos do aceite deste tipo que se importa no noso país tiña a súa orixe en Ucraína. Estes datos amosan o grave problema ao que se enfronta o sector conserveiro, estratéxico dende o punto de vista socioeconómico para Galicia.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que medidas está valorando a Xunta de Galicia para axudar ao sector conserveiro afectado pola falta de materias primas para a elaboración do seu produto?

2. Está valorando a Xunta de Galicia abrir unha liña de axudas e colaboración co sector conserveiro para axudar a contrarrestar os efectos nocivos da invasión rusa en Ucraína?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2022

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2022 11:10:59

Patricia Otero Rodríguez na data 19/07/2022 11:11:06

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:04:28
Nº Rexistro: 37352
Data envio: 19/07/2022 13:04:28.389

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Noelia Otero Lago, Patricia Otero Rodríguez e Noa Díaz Varela, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

O centro educativo IES Fermín Bouza Brey de Vilagarcía de Arousa é un centro de recoñecida calidade e con moito arraigo na súa contorna, pola súa ubicación, oferta educativa e capacidade innovadora e pedagóxica do seu cadro de persoal. Ata o de agora a súa labor docente distribuíase na educación secunda e na formación profesional.

A Consellería de Educación, tras varias ambigüidades en sucesivas xuntanzas e tomas de decisións, ven de establecer que, de maneira definitiva e sen consenso co claustro docente e colectivos de ANPA do centro, centralizará os ciclos de formación profesional da contorna no propio Bouza Brey, desprazando por tanto aos alumnos de secundaria a outro centro educativo (neste caso o Armando Cotarelo Valledor, de Vilaxoan).

Este cambio, ademais de contribuír á imaxe de escuridade no proceso de decisións sobre as concentracións educativas, provoca problemas loxísticos particulares no territorio. Neste caso, o traslado dun elevado número de alumnos a outro centro (case 300) suporá un problema de desprazamento. De maneira particular este caso implicará que os alumnos e alumnas que teñan que trasladarse pasarán a ter que desprazarse a case 2 quilómetros, atravesando unha carreteira de elevadísimo tránsito e que supón un perigo constante para o caso de que a atravesen diariamente tanto volume de alumnos e alumnas destas idades.

Dentro das limitadas informacións que facilitou a Consellería de Educación aos pais e nais afectadas pola decisión estivo un compromiso, verbal, sobre o feito de que o transporte para o alumnado que o necesite será garantido. Non en tanto, as respostas escritas da Consellería xa amosaron fraquezas sobre esta cuestión, apuntando que terán a disposición ese transporte os alumnos e alumnas que teñan dereito. Esta cuestión non é menor, pois a distancia que separa ambos centros é de case dous quilómetros, que é a distancia mínima de referencia para garantir o dereito ao transporte gratuíto. Semella imprescindible establecer criterios claros e cumprir os compromisos adquiridos polo máximo responsable da Consellería.

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai o goberno da Xunta de Galicia a cumprir o compromiso expresado polo Conselleiro de Educación, garantindo o transporte escolar gratuíto de maneira permanente para o alumnado forzado a cambiar de centro educativo dende o IES Fermín Bouza Brey ao IES Armando Cotarelo Valledor en Vilagarcía de Arousa?

2. Ten o goberno da Xunta de Galicia algunha reticencia a cumprir o citado compromiso expresado?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noelia Otero Lago
Patricia Otero Rodríguez
Noa Díaz Varela
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2022 11:12:18

Noelia Otero Lago na data 19/07/2022 11:12:27

Patricia Otero Rodríguez na data 19/07/2022 11:12:35

Noa Susana Díaz Varela na data 19/07/2022 11:12:46

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:04:54
Nº Rexistro: 37354
Data envio: 19/07/2022 13:04:54.170

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez e Marina Ortega Otero, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A situación da Atención Primaria ofrecida polo Sergas no concello lucense de Ferreira de Pantón aproxímase a un exemplo paradigmático de xestión caótica e de desprezo aos veciños e veciñas da localidade.

A perda continuada de capacidade asistencial do centro de saúde durante os últimos tempos, con tres cupos de medicina de familia que non están sendo cubertos de maneira completa, provoca a concentración de pacientes nos profesionais que están desenvolvendo o seu labor, ás veces dous ou moitas veces incluso un só, que vén incrementada a demanda ata volumes elevados que impiden exercer o labor con toda a capacidade que deberían poder.

Esta saturación, sendo reclamada polo Grupo Socialista tanto no propio Pleno municipal como a través de iniciativas parlamentarias, foi anunciada para ser resolta polo propio Sergas, que comprometeu a cobertura completa das tres prazas xa dende hai algúns meses.

A situación, non en tanto, segue a ser a habitual, con dous profesionais cubrindo tres cupos e, nalgunhas ocasións, só un deles facéndose cargo. Con este escenario segue existindo un claro malestar cidadán, que dende a alcaldía desta poboación non está sendo transmitida e reivindicada con claridade ante o Sergas.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que o goberno da Xunta de Galicia comprometeu a solución ao problema da falta de profesionais facultativos no centro de saúde de Ferreira de Pantón pero non da cumprido o seu compromiso?

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

2. Ten constancia o Sergas das reivindicacións de veciños e veciñas de Ferreira de Pantón sobre os problemas referidos no centro de saúde a través dalgunha xuntanza ou comunicación remitida dende a Alcaldía deste municipio? De ser así, que resposta foi emitida polo propio Sergas?

3. Cando pode comprometer o Sergas cubrir de maneira continuada e permanente os tres cupos de profesional facultativo de medicina familiar e comunitaria para o centro de saúde de Ferreira de Pantón?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Marina Ortega Otero
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2022 11:13:54

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/07/2022 11:14:01

Patricia Otero Rodríguez na data 19/07/2022 11:14:11

Marina Ortega Otero na data 19/07/2022 11:14:21

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:05:17
Nº Rexistro: 37356
Data envio: 19/07/2022 13:05:17.591

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A situación da sanidade galega vén sendo un motivo de debate público entre profesionais, usuarios, sindicatos, axentes sociais e grupos políticos que presenta diferentes visións e perspectivas sobre a súa evolución.

Dende un punto de vista dos datos, a preferencia pola sanidade privada en Galicia vén aumentando paulatinamente nos últimos anos. Recentes publicacións en medios de comunicación apuntaban ao enorme crecemento dos seguros privados incluso no último ano, pero esta situación non é máis que un acelerón dunha realidade que vén amosándose na mesma liña na última década. O barómetro sanitario anual publicado polo Ministerio de Sanidade e con desagregación de datos por comunidades autónomas apunta que o índice anual das persoas que apuntan á súa preferencia por contratar un seguro privado aumenta ano tras ano, ao igual que aquelas que manifestan que, de poder escoller, preferirían ser atendidas no sistema privado que no público.

De maneira clara, estes datos apuntan a un elemento fundamental para o sistema sanitario dun país, que é a confiabilidade que a cidadanía teñen da eficiencia do seu propio sistema e da xestión que se está a facer del. Os profesionais sanitarios, principais implicados, amosan a súa preocupación constante por este aumento da preferencia polo sistema privado, e demostran constantemente a súa implicación na calidade do servizo galego de saúde pero cun retorno difuso por parte das administracións. O investimento en sanidade en Galicia coloca á nosa Comunidade Autónoma na metade inferior das comunidades autónomas de España en investimento por habitante, con 1679,26 €/habitante en 2022.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como valora o Goberno de Galicia o aumento da preferencia polos seguros privados de saúde da poboación galega nos últimos anos?

2. A que razóns atribúe o goberno da Xunta de Galicia estes datos?

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:05:17
Nº Rexistro: 37356
Data envio: 19/07/2022 13:05:17.591

3. Considera o goberno da Xunta de Galicia que o crecemento do número de galegos/as que prefiren un seguro privado que a asistencia na sanidade pública galega é froito da valoración que fan da xestión do sistema sanitario público de Galicia?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2022 11:15:15

Marina Ortega Otero na data 19/07/2022 11:15:23

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:05:48
Nº Rexistro: 37358
Data envio: 19/07/2022 13:05:48.325

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez e Marina Ortega Otero, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A atención primaria e a súa xestión son motivo de debate e preocupación por parte de profesionais sanitarios e cidadanía en xeral dende hai bastante tempo. A falta dunha política comprometida de recursos humanos, e unha tendencia xeral ao constreñimiento das políticas de investimento en persoal de atención primaria por parte da Xunta de Galicia veñen resultando nunha perda de capacidade asistencial dos centros de saúde froito da saturación e desorganización que se promove dende os órganos de dirección.

No caso de pediatría, especialmente, a nula vontade de promover o exercicio da pediatría no ámbito da primaria, a renuncia ao aumento de prazas formativas durante a década 2009-2019 e a política laboral errática e precarizadora fomentaron as dificultades para constituír unha base sólida de profesionais que permitan afrontar o deseño do plano asistencial con solvencia.

O caso do Concello de Monterroso, cuxo servizo de pediatría ofrecería atención tamén a persoas usuarias de Portomarín, Antas de Ulla e Taboada, está sendo exemplo desta política caótica en atención primaria e, especialmente, en termos de atención pediátrica. O servizo está directamente cancelado, como foi feito público, e as citas para atención estanse dando con demoras de un mes, o que en termos de calidade da atención primaria é inadmisible.

O problema non só está sendo obxecto de preocupación de pais e nais, que xa é o lóxico, senón que tamén provocou a unanimidade dos plenos municipais de Portomarín e Antas de Ulla ao respecto, demandando do goberno da Xunta de Galicia unha mellora da xestión sanitaria que permita dotar a esta comarca do servizo de pediatría. Os plenos municipais de Monterroso e Taboada tamén debaterán sobre o asunto nas próximas datas, pudendo incrementar o clamor social ante a situación.

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o goberno da Xunta de Galicia da falta de pediatra para esta comarca e as consecuencias na calidade asistencial que isto provoca?

2. Considera o goberno da Xunta de Galicia que as citas que se están programando cun mes de demora representan un servizo de calidade en atención pediátrica en primaria?

3. Cando ten previsto o goberno da Xunta de Galicia repoñer o servizo de pediatría no centro de saúde de Monterroso, con servizo aos concellos afectados da contorna, de maneira completa e continuada?

Pazo do Parlamento, 19 de xuño do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Marina Ortega Otero
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2022 11:16:31

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/07/2022 11:16:38

Patricia Otero Rodríguez na data 19/07/2022 11:16:47

Marina Ortega Otero na data 19/07/2022 11:16:58

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:06:11
Nº Rexistro: 37360
Data envio: 19/07/2022 13:06:11.965

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Lei do Xogo de Galicia foi impulsada en 1985, quedando evidentemente retrasada con respecto á realidade actual polo absoluto cambio social producido, a influencia das novas tecnoloxías e os novos formatos de xogo e apostas que creceron de maneira enorme en tantos anos.

A non actualización desta normativa está provocando a situación de lei da selva en Galicia para as empresas de xogo e apostas, que creceron na súa expansión nos últimos anos con medio centenar de locais físicos novos no territorio e coa proliferación de sistemas novos de xogos que se presentan en contextos como a hostalería.

Este avance tamén provocou unha maior prevalencia de conductas aditivas entre as persoas, que viron aumentadas nos últimos tempos como apuntan os colectivos e estudos realizados no entorno das asociacións de ex-xogadores e os datos de enquisas sobre xogo feitas por institucións académicas. Este problema, que vén aumentando, supón unha situación moi grave para as persoas que o sofren e aos seus achegados e familias. Estes problemas teñen a súa base nunha adicción creada, que debe ser un problema afrontado como o que é, un problema conductual e, por tanto, problema de saúde.

Non en tanto, as adicións ao xogo e apostas non teñen espazo recoñecido na planificación da Consellería de Sanidade, o que impide que as persoas afectadas e que traballan para recuperarse sexan tratadas como pacientes do sistema sanitario público. En termos de recursos este escenario deixa abandonadas a estas persoas, obrigando a facer un gran esforzo en termos de recursos e dependendo do terceiro sector que, de por si, tampouco ten unha especial colaboración por parte dos organismos públicos que dirixen o sistema público de saúde de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Por que a Xunta de Galicia non considera ás persoas con trastornos aditivos provocados polo xogo e as apostas como pacientes que puideran ser tratadas dentro do sistema público de saúde de Galicia?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2022 11:18:01

Marina Ortega Otero na data 19/07/2022 11:23:58

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:06:34
Nº Rexistro: 37362
Data envio: 19/07/2022 13:06:34.152

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez e Marina Ortega Otero, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A pandemia provocada pola Covid xerou algunhas situacións de alteración na asistencia en atención primaria na rede de centros de saúde de Galicia. A capacidade da primaria viuse sacudida pola necesidade de exercer como primeira barreira fronte á Covid, tarefa na que os profesionais demostraron unha vez máis a súa eficiencia e capacidade resolutiva a pesar de ter pouca coordinación dende a dirección do Sergas.

Unha vez superada a emerxencia sanitaria, e a pesares da lóxica vixilancia ante os problemas que aínda perduran vinculados á Covid, a asistencia sanitaria non pode ser o último sistema que recupere unha racional normalidade de funcionamento e, de facelo, é asumible que deba ser reforzada e con maior aposta dende a administración para o seu labor.

Non está a suceder isto en Baralla, onde os 3 cupos de facultativos existentes teñen pasado a ser 2 de maneira real ao non substituír ou cubrir de maneira definitiva a baixa producida pola xubilación dun dos profesionais. Así, dous profesionais cobren agora a poboación, pero existen situacións baixo as que nin sequera as dúas prazas están cubertas porque non se substitúen as vacacións, libranzas ou baixas dalgún dos profesionais do centro de saúde do municipio e resólvese a situación cunha cobertura parcial, algúns días, durante dúas ou tres horas.

Este sistema collido con pinzas dificulta a mellor calidade posible da atención primaria, impedindo a continuidade na relación médico-paciente e a dispoñibilidade de atención e seguimento dos pacientes.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten o Goberno galego tomada a decisións de rebaixar os cupos atendidos no centro de saúde de Baralla de tres a dous?

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:06:34
Nº Rexistro: 37362
Data envío: 19/07/2022 13:06:34.152

2. Considera o Goberno galego que a cobertura que se dá ao centro de saúde de Baralla é suficiente e satisfactoria coa cobertura parcial, ou ás veces inexistentes, dun segundo profesional cando este atópase de baixa ou libranza?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Marina Ortega Otero
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2022 11:25:05

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/07/2022 11:25:12

Patricia Otero Rodríguez na data 19/07/2022 11:25:23

Marina Ortega Otero na data 19/07/2022 11:25:34

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:07:03
Nº Rexistro: 37364
Data envio: 19/07/2022 13:07:03.339

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O 22 de abril de 2015 o Parlamento de Galicia aprobaba por unanimidade de todos os grupos parlamentarios unha iniciativa sobre a mellora e avances no tratamento e atención a mulleres con endometriose.

Aquel acordo promovía diversas accións que comprometían unha liña de acción implicada coa difusión desta enfermidade, a apertura de maiores posibilidades e accesibilidade ao tratamento, así como elevaban a relevancia que a esta afectación se lle outorgaría dentro do sistema público de saúde de Galicia. A realidade é que 7 anos a avaliación do cumprido por parte do goberno da Xunta de Galicia é a todas luces insuficiente, e non reflicte a relevancia que inicialmente foi demandada polo Parlamento.

Seguen a atoparse retrasos diagnósticos ante esta doenza, froito dalgúns incumprimentos como o compromiso adquirido da difusión da "Guía de coidados" do Ministerio de Sanidade, que unicamente está publicada na web do SERGAS pero nin sequera na súa actualización de 2019. Tampouco contou coa colaboración do goberno galego a elaboración de campañas para fomentar o coñecemento sobre a doenza en mulleres de idades máis novas, comprometidas por entón, sendo esta labor asumida de maneira plena e sen axuda polos colectivos de mulleres afectadas.

O Plan de Detección Precoz da Endometriose, comprometido para iniciarse nun prazo de 6 meses (naquel abril de 2015) non da sinais de presencia nin é unha realidade de facto, e a creación de unidades especializadas en cada área sanitaria non foi completada aínda, a pesares incluso de terse reducido as áreas sanitarias en Galicia das 11 existentes entón ás 7 actuais. Tampouco se ten promovido, dende o goberno de Galicia, ningunha iniciativa ou aposta por avances na investigación e coñecemento da enfermidade dentro do sistema público sanitario e investigador de Galicia, deixando as posibles melloras en mans de iniciativas privadas ou persoais dos profesionais da investigación en saúde.

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:07:03
Nº Rexistro: 37364
Data envio: 19/07/2022 13:07:03.339

Todos estes acordos, comprometidos entón no Parlamento, foron desbotados de maneira sucesiva pola dirección da Consellería de Sanidade, amosando un desleixo e desinterese pola cuestión. Durante estes 7 anos, diversas iniciativas parlamentarias teñen formulado estas cuestións e alertado sobre o incumprimento, sendo insuficientes para que existisen explicacións ao respecto e sendo nalgúns casos rexeitadas polo grupo popular, que inicialmente apoiara os acordos.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que o goberno de Galicia incumpriu os acordos parlamentarios sobre melloras no tratamento e atención a mulleres con endometriose no sistema público de saúde de Galicia?

2. Que valor dá a Consellería de Sanidade aos acordos parlamentarios adoptados e como explica o incumprimento?

3. Cando estima a Consellería de Sanidade cumprir o completo das cuestións acordadas no Parlamento de Galicia en abril de 2015 sobre o tratamento e a atención ás mulleres con endometriose no sistema público de saúde de Galicia?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2022 11:26:55

Marina Ortega Otero na data 19/07/2022 11:27:48

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:07:35
Nº Rexistro: 37366
Data envio: 19/07/2022 13:07:35.214

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Noa Díaz Varela e Marina Ortega Otero, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A atención primaria ofrecida polo sistema público de saúde de Galicia no concello de Ordes implica o centro de saúde e o punto de atención continuada, que da servizo tanto a este municipio como a todos os concellos da súa contorna (Trazo, Mesía, Tordoia e Frades). Este servizo, non en tanto, necesita certas melloras para poder garantir a calidade asistencial que merece.

En primeiro lugar, e de maneira relevante, resulta imprescindible que se garantas as coberturas de baixas, vacacións e outras circunstancias que impiden a presenza completa de todo o plantel profesional no centro de saúde. Isto dificulta a capacidade asistencial, e alimenta a existencia de saturacións que recaen nos profesionais, e de provocar demoras na atención que poderían ser solucionadas.

Ademais do referente ao persoal, o centro de atención primaria sufre algúns problemas derivados do paso do tempo e a limitada cobertura de recursos para o mantemento da estrutura e dos elementos de construción. Así, nótanse deficiencias que poden chegar a causar problemas e danos como na fachada con desprendementos, na construción interior e incluso nalgúns elementos da construción.

Mais estas cuestións non son os únicos problemas, pois existen algúns déficits en termos de planificación. O centro de saúde de Ordes foi incluído no ano 2008 no Plan de Mellora de Atención Primaria, entre outros, no conxunto de centros de atención primaria que verían instalada unha tecnoloxía de radioloxía, para poder dotar a este centro e a súa comarca dunha maior capacidade resolutiva. Esta decisión tamén liberaría de carga asistencial ao propio CHUS, ao evitar a saturación de consultas de diagnóstico que poderían resolverse con esta tecnoloxía propiamente dende o centro de Ordes.

Tamén, en termos de servizo de atención de urxencias, é necesario mellorar a infraestrutura existente. O traslado que en diversas ocasións se realiza mediante helicóptero dende Ordes ao centro hospitalario de Santiago, pode ser optimizado habilitando mellores espazos para aterrar en termos contiguos ao propio centro e

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:07:35
Nº Rexistro: 37366
Data envio: 19/07/2022 13:07:35.214

non afastada deste, como ocorre agora tendo que utilizar ambulancias para traslada do PAC ao helicóptero e deste, despois, a Santiago. Esta ineficiencia podería resolverse se o goberno galego e o Concello de Ordes conseguiran acordar os cambios e avances necesarios para dispoñer dos terreos existentes contiguamente ao centro sanitario, e poder instalar alí o espazo requirido para este operativo. Non en tanto ambas administracións están mantendo un tirapuxa que só fai que prexudicar ao servizo e enlentecer posibles solucións.

Por todas estas cuestións é necesario afrontar decisións que permitan mellorar as posibilidades asistenciais e aumentar a garantía de calidade no centro de atención primaria de Ordes.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cre necesario a Consellería de Sanidade afrontar algunhas melloras para aumentar a calidade asistencial en atención primaria para o Concello de Ordes?

2. Ten realizado algún avance a Consellería de Sanidade co Concello de Ordes para incorporar dun espazo para ser utilizado como heliporto de maneira contigua ao centro de atención primaria?

3. Ten previsto a Consellería de Sanidade incorporar un equipamento de radioloxía ao centro de saúde de Ordes?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noa Díaz Varela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2022 11:29:31

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Noa Susana Díaz Varela na data 19/07/2022 11:29:39

Marina Ortega Otero na data 19/07/2022 11:29:50

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A epilepsia é unha enfermidade que afecta, segundo diversas aproximacións a un número próximo aos 30.000 galegos e galegas. A súa afectación ten fondas consecuencias directas sobre a saúde das persoas, e tamén sobre a súa adaptación social e inserción tanto social como laboral.

A pesares do seu tratamento, as dificultades e estigmatización que provoca xera aínda unha distancia entre os afectados e os tratamentos, que dificulta chegar con eficacia a toda a poboación que a padece. Existe, en relación a isto, un número aínda relevante de persoas que non están diagnosticadas e, por tanto, non poder ser tratadas.

As dificultades para o seu tratamento e comprensión veñen derivadas tamén das limitacións que o eido investigador sofre sobre todo o seu traballo en Galicia, polo que aínda é necesario aumentar a capacidade investigadora do noso sistema para poder ter máis e mellores respostas a este e outros problemas de enfermidades.

A unidade de referencia en Galicia para as persoas afectadas de epilepsia está no Centro Hospitalario de Santiago, facendo unha gran labor, aínda que o seu traballo podería ser exponiencialmente máis produtivo no caso de contar con máis medios materiais e humanos. No mesmo sentido, e dado o elevado volume de persoas afectadas, os servizos de neuroloxía dos hospitais ven limitada a súa capacidade de traballar sobre estes casos, debido ás dificultades provocadas polas necesidades non cubertas de recursos materiais e humanos axeitados para o tratamento desta patoloxía.

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno de Galicia que o tratamento e atención ás persoas que padecen epilepsia é suficientemente satisfactorio no sistema sanitario de Galicia?

2. Ten previsto o Goberno de Galicia elevar a dotación material e humana da unidade de referencia galega para o tratamento da epilepsia?

3. Considera o Goberno de Galicia a posibilidade de aumentar a dotación humana e material dos servicios de neuroloxía dos centros hospitalarios de Galicia?

4. Ten coñecemento o Goberno de Galicia que existan liñas de investigación en Galicia que poidan ofrecer resultados e aportacións para mellorar a atención ás persoas afectadas de epilepsia?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2022 11:30:47

Marina Ortega Otero na data 19/07/2022 11:30:55

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:08:28
Nº Rexistro: 37370
Data envio: 19/07/2022 13:08:28.134

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Dende hai anos existe un problema coñecido e recoñecido en atención primaria que ten que ver co déficit de profesionais facultativos que desenvolven en Galicia nos centros de atención primaria a súa labor. Ademais deste déficit, a estrutura demográfica do conxunto de profesionais sanitarios do sistema público de saúde de Galicia evidencia a próxima xubilación de numerosos profesionais facultativos, o que agravará máis a situación.

A pesares da chegada deste problema, obviamente previsible, o goberno de Galicia renunciou a convocar 151 prazas de MIR de familia e comunitaria dende 2009 que puideron ser profesionais que se formaran en Galicia pero non se aproveitaron.

Non en tanto, e con todo a evolución desta problemática, o goberno de Galicia vén afrontando a situación con vontade de buscar culpabilidades e centrados en cuestións de comunicación e de imaxe, non de solucións. Así os debates públicos apenas xiran en torno á taxa de reposición, que hoxe multiplica por 12 á existente durante os gobernos Rajoy (120 % para os orzamentos 2022 fronte ao 10 % de varios orzamentos durante os gobernos Rajoy no Estado), a pesares de que despois se apela a que non existen profesionais para contratar. Tamén existe a tendencia a culpar ao goberno de España da falta de prazas MIR cando as convocatorias 2019-2022 foron, sucesivamente, as catro máis grandes da historia de Galicia. Ademais deste argumento, tamén publicítase a idea de que o problema está na necesidade de que se amplíen esas prazas, cando nesta convocatoria 2022 Galicia atópase entre as comunidades autónomas que non conseguiron cubrir todas as prazas MIR para primaria que foron convocadas.

Os datos son contundentes e evidencian que non é un problema de aumentar as prazas MIR nin de aumentar as posibilidades de contratación, senón da calidade que atopan os profesionais en primaria e as perspectivas que o sistema ofrécelles en Galicia. Así o expresan numerosos colectivos profesionais e sociedades científicas específicas sobre atención primaria en Galicia. Esas condicións, que non priorizan as posibilidades de crecemento e recoñecemento dos propios

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:08:28
Nº Rexistro: 37370
Data envio: 19/07/2022 13:08:28.134

profesionais, e que os limitan nas súas capacitacións e desenvolvemento profesional, condicionan tamén as vontades dos futuros profesionais para escoller as prazas de primaria. Así ocorre coas prazas que non se cobren dentro do sistema porque o goberno de Galicia non atopa profesionais, debido fundamentalmente á precariedade das prazas que se ofertan, aos contratos concatenados, temporais e inestables.

Resulta imprescindible afrontar un novo formato de atención primaria, que permita distribuír funcións entre diferentes profesionais e especialistas, para permitir superar o embude que se produce en torno á figura do médico/a de primaria, que ademais libere a este profesional de tarefas non clínicas como o exceso de burocracia, e que permita evitar consultas innecesarias pudendo derivar tarefas a outros profesionais perfectamente capacitados/as.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Asume o goberno de Galicia que debe afrontar transformacións no sistema para tentar de resolver os problemas existentes no déficit de profesionais en primaria sen dedicarse exclusivamente a culpar a outras administracións (fundamentalmente ao goberno do Estado)?
2. Por que o goberno de Galicia renunciou a formar a 151 profesionais de medicina de familia nas sucesivas convocatorias MIR dende 2009?
3. En que momento foi consciente o goberno de Galicia de que existiría un problema grave no número de facultativos/as de primaria ao fío das xubilacións que se están a producir e se producirán nos vindeiros anos?
4. Cre o goberno de Galicia necesario afrontar un cambio real de modelo asistencial en atención primaria que desafogue a saturación actual sobre os profesionais facultativos de primaria?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2022 11:32:01

Marina Ortega Otero na data 19/07/2022 11:32:09

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:09:05
Nº Rexistro: 37372
Data envio: 19/07/2022 13:09:05.587

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O problema de Recursos Humanos na Atención Primaria vén sendo obxecto de debate e procura de solucións durante moito tempo en todo canto foro existe que permite afrontar esta situación. Entre eles, no Parlamento de Galicia téñense debatido frecuentemente propostas que o Grupo Socialista ten presentado para axudar a resolver o problema das saturacións e as faltas de capacidade asistencial por mor do déficit de profesionais.

Entre outros factores de problema o Goberno de Galicia ten sinalado en numerosas ocasións que o problema do déficit de profesionais de Atención Primaria non pode derivar nunha competencia entre comunidades autónomas. Apúntase isto para evitar que poida supoñer que unhas comunidades poidan mellorar a costa doutras, en resposta ás demandas de mellorar as condicións laborais para poder equiparalas a outras comunidades que ofrecen maior estabilidade e menos precarización, acollendo profesionais de primaria que as priorizan antes que a Galicia.

De maneira específica, e dado o problema que se incrementa en verán pola chegada das vacacións dos profesionais de primaria, Sanxenxo ten sido un polo de debate sobre a cobertura do centro de saúde e PAC de Baltar, que cubre a esta poboación das Rías Baixas. O goberno de Galicia, ante a formulación do Grupo Socialista no eido local e parlamentario de que é necesario reforzar a dotación de recursos humanos deste centro, ten respondido que a cobertura do centro de atención primaria é "*adecuada para poder garantir unha asistencia sanitaria de calidade*", e ten afirmado que "*o servizo no Centro de Saúde de Baltar é axeitado para as TIS que temos que atender*", como así consta en resposta escrita remitida ante preguntas do grupo socialista que xa se preocupaban por este asunto no ano 2017.

Non en tanto todo o anterior, nestes días o Concello de Sanxenxo ten entrado a fomentar a competencia entre concellos para a captación de profesionais facultativos de atención primaria coa oferta de vivendas para os meses de verán para os profesionais que cubran as baixas e vacacións do centro de saúde de

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:09:05
Nº Rexistro: 37372
Data envio: 19/07/2022 13:09:05.587

Baltar durante os meses de verán. Esta proposta, que altera todo criterio de equidade entre concellos e as prioridades que debera ter a xestión do sistema pública, altera ademais os criterios básicos que a propia Xunta de Galicia ten manifestado contra a competencia entre administracións para a captación de profesionais. Sorprendentemente esta proposta foi anunciada con solemnidade e publicidade nun acordo asinado co Sergas polo Concello de Sanxenxo, a través do alcalde e o xerente do Sergas, coa presenza do xerente do área sanitaria.

É imprescindible aclarar as cuestións que rodean a esta proposta, así como coñecer os motivos que levan ao goberno de Galicia cambiar un criterio político e a introducir elementos externos nas ofertas laborais propostas, o que pode romper o equilibrio do sistema en favor duns concellos prexudicando a outros.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que aporta o Sergas a este acordo asinado co Concello de Sanxenxo? Vai realizar algunha aportación sobre a proposta realizada noutros anos na mesma situación?
2. Como valora o Goberno de Galicia que os concellos engadan factores de atracción para as ofertas laborais a profesionais de primaria producindo un desequilibro competitivo entre eles?
3. Considera o Goberno de Galicia que esta situación permite manter un criterio de atención sanitaria en equidade a todos os galegos e galegas independentemente de onde vivan?
4. Ten o goberno de Galicia ofrecido este tipo de acordo a outros concellos de Galicia ou soamente ao Concello de Sanxenxo?
5. Por que o goberno da Xunta de Galicia asume unha necesidade de cobertura de profesionais para o centro de atención primaria do Concello de Sanxenxo despois de ter afirmado e garantido que a cobertura era adecuada cando se demandaron solucións no Parlamento de Galicia?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2022 11:33:25

Marina Ortega Otero na data 19/07/2022 11:33:34

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:09:31
Nº Rexistro: 37374
Data envio: 19/07/2022 13:09:31.274

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A política de recortes e precarización laboral dos profesionais sanitarios que foi practicada en España xa na década pasada, e que algunhas comunidade autónomas como Galicia pularon por encabezar, está provocando un problema de grandes dimensións na capacidade asistencial do sistema sanitario público de Galicia sen que pareza existir unha política decidida de reversión destes defectos por parte do goberno de Galicia.

Se ben hai casos moi chamativos, pola duración e o foco mediático e profesional que recibe a gravidade da situación, como no caso da Atención Primaria, existen servizos no ámbito hospitalario que atópanse nunha situación semellante e que non poden, nin deben, verse arrastrados pola ineficiencia dunha Consellería de Sanidade sobrepasada pola situación e con notoria incapacidade para afrontar o problema real.

Os servizos de Medicina Interna dos hospitais públicos de Galicia están nese punto. Dende hai tempo veñen sufrindo unha constante precarización da súa labor, pois a súa carga asistencial aumenta pero non o fan os recursos que diminúen ou, nalgún caso con sorte, mantéñense (o que supón sobrecargar o existente).

Os servizos de Medicina Interna, que previamente á pandemia provocada pola COVID xa vivían situacións de dificultade pola carga asistencial á que deben facer fronte, sufriron en primeira liña o impacto do virus e as súas consecuencias. Pola dinámica de funcionamento dos hospitais, e pola natural organización no plano asistencial, Medicina Interna supón un servizo imprescindible en toda infraestrutura hospitalaria. É o servizo que exerce de piar de toda a estrutura hospitalaria, cun papel integrador de globalizador da atención, engadido a súa relevancia para a xestión do propio hospital pola súa determinación no caso dos ingresos hospitalarios e vixilancia dos pacientes. Medicina Interna é o servizo que

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:09:31
Nº Rexistro: 37374
Data envio: 19/07/2022 13:09:31.274

pode e debe funcionar como eixo integrador do sistema hospitalario, e a súa febleza convirte en feble a toda a organización.

Non en tanto das queixas continuadas e formulacións de problemas que non atopaban solucións, o goberno de Galicia foi facendo ouvidos xordos ante a situación e fomentando o desleixo e arrinconamento das súas reivindicacións, optando por políticas máis visibles en termos mediáticos e incluso de financiación. A pesares diso, os servizos foron funcionando grazas á dedicación crecente dos profesionais que, chegado un punto, constatan a incapacidade de superar os problemas de saturación e o trato precarizador das súas funcións.

Recentemente a inmensa maioría dos profesionais de Medicina Interna do sistema hospitalario de Galicia promovía unha serie de queixas e reivindicacións que foron desatendidas pola dirección da Consellería e as Xerencias, sendo este portazo maior nalgúns hospitais como Santiago ou Ourense. Froito deste desleixo crecente, os xefes de servizo dos distintos servizos de Interna dos hospitais públicos de Galicia nas provincias de Lugo, A Coruña e Pontevedra veñen de asinar un documento de reivindicacións que formula un escenario estremecedor e ao que se suma a Sociedade Galega de Médicos Internistas. No caso da provincia de Ourense o propio Colexio Médico de Ourense ven de respaldar a reivindicación dunha ampla maioría de profesionais dos servizos que formulan reivindicacións semellantes. Neste texto os profesionais falan de "maltrato laboral", "precarización", "O Sergas non ten en conta aos xefes de servizo", "a precaria situación dos hospitais comarcais é insostible", "dura sobrecarga" e evidencian que non existiu incremento de persoal nos últimos anos para un servizo que, ademais da pandemia, afronta unha realidade con maior volume de enfermidades crónicas e envellecemento que repercute de maneira obvia e moi especialmente no seu traballo. Conclúen os profesionais que a súa labor "está sendo menosprezada", e apuntan a que Galicia non promoveu o aumento de prazas MIR nesta especialidade durante os últimos tempos".

Ante tal situación amósase clara a vontade dos profesionais de atopar solucións, pero é imprescindible "reformular a política sanitaria", como eles mesmos trasladan. Non en tanto, unha Consellería sobrepasada non parece atopar a maneira de afrontar esta situación.

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:09:31
Nº Rexistro: 37374
Data envio: 19/07/2022 13:09:31.274

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que o goberno de Galicia vén evitando afrontar os problemas dos que foi advertido polos profesionais sobre a situación dos servizos de Medicina Interna de Galicia?

2. Cre o goberno de Galicia que existe algunha explicación que vincule ás áreas de Santiago e Ourense para que sexan as máis prexudicadas na situación de Medicina Interna?

3. Que medidas ten previsto tomar o goberno de Galicia para resolver a curto e medio prazo a situación dos servizos de Medicina Interna nos hospitais do sistema sanitario público de Galicia?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2022 11:34:54

Marina Ortega Otero na data 19/07/2022 11:35:02

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:10:04
Nº Rexistro: 37376
Data envío: 19/07/2022 13:10:04.289

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A atención bucodental resulta un elemento esencial e central da atención sanitaria e da calidade de vida das persoas en termos de saúde. A súa inclusión dentro da carteira de servizos do sistema público de saúde é una carreira de longa distancia que, durante anos, ven conquerindo algúns breves avances que tratan de progresar no obxectivo final de incorporar a atención bucodental como un servizo máis do sistema público de saúde.

A incorporación nos últimos anos dun certo volume de profesionais da saúde bucodental ten constatado algún avance, con respecto aos tipos de tarefas e asistencias que realizan. Aínda así, a limitada carteira de servizos e o volume de profesionais non permitía ata o de agora ampliar o tipo de asistencia prestada.

Durante este mes de xuño, a xuntanza do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde (15 de xuño, Valencia) apoiou a proposta do Ministerio de Sanidade para incorporar máis servizos á poboación en atención bucodental. A implementación dunha nova oferta máis ampla está destinada a mellorar o conxunto da saúde bucodental, así como a facilitar esta a aqueles colectivos que, por diferentes razóns, precisan de maior atención dende o sistema público como poden ser os menores ou as embarazadas, e tamén colectivos de persoas con discapacidade, pacientes oncolóxicos da zona cérvicofacial ou persoas con dificultades de mobilidade dos membros superiores.

Para esta planificación, o Ministerio de Sanidade aportou unha gran partida orzamentaria de máis de 40 millóns de euros, dos que unha parte corresponden a Galicia para permitir a implantación deste servizos.

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando ten previsto o goberno de Galicia ter os recursos e a organización axeitada para que a cidadanía poida verse beneficiada das novas posibilidades de atención bucodental promovidas polo Ministerio de Sanidade?

2. Canto volume de dotación orzamentaria foi asignada directamente a Galicia a través deste plan de atención bucodental?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2022 11:37:22

Marina Ortega Otero na data 19/07/2022 11:37:29

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:10:25
Nº Rexistro: 37378
Data envio: 19/07/2022 13:10:25.570

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A estrada EP-8001 Caldas – Carracedo – Catoira ten 9,9 quilómetros de lonxitude, actúa como conexión entre o sur da AP-9 e a autovía do Barbanza AG-11 sendo nexo de unión de dúas provincias, e conta cunha IMD que chega ós 8.300 vehículos/día nalgún dos seus tramos, polo que ten unha función claramente estruturante do territorio a nivel autonómico.

O viaduto de Catoira ten 723 m de lonxitude e se sitúa no final da estrada EP-8001 Caldas – Carracedo – Catoira, sendo unha estrutura interprovincial na que non só a construción senón tamén o mantemento é compartido coa Deputación de A Coruña.

A Deputación de Pontevedra desenvolveu numerosas actuacións sobre este viario nos últimos anos, con investimentos de en torno aos 60.000 euros dende 2017.

Despois de anos de busca de solución para a definición sobre o traspaso de competencias acerca da xestión deste viario, O 18 de xaneiro de 2022, á petición da Deputación de Pontevedra constituíuse a Comisión de transferencias entre a Deputación e a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI). Celebrouse nesa data a primeira e única xuntanza deste órgano bilateral e acordouse que:

- A Deputación de Pontevedra remitiría os informes da Inspección especial realizada no ano 2019 na ponte de Catoira e o estudo sobre o "agarre" do firme da estrada.
- Que a Xunta enviaría unha proposta para un cambio de titularidade de estradas incluíndo a totalidade da estrada provincial EP-8001 (Carracedo-Caldas-Catoira) coa ponte incluída.

Seguindo este acordo, a Deputación de Pontevedra achegou os informes técnicos requiridos, e que foron enviados coa maior brevidade (ao día seguinte). A pesares

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

disto, a Deputación de Pontevedra interesouse en numerosas ocasións polos avances no acordo e nas tarefas asignadas, e remitiu requirimentos de información e progresos ao Goberno autonómico e solicitando a proposta para o cambio de titularidade de estradas, non recibindo información ningunha sobre a situación nin tampouco ningunha proposta como o goberno autonómico se comprometera.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que o goberno de Galicia incumpriu o acordo adoptado na Comisión de transferencias entre a Deputación de Pontevedra e a AXI e non remitiu a proposta de cambio de titularidade de estradas que se comprometeu?

2. Pretende o goberno de Galicia evitar a transferencia da titularidade da estrada EP-8001 (Carracedo-Caldas-Catoira) coa ponte incluída?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Eduardo Ojea Arias
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2022 11:38:17

Patricia Otero Rodríguez na data 19/07/2022 11:38:26

Eduardo Ojea Arias na data 19/07/2022 11:38:35

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:10:49
Nº Rexistro: 37380
Data envio: 19/07/2022 13:10:49.679

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

O Instituto Galego da Vivenda e Solo vén de lanzar o anuncio de apertura a exposición pública da aprobación inicial do proxecto dun novo polígono industrial no lugar de Tarroeira, en Pontecesures, de máis de 300.000 metros cadrados. Sendo sempre unha boa noticia a existencia de iniciativas que pulen polo desenvolvemento económico e a xeración de emprego, resulta imprescindible garantir que este tipo de proxectos contribuirán a traer boas novas e non a complicar a vida dos veciños e veciñas do lugar. Neste sentido, cabe mencionar que existen diversos problemas e opacidades relacionadas con este proxecto.

Por un lado resulta preocupante para o conxunto da veciñanza de Cesures, especialmente para as persoas que viven no entorno do lugar escollido para desenvolver este parque empresarial, a existencia de fluxos de auga tanto superficial como subterránea, que de ser alterados poden provocar problemas de inundacións ou de consecuencias derivadas da alteración destes fluxos. En termos medioambientais a zona ten un elevado interese de protección dalgúns tipos de fauna, dado o valor do lugar.

En termos de funcionamento do futuro polígono industrial, resulta chamativo que sexa de tanto interese proxectar un novo parque empresarial tendo espazos baleiros en chan industrial en contornos de 15 ou 20 quilómetros á redonda, además de existir dúbidas sobre a xestión de residuos e a proxección dunha balsa filtrante como método de tratamento.

A pesares das numerosas e grandes dúbidas existentes, a veciñanza mobilizada e que será afectada pola construción do polígono, tanto pola expropiación forza que poderán sufrir algúns propietarios como pola afectación que terán unha boa parte deles, non ten sido informada nin consultada sobre ningunha das cuestións que son motivo de preocupación. O propio Concello de Pontecesures foi lugar de pregunta por parte do Grupo Socialista Municipal hai varios meses sobre esta proxección, recibindo comentarios vagos e imprecisos sobre as posibilidades que

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:10:49
Nº Rexistro: 37380
Data envio: 19/07/2022 13:10:49.679

hoxe parecen concretarse e negándose por parte do Alcalde a recibir aos veciños e veciñas posibles afectados. A pesares daquilo o propio Concello e a Xunta de Galicia utilizan o procedemento simplificado para acelerar o proceder e iniciar coa maior velocidade un proxecto que merece ser optimizado e que necesita de toda a transparencia que hoxe non ten.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que o goberno da Xunta de Galicia tramitou este proxecto con tan pouca transparencia e información?

2. Por que o goberno da Xunta de Galicia non emitiu informe a través de Augas de Galicia da posible afectación da zona?

3. Por que non se deu publicidade abondo ao período de consultas e alegacións antes da resolución firme de medioambiente?

4. A distribución irregular e dispar das parcelas no proxecto do polígono responde a algún interese concreto? Cal?

5. Como valora o goberno da Xunta de Galicia a necesidade de construír un polígono industrial nun terreo de alto valor medioambiental de máis de 300.000 metros cadrados habendo espazos baleiros en polígonos industriais de concellos limítrofes?
6. Considera axeitado o goberno da Xunta de Galicia empregar o procedemento simplificado dado a envergadura do proxecto?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Eduardo Ojea Arias
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Julio Torrado Quintela na data 19/07/2022 11:39:29

Patricia Otero Rodríguez na data 19/07/2022 11:39:36

Eduardo Ojea Arias na data 19/07/2022 11:39:44

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:12:58
Nº Rexistro: 37389
Data envio: 19/07/2022 13:12:58.051

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O noso planeta sofre unha grave crise ambiental provocada por un modelo de desenvolvemento baseado na depredación de recursos naturais. A alteración dos equilibrios ecolóxicos, a perda masiva de biodiversidade, a emerxencia climática, os fenómenos meteorolóxicos extremos, a perda de recursos hídricos e as secas, os incendios de grandes dimensións son manifestacións dramáticas dunha realidade que pon en risco o futuro do planeta e da humanidade.

Para facerlle fronte a esta crise ambiental e a unha das súas manifestacións máis destacadas, o cambio climático, aprobáronse diversos acordos internacionais, o último deles o Acordo de París, no que establecen obxectivos de redución de gases de efecto invernadoiro coa finalidade de acadar a neutralidade climática en 2050.

A partir da Decisión do Consello Europeo de 2019 de respaldar o obxectivo de neutralidade climática para 2050, a Comisión propuxo en marzo de 2020 a Lei Europea do Clima, que converte a neutralidade climática nunha esixencia legal.

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:12:58
Nº Rexistro: 37389
Data envio: 19/07/2022 13:12:58.051

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O actual obxectivo de redución de emisións da EU para 2030 é do 40% con respecto a 1990. A Comisión propuxo recentemente aumentar este obxectivo cando menos ao 55% na súa proposta modificada da Lei Europea do Clima.

Posteriormente, o parlamento europeo aprobou o mandato de negociación sobre a Lei Europea do Clima por 392 votos a favor, 161 en contra e 142 abstencións. A eurocámara entende que a EU no seu conxunto e cada un dos Estados por separado deben lograr a neutralidade en carbono para 2050 e que a partir de entón a Unión Europea deberá acadar un saldo negativo.

Para conseguir este obxectivo, o parlamento europeo acordou un obxectivo máis ambicioso e pide unha redución do 60% para 2030. Asemade propón que a Comisión estableza un obxectivo intermedio para 2040 coa finalidade de garantir que se avanza polo bo camiño cara ao obxectivo de 2040. Ademais, o acordo da eurocámara prevé a creación dun organismo independente encargado de avaliar se a política é coherente e avalar os avances.

A necesidade de traspoñer este marco lexislativo obriga a revisar a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, así como o Primeiro Plan Operativo coas medidas previstas até 2023. Por outra parte, a pandemia da COVID 19 mudou por completo as necesidades e prioridades en materia de medio ambiente, transición enerxética, loita contra o cambio climático ou defensa da biodiversidade. A crise sanitaria, social e económica provocada pola COVID 19 súmase á preocupante crise ambiental e obriga a acelerar moitas mudanzas, tanto no ámbito das reformas sectoriais como no eido das mudanzas estruturais.

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:12:58
Nº Rexistro: 37389
Data envio: 19/07/2022 13:12:58.051

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Considera necesario o goberno galego elaborar e aprobar unha nova Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, á luz da Lei Europea do Clima e do mandato do Parlamento europeo?

2. Cre o goberno galego que tanto a elaboración como a aprobación e execución desta Estratexia debe comprometer a todos os ámbitos institucionais e a unha ampla representación da sociedade galega?

3. Considera o goberno galego que a pandemia da COVID debería acelerar moitos cambios estruturais e reformas relacionadas co clima, coa economía e a enerxía?

4. Comparte o goberno galego a necesidade de crear un organismo independente encargado de avaliar os avances da Estratexia e de velar polo cumprimento dos obxectivos e prazos para a redución das emisións?

5. Cre a Xunta que se debería modificar a estrutura do goberno para que a loita contra a crise ambiental e a emerxencia climática teña un maior rango institucional e capacidade de impulsar e coordinar as políticas do goberno nesta materia?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:12:58
Nº Rexistro: 37389
Data envio: 19/07/2022 13:12:58.051

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 19/07/2022 13:12:26

Paulo Ríos Santomé na data 19/07/2022 13:12:29

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 13:12:37

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:14:24
Nº Rexistro: 37395
Data envio: 19/07/2022 13:14:24.690

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Paulo Ríos Santomé** e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Galiza sitúase na cola do estado e de Europa en materia de espazos naturais protexidos. Temos poucos parques naturais e de pequenas dimensións e somos a comunidade do Estado con menos porcentaxe de superficie protexida pola Rede Natura. Nos últimos quince anos non se ampliou a Rede Natura nin se crearon novos parques.

2. A Xunta aprobou en 2014 o Plan Director da Rede Natura, mais a UE reclamou Plans específicos de conservación individualizados para cada un dos espazos protexidos:

"As medidas de conservación recollidas no Plan son demasiado vagas e indeterminadas e non ofrecen polo tanto suficiente claridade para a súa aplicación. En consecuencia, non pode considerarse que o Plan Director da rede Natura 2000 en Galicia sexa unha ferramenta suficiente na que se determinen todas as medidas de conservación necesarias para os 55 LIC atlánticos da rede situados na rexión".

3. Por outra parte, dos seis parques naturais que xestiona a Xunta de Galicia, só tres teñen aprobado o correspondente Plan Reitor de Uso e Xestión (PRUX) e os tres son de recente aprobación, nalgún caso máis de 20 anos desde a declaración do parque:

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:14:24
Nº Rexistro: 37395
Data envio: 19/07/2022 13:14:24.690

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Os PRUX dos parques naturais do Invernadorio e da Serra da Enciña da Lastra aprobáronse en setembro de 2019.

- O PRUX do Parque Natural do Monte Aloia actualizouse en febreiro de 2020.

O parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, con unha superficie de 20.00o hectáreas nos concellos de Entrimo, Lobios e Muíños, foi declarado no ano 1993. En 2018 o goberno galego iniciou o proceso para a aprobación do PRUX, aínda non concluído.

O parque natural do complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán foi declarado en 1992. Transcorridos 28 anos, aínda está pendente de aprobación o correspondente PRUX que entre outras cousas debería establecer os límites para o aproveitamento e uso dos recursos.

O Parque Natural das Fragas do Eume creouse en 1997 mais non foi até o ano 2017 cando se iniciou o proceso para a aprobación do PRUX, que nestes momentos está paralizado.

4. Ademais do escaso número de espazos naturais e da falta de instrumentos de planificación de uso e xestión, os parques adoecen dunha moi baixa asignación orzamentaria e carecen de dirección logo da supresión desta figura por parte da Xunta de Galiza. A Creación do Fondo de Conservación da Natureza podería ser un instrumento eficaz para financiar medidas de conservación, protección, ordenación e dinamización dos espazos naturais protexidos, para fomentar o desenvolvemento sustentábel das comunidades locais e para fomentar o labor das entidades de custodia do territorio.

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:14:24
Nº Rexistro: 37395
Data envio: 19/07/2022 13:14:24.690

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. A non aprobación dos PRUX, a falta de investimentos e de dirección inciden no deterioro e na degradación dos espazos naturais: os lumes, a perda de biodiversidade, a presión dos lobis madeireiros, as especies invasoras son algunhas manifestacións do mal estado destes espazos. Os recentes lumes no parque da Baixa Limia-Xurés, que arrasaron 3.000 hectáreas, son a manifestación dun fracaso colectivo e da falta dun proxecto viábel de protección e desenvolvemento integral de territorios de grande valor ecolóxico, social e cultural.

6. A pandemia da COVID 19 puxo de manifesto a importancia da biodiversidade para garantir a saúde, a seguridade e o benestar colectivo. E tamén puxo o foco nos graves riscos derivados da destrución da natureza e da alteración dos equilibrios ecolóxicos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Que previsións ten o goberno galego para a aprobación dos Plans Reitores de Uso e Xestión dos parques naturais que non contan con este instrumento legal?

2. Que previsións ten o goberno galego en relación coa ampliación da Rede Natura e coa aprobación de Plans específicos de Conservación para cada un dos espazos declarados con esta figura de protección?

3. Considera de interese a Xunta de Galicia a creación do Fondo de Conservación da Natureza como unha dotación económica plurianual e estábel destinada a conservar a biodiversidade, fomentar a custodia do territorio e financiar

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:14:24
Nº Rexistro: 37395
Data envio: 19/07/2022 13:14:24.690

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

programas de loita contra as especies invasoras e plans de conservación de especies vulnerábeis e de recuperación de especies e hábitats en perigo de desaparición?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 13:13:51

Alexandra Fernández Gómez na data 19/07/2022 13:13:55

Paulo Ríos Santomé na data 19/07/2022 13:14:04

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:16:04
Nº Rexistro: 37396
Data envio: 19/07/2022 13:16:04.563

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Paulo Ríos Santomé** e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a urbanización e mellora da seguridade viaria na PO 308 na avenida da Barca (Poio).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A PO-308 é unha estrada autonómica que comunica Pontevedra con Sanxenxo e O Grove. Trátase dun vial que ten unha elevada intensidade de tráfico e que atravesa un continuo de núcleos de poboación e zonas urbanas dos concellos de Poio e Sanxenxo, cunha alta densidade poboacional e unha intensa actividade económica e social.

Todos estes factores fai que sexa unha estrada perigosa, con unha alta sinistralidade viaria e unha cifra moi elevada de accidentes de tráfico, que provocaron numerosas vítimas mortais e persoas feridas. Especialmente preocupante é o alto número de atropelos de viandantes e ciclistas que se producen nesta estrada.

Se ben a Xunta de Galiza está levando a cabo actuacións de mellora da seguridade nesta estrada, a realidade é que se trata de actuacións parciais en determinadas zonas (plan de sendas xunto con obras de mellora da seguridade en determinados treitos coa construción de rotondas ou mellora de intersección) mais falta un plan integral de mellora de todo o vial así como o deseño e execución de alternativas que permitan desviar o tráfico das zonas urbanas.

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:16:04
Nº Rexistro: 37396
Data envio: 19/07/2022 13:16:04.563

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un dos puntos máis problemáticos desde o punto de vista da seguridade viaria é a travesía da Barca e Andurique en Poio. Trátase dun treito plenamente urbano, con moita actividade residencial, comercial, hostalería e de servizos en xeral, no que son frecuentes os accidentes e especialmente os atropelos de peóns. O último produciuse o pasado sábado 26 de setembro, co resultado dunha persoa ferida de gravidade despois de ser atropelada cando cruzaba por un paso de peóns.

Malia ser unha zona plenamente urbana, a PO 308 ten nesta zona características de estrada de paso, cun tráfico moi intenso e con moitas deficiencias en materia de seguridade, accesibilidade e comodidade para as persoas que se desprazan a pé. Até agora a Xunta de Galiza desentendeuse deste treito da vía, na que só se realizaron parches como a colocación de bolardos.

Para corrixir todas estas eivas e riscos faise necesario levar a cabo un proxecto de urbanización desta avenida, que permita calmar o tráfico, darlle un tratamento urbano na ordenación do espazo público, dotación de mobiliario, alumeado e cumprimento de estándares de accesibilidade e seguridade para todas as persoas. Trataríase de levar a cabo unha actuación integral de urbanización, tal e como se fixo recentemente nesta mesma estrada na avenida do Progreso en Sanxenxo.

Por outra parte, existe a previsión de construción dun vial alternativo a este treito da PO 308. Trátase do vial do Vao, que ten por obxecto comunicar a PO 308 coa PO 531 Pontevedra-Vilagarcía e que leva 10 anos paralizado.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:16:04
Nº Rexistro: 37396
Data envio: 19/07/2022 13:16:04.563

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galiza para mellorar a seguridade viaria na estrada PO 308 na zona da Barca e Andurique en Poio, na que se producen se maneira reiterada atropelos de peóns?

2. Considera o goberno galego que este treito da estrada ten un bo estado en canto á seguridade, accesibilidade, sinalización e protección das persoas usuarias máis vulnerábeis?

3. Considera necesario o goberno galego levar adiante un proxecto de urbanización do treito da PO 308 ao paso por A Barca e Andurique en Poio?

4. En tanto non se leve a cabo este proxecto, valora a Xunta de Galiza a necesidade de levar a cabo medidas urxentes como o calmado e redución da velocidade, a dotación de medios físicos de redución da velocidade nos pasos de peóns ou o reforzo da sinalización?

5. Que previsións ten o goberno galego en canto á construción do Vial do Vao de conexión entre a PO 308 e a PO 531?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Paulo Ríos Santomé
Deputada e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:16:04
Nº Rexistro: 37396
Data envio: 19/07/2022 13:16:04.563

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 19/07/2022 13:15:36

Alexandra Fernández Gómez na data 19/07/2022 13:15:39

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 13:15:47

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:17:17
Nº Rexistro: 37397
Data envio: 19/07/2022 13:17:17.968

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Alexandra Fernández Gómez** e **Paulo Ríos Santomé**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, iniciou en 2011 a tramitación dun proxecto para a dragaxe e rexeneración da bancos marisqueiros no río Lérez e no fondo da ría de Pontevedra, nun treito de aproximadamente 4,3 km entre o Clube Naval e Os Praceres, no que está previsto retirar aproximadamente 330.000 toneladas de lamas e outros sedimentos. O custo estimado do proxecto é de 3 millóns de euros.

Despois de case 10 anos de tramitación, o proxecto aínda non se fixo realidade. A finais do ano 2016, o daquela Presidente de Portos de Galicia reuniuse co alcalde de Pontevedra e cos portavoces dos grupos municipais para informalos das características do proxecto e dos prazos estimados para a súa realización. Naquela xuntanza, o responsábel de Portos informou da previsión de licitación do proxecto a comezos de 2018.

En xaneiro de 2017, o DOG publicou o anteproxecto da dragaxe e o estudo de impacto ambiental e abriuse o período de exposición pública para a presentación de alegacións. En relación co impacto ambiental das obras, as confrarías manifestaron a súa discrepancia coa previsión de depositar máis de 221.000 toneladas de sedimentos ao

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:17:17
Nº Rexistro: 37397
Data envio: 19/07/2022 13:17:17.968

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

oeste da illa de Tambo e nos bancos marisqueiros ente Campelo e Combarro. Demandan a modificación desta parte do proxecto, de maneira que os sedimentos se depositen en mar aberto, fóra das augas da ría de Pontevedra.

No mes de abril de 2019, Portos de Galiza anunciou a intención de cambiar a zona de vertido dos depósitos, trasladándoa ao exterior da ría. Mais non houbo noticias sobre a modificación do proxecto, sobre o orzamento e sobre o prazo para levalo a cabo. A comezos de xuño de 2019, Portos fixo pública a través dun medio de comunicación a intención de trasladar os depósitos a un punto de vertido situado na ría de Arousa, nas proximidades da illa de Sálvora, proposta que suscitou o rexeitamento unánime do sector pesqueiro e marisqueiro da ría de Arousa.

No mesmo mes de xuño, o parlamento de Galiza aprobou unha proposición non de lei na que se insta á Xunta á elaboración, conforme a normativa vixente e ás directrices existentes respecto deste tipo de actuacións, dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito de materiais procedentes do dragado do río Lérez, de tal forma que se garante que estes non afectarán a ningunha das rías galegas, en especial á ría de Arousa.

Malia este acordo, tanto a conselleira do Mar como a directora de Portos de Galicia seguen defendendo publicamente a proposta de depositar os lodos na ría de Arousa e desbotan a posibilidade de retiralos e tratalos en terra polo seu alto custo e pola incidencia do tráfico de camións no centro da cidade de Pontevedra. A este respecto, a presidenta de Portos falou da necesidade de que 4.000 camións pasen polo centro de Pontevedra e a conselleira elevou a cifra a 11.000.

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:17:17
Nº Rexistro: 37397
Data envio: 19/07/2022 13:17:17.968

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Que medidas levou a cabo a Xunta de Galiza para o cumprimento do acordo parlamentario do mes de xuño de 2019, relativo ao depósito dos lodos procedentes da dragaxe do río Lérez?

Considera a Xunta de Galiza a posibilidade de darlle unha solución diferenciada aos materiais areosos, susceptibles de ser utilizados para a rexeneración doutras zonas da ría, e os lodos que poidan conter elementos contaminantes ou prexudiciais para o medio mariño?

Considerou a Xunta de Galiza a posibilidade de retirar e tratar en terra os lodos da canle do río Lérez?

Mantivo contactos co goberno municipal de Pontevedra sobre a viabilidade desta proposta?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:17:17
Nº Rexistro: 37397
Data envio: 19/07/2022 13:17:17.968

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 13:16:46

Alexandra Fernández Gómez na data 19/07/2022 13:16:50

Paulo Ríos Santomé na data 19/07/2022 13:16:58

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:18:42
Nº Rexistro: 37398
Data envio: 19/07/2022 13:18:42.873

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e **Paulo Ríos Santomé** e **Alexandra Fernández Gómez**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Numerosas entidades sociais (organizacións de defensa do territorio, colectivos veciñais, comunidades de montes) presentaron alegacións e escritos de rexeitamento da tramitación do proxecto mineiro de litio denominado Alberta I, que afectaría a parroquias dos concellos de Avión, Beariz, Forcarei, Cerdedo-Cotabade e A Lama. En realidade, trátase dunha primeira fase dun proxecto máis amplo, que tería unha grave incidencia en zonas habitadas e produtivas do interior das provincias de Pontevedra e Ourense, en espazos de grande interese paisaxísticos e ambiental como as serras do Cando e do Suído, e nas bacías dos ríos que nacen nelas como son o Oitavén e o Verdugo.

A empresa promotora do proxecto solicitou o pase do permiso de investigación do proxecto Alberta I a permiso de explotación nunha zona denominada "Coto Tocayo", situado nos lugares de Doade (Beariz) e Acevedo e Rubillón (Avión). En realidade, o ámbito do proxecto Alberta I abranxe 123 cuadrículas mineiras nunha zona dividida en seis áreas que reciben os nomes de "Presqueiras" "Correa", "Coto Tocayo", "Acevedo", "Rubillón" e "Taboazas". E contempla a explotación sucesiva de diversas minas dentro da superficie afectada.

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:18:42
Nº Rexistro: 37398
Data envio: 19/07/2022 13:18:42.873

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nas alegacións presentadas por organizacións veciñais, de defensa do territorio e ecoloxistas fan constar unha serie de irregularidades na tramitación do proxecto por parte da administración autonómica.

- Omisión do procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental

Segundo o escrito presentado polo Sindicato Labrego Galego, "o proxecto inicial está fragmentado de maneira fraudulenta para evitar a avaliación de impacto ambiental" que é perceptivo segundo a lexislación sectorial. A este respecto cómpre ter en conta o previsto no Anexo 1 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental que determina os Proxectos sometidos a avaliación ambiental ordinaria regulada no Título II, Capítulo II, sección 1ª:

b) Minaría subterránea nas explotacións nas que se dea algunha das circunstancias seguintes:

- Que a súa paraxénese poida, por oxidación, hidratación ou disolución producir augas acedas ou alcalinas que dean lugar a cambios no pH ou liberen ións metálicos ou non metálicos que supoñan unha alteración do medio natural.

- Que exploten minerais radiactivos.

- Aquelas cuxos minados se atopen a menos de 1 km (medido en plano) de distancias de núcleos de poboación, que poidan inducir riscos por subsidencia.

En relación co expediente iniciado en 2013 pola Xefa do Servizo de Enerxía e Minas de Ourense, no que solicita ao departamento de Avaliación Ambiental que determine o alcance ambiental do proxecto de pase a concesión de explotación, o Instituto Geológico y Miero de España (IGME) emitiu un informe que alerta sobre a

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:18:42
Nº Rexistro: 37398
Data envio: 19/07/2022 13:18:42.873

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

posibilidade de formación de augas ácidas de mina e ao risco de subsidencia pola proximidade a núcleos habitados. Asemade, indicaba a necesidade de someter o proxecto ao trámite de avaliación de impacto ambiental, que debería incluír un Plan de seguimento e vixilancia. Chama poderosamente a atención que no procedemento aberto en setembro de 2018, no que se solicitou informes de diferentes órganos sectoriais, non se incluíse o IGME, toda vez que o seu informe é preceptivo segundo a lexislación de aplicación.

O obxectivo da xuntanza era estudar os escenarios e os calendarios en relación con unha hipotética saída de ENCE da ría de Pontevedra, en previsión dunha próxima sentenza da Audiencia Nacional e tendo en conta tamén outros factores ambientais, urbanísticos, de ordenación do territorio, de seguridade e de saúde pública que aconsellan a busca dunha nova ubicación que faga posíbel tanto o desenvolvemento urbano como a recuperación do litoral e da ría de Pontevedra.

Unha das conclusións desta xuntanza é que a saída de ENCE é unha posibilidade que debe ser tida en conta, e que tanto a empresa como as administracións deben explorar as posibilidades e as oportunidades para facela realidade. E a Xunta de Galiza, como administración con competencias en materia de ordenación do territorio, urbanismo, planificación de áreas empresariais, emprego, desenvolvemento industrial e protección do medio ambiente é quen debería impulsar, coordinar e liderar o estudo de

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:56:33
Nº Rexistro: 37414
Data envio: 19/07/2022 13:56:33.063

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

alternativas de emprazamento e as negociacións para a construción dunha nova factoría que permita pechar o ciclo produtivo e xerar novos postos de traballo.

O estudo destas alternativas debe ser compatíbel co desenvolvemento dun novo modelo forestal, baseado na biodiversidade e non no monocultivo, e dunha nova política para o monte que aposte decididamente pola multifuncionalidade e pola potenciación dos seus valores ambientais, sociais e produtivos.

Estamos diante dunha grande oportunidade de futuro: en primeiro lugar para acordar as grandes liñas da política ambiental e para o monte, que representa dous terzos do territorio galego; en segundo lugar para garantir a protección e a recuperación da ría de Pontevedra, tal como está regulado nas Directrices de Ordenación do Territorio e no Plan de Ordenación do Litoral; en terceiro termo, para xerar máis e mellores postos de traballo tanto na actividade da industria forestal como no aproveitamento pesqueiro e marisqueiro da ría de Pontevedra; e, por último, para preservar a saúde e garantir un desenvolvemento urbano máis integrador e harmónico entre as cidades de Pontevedra e Marín.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Está de acordo o goberno galego co actual emprazamento de ENCE na ría de Pontevedra?

- Considera o goberno galego que a ubicación de ENCE en terreos de dominio público marítimo terrestre e nas proximidades de núcleos urbanos é acorde cos tempos actuais?

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:56:33
Nº Rexistro: 37414
Data envio: 19/07/2022 13:56:33.063

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera a Xunta que a defensa da actual ubicación é compatíbel co establecido nas DOT e no POL?

- Considera a Xunta como unha posibilidade o peche do complexo industrial de ENCE en Lourizán e a construción dunha nova factoría que inclúa o peche do ciclo produtivo?

- Como vai exercer o goberno galego as súas competencias en materia de ordenación do territorio, desenvolvemento industrial, emprego e protección do medio ambiente para estudar as alternativas para a saída de ENCE da ría de Pontevedra?

- Ten previsto o goberno galego poñerse á fronte das negociacións sobre as posibilidades e oportunidades do traslado de ENCE do seu actual emprazamento en Lourizán?

- Considera a Xunta que a saída de ENCE da ría e a construción dunha nova factoría pode ter efectos positivos no emprego e no medio, coa reactivación do aproveitamento pesqueiro marisqueiro, a recuperación dos terreos gañados ao mar, e o peche do ciclo e diversificación produtiva da fábrica?

- Pensa o goberno galego que esta operación debería ser tamén unha oportunidade para acordar as grandes liñas dunha nova política forestal e para o monte?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:56:33
Nº Rexistro: 37414
Data envio: 19/07/2022 13:56:33.063

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 13:56:00

Paulo Ríos Santomé na data 19/07/2022 13:56:07

Alexandra Fernández Gómez na data 19/07/2022 13:56:13

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:57:56
Nº Rexistro: 37416
Data envio: 19/07/2022 13:57:56.984

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o rexeitamento de peaxes nas autovías de titularidade estatal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Fomento vén de reabrir o debate sobre o repagamento mediante peaxe das autovías de titularidade estatal, reiterando unha proposta que xa fora anunciada en 2018 e 2019. Este debate abriuse despois de que a patronal das construtoras, ASEPAN, demandase este tipo de medidas para garantir contratos de concesión. Mais a medida ten tamén outras causas relacionadas co desequilibrio económico nas contas do Ministerio de Fomento a raíz de dúas decisións:

-O rescate das ruinosas autoestradas radiais madrileñas e doutras autoestradas, con un custo para as arcas públicas de máis de 3.000 millóns de euros.

-A supresión das peaxes en autoestradas nas que caduca a concesión entre 2019 e 2021, o que vai supor un custo duns 450 millóns de euros anuais. Ademais, o Ministerio de Fomento tamén aprobou o ano pasado bonificacións para o transporte en determinadas autoestradas, co conseguinte incremento do gasto orzamentario e da dispoñibilidade de recursos.

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:57:56
Nº Rexistro: 37416
Data envio: 19/07/2022 13:57:56.984

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como resposta a aquel primeiro anuncio de novembro de 2018, o Pleno do parlamento aprobou un acordo en decembro de 2019, a instancias do BNG, no que manifestaba unha rotunda oposición ao establecemento de peaxes nas autovías de titularidade estatal.

Ademais do carácter regresivo e do impacto negativo que tería para as persoas usuarias das autovías, para a seguridade viaria e para a competitividade das nosas empresas, a citada medida hai que analizala no contexto da situación da rede viaria estatal en Galiza e concretamente da situación das autoestradas de titularidade estatal, a AP 9 e a AP53.

Por outra parte, en Galiza existen dúas autovías autonómicas con peaxes ás persoas usuarias, a AG 55 e a AG 57, o que supón en agravio e unha discriminación para residentes e empresas das respectivas comarcas, un atranco para a conectividade e a competitividade, e ademais incrementa a inseguridade viaria e merma a calidade de vida na contorna das estradas convencionais que atravesan zonas densamente habitadas.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Que xestións realizou o goberno galego diante do goberno central a respecto do anuncio do establecemento de peaxes nas autovías de titularidade estatal?

. Que medidas propón a Xunta de Galiza para reducir o custo das peaxes das autoestradas de titularidade autonómica e estatal?

. Que medidas prevé adoptar o goberno galego para a supresión das peaxes nas autovías autonómicas?

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2022 13:57:56
Nº Rexistro: 37416
Data envio: 19/07/2022 13:57:56.984

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Apoia o goberno galego a transferencia da AP9 e o rescate da concesión, como acontece noutras autoestradas que se construíron na mesma época?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 19/07/2022 13:57:32

Paulo Ríos Santomé na data 19/07/2022 13:57:35

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2022 13:57:42

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/07/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 37420
Data envio: 19/07/2022 14:05:33.584

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A Organización Mundial da Saúde declarou o 11 de marzo a pandemia mundial provocada pola covid-19 o que supuxo que o 14 de marzo o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, decretase o estado de alarma adoptando medidas inmediatas para frear a propagación do virus, o que supuxo a paralización ata o mes de xuño de practicamente toda a actividade económica e a partir dese momento con aperturas paulatinas en determinadas actividades, véndose nalgúns casos interrompida, engadindo, polo tanto, á crise sanitaria unha crise económica e social sen precedentes.

As medidas de confinamento, a paralización da actividade produtiva, as restricións á mobilidade e o distanciamento social obrigaron ás administracións a tomar unha serie de medidas absolutamente necesarias que supuxeron un incremento importante dos recursos precisos para atender as novas necesidades, así o Goberno do Estado despregou inmediatamente unha serie de medidas para que as CC.AA puidesen atender os gastos extraordinarios no ámbito sanitario e educativo e tamén para que proporcionasen axudas directas ás empresas e persoas traballadoras autónomas máis afectadas pola crise.

Así, o 16 de xuño de 2020 o Goberno do Estado aprobou o Fondo Covid-19 dotado con 16.000 M€ para que as CC.AA puidesen financiar os gastos da pandemia, un fondo non reembolsable e que non ía xerar máis débeda nin intereses. Destes fondos covid en 2020 correspondéronlle á Xunta de Galicia 735 millóns de euros, 418 millóns para sanidade, 93 millóns para educación e 224 millóns de euros para compensar a redución da actividade económica.

Posteriormente, o Goberno do Estado seguiu achegando fondos ás comunidades autónomas para que puideran seguir facendo fronte ás consecuencias da pandemia, dos que a Xunta de Galicia recibiu, entre outros, 17 millóns de euros do Fondo Social Extraordinario para minimizar o impacto social da pandemia, 1,9 millóns de euros para bolsas de comedor, 20,3 millóns de euros para o sistema da autonomía e a atención á dependencia (SAAD), 272 millóns de euros de fondos Feder máis para gasto sanitario e 441 millóns de euros dos fondos React-EU (253,8 millóns en 2021 e 88,2 millóns en 2022) para reforzar a educación, a sanidade e os servizos sociais, así como para apoio a pemes e autónomos.

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/07/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 37420
Data envio: 19/07/2022 14:05:33.584

Ante esta situación a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Que recursos económicos achegou a Xunta de Galicia nos anos 2020 e 2021 aos concellos galegos para poder facer fronte ao incremento de gasto derivado pola aplicación de medidas que eviten a propagación do virus?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/07/2022 12:37:49

Gonzalo Caballero Míguez na data 19/07/2022 12:38:04

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/07/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 37426
Data envio: 19/07/2022 14:29:46.463

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Carmen María Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, María Sol Díaz Mouteira, María Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez e María Belén Salido Maroño, deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

Os plans de actuación e investimento do Goberno galego nos últimos anos corroboran que unha das súas liñas prioritarias é o reforzo da seguridade nas estradas da súa competencia.

Cumprir con este obxectivo pasa, en primeiro lugar, por asegurar unha axeitada conservación dos viarios e, dentro desta acción, non cabe dúbida que manter o firme en perfectas condicións é fundamental.

Os orzamentos da Administración autonómica para o presente exercicio contemplan unha partida de máis de 18 millóns de euros para este cometido.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

- Que actuacións máis destacadas se inclúen no Plan de reforzos de firme que ten previsto executar o Goberno galego no presente exercicio?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 19/07/2022 14:23:50

Carmen María Pomar Tojo na data 19/07/2022 14:24:14

Ramón Carballo Páez na data 19/07/2022 14:24:30

María Sol Díaz Mouteira na data 19/07/2022 14:24:56

Freire Vázquez, María Begoña na data 19/07/2022 14:25:08

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/07/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 37426
Data envio: 19/07/2022 14:29:46.463

grupo parlamentario popular de galicia

Rubén Lorenzo Gómez na data 19/07/2022 14:25:22

María Belén Salido Maroño na data 19/07/2022 14:25:54

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/07/2022 09:44:08
Nº Rexistro: 37434
Data envio: 20/07/2022 09:44:08.002

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Daniel Pérez López e **Luis Bará Torres**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a resolución dos procesos selectivos da Oferta de Emprego Público de 2019 da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público establece a obrigatoriedade de resolver no prazo de 3 anos as ofertas de emprego público.

Como é preceptivo -por ser necesaria a aprobación e planificación anual- mediante Decreto 33/2019 (DOG 5 de abril de 2019) a Xunta de Galiza aprobou a Oferta de Emprego Público correspondente ao exercicio 2019. É abondo elocuente que na propia Oferta de Emprego Público contemplábase a posibilidade de incluír nun único proceso selectivo todas aquelas prazas xa previstas nas OEPs de 2016, 2017 e de 2018 cuxos procesos aínda non foran convocados. Val dicir, a Xunta recoñece a vulneración legal en que incorreu e que infrinxiu as previsións contidas nas OEPs (malia o limitado das mesmas en virtude da taxa de reposición existente), polo que permitía acumular aos procesos selectivos de 2019 todas as prazas previstas nas OEPs de exercicios anteriores.

A pesares do expreso recoñecemento dos reiterados incumprimentos legais e da consecuente precarización do emprego público na Xunta de Galiza non se apreciou, nin aprecia un propósito real de emenda. Así, non é ate máis de 6 meses despois de

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/07/2022 09:44:08
Nº Rexistro: 37434
Data envio: 20/07/2022 09:44:08.002

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

publicada a OEP de 2019 cando se empezan a convocar os procesos selectivos correspondentes á mesma. Algúns dos que, como xa se indicou, contemplaban prazas relativas a outras OEPs de exercicios anteriores, 2016, 2017 ou 2018.

Pois ben, os procesos selectivos convocados nos meses de novembro e decembro de 2019 que por exemplo atinxe a prazas de educadoras, traballadoras sociais, terapeutas ocupacionais, persoal de prevención de incendios, auxiliares de enfermería... e que, como fica exposto, xa levaba un retraso de varios anos; aínda están pendentes de resolución. Convocado o proceso selectivo en 2019 e celebrada con notable retraso a fase de oposición (2021), aínda está pendente de resolución a fase de concurso, polo que o proceso de selección máis de 2 anos e media da convocatoria aínda está pendente de resolución.

A Xunta de Galiza segue sen respectar o prazo máximo de duración das OEPs e segue contrariendo os requirimentos e advertencias da Unión Europea, fomentando a precarización no emprego público e o que, posiblemente é peor, provocando a incerteza e inseguridade nas persoas inseridas nos procesos de selección que ven condicionadas as súas expectativas para unha planificación vital á espera da resolución dos procesos selectivos.

En suma, a política da Xunta de Galiza no que atinxe ás OEPs pode resumirse en incumprimentos legais reiterados, precarización do emprego público e nulo respecto e consideración coas persoas participantes nos procesos selectivos.

E por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/07/2022 09:44:08
Nº Rexistro: 37434
Data envio: 20/07/2022 09:44:08.002

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Como valora a Xunta de Galiza a ausencia de cumprimento das OEPs correspondentes aos exercicios 2016, 2017 e 2018?

. Entende que a inexistencia de cumprimento das referidas OEPs cumpre coa legalidade e fomenta a precariedade no emprego público?

. Por que razón os procesos selectivos convocados a finais de 2019 en cumprimento da OEP de 2019 non están resoltos?

. Entende a Xunta de Galiza que o citado incumprimento e o atraso na resolución dos procesos selectivos, condiciona e limita as expectativas vitais e laborais das persoas que participan nos mesmos?

. Existe persoal abondo para resolver os procesos selectivos ou é a carencia de persoal a que permite tan importante retraso?

. Vencido o prazo máximo para a execución da OEP de 2019, cando ten previsto a Xunta de Galiza resolver os procesos selectivos convocados na súa virtude?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Daniel Pérez López

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/07/2022 09:44:08
Nº Rexistro: 37434
Data envio: 20/07/2022 09:44:08.002

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/07/2022 09:41:03

Daniel Pérez López na data 20/07/2022 09:41:07

Xosé Luis Bará Torres na data 20/07/2022 09:41:18

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/07/2022 09:57:15
Nº Rexistro: 37437
Data envio: 20/07/2022 09:57:15.271

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

Marisol Díaz Mouteira, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Rubén Lorenzo Gómez, Begoña Freire Vázquez e **Belén Salido Maroño,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

O prezo da enerxía eléctrica está a experimentar nos últimos meses un forte incremento, ata tal punto que o kilovatio-hora marca máximos históricos.

A medida estrela do Goberno central de topar o prezo do gas para as empresas que producen electricidade con este combustible e, deste xeito, tratar de rebaixar o prezo da luz nos mercados maioristas, non deu os froitos agardados. Tampouco a baixada de impostos aplicada foi dabondo para cambiar a tendencia e aínda é pronto para valorar o impacto da nova redución do IVE.

O único certo é que suba da factura da luz está a ter unha repercusión directa e moi significativa no poder adquisitivo das familias e está a reducir de xeito drástico a competitividade de todo o tecido empresarial, desde os autónomos ás pemes e as grandes industrias.

Os prezos desorbitados da enerxía eléctrica tamén afectan ao funcionamento de infraestruturas públicas vitais para as persoas e para a actividade industrial.

Un exemplo claro desta repercusión, entre os moitos posibles, é o incremento de custos no funcionamento dos sistemas de depuración de augas residuais.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulamos as seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o impacto do incremento do prezo da enerxía eléctrica no custo de funcionamento dos sistemas e estacións de depuración de augas residuais que xestiona a Xunta?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/07/2022 09:57:15
Nº Rexistro: 37437
Data envio: 20/07/2022 09:57:15.271

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

María Sol Díaz Mouteira na data 08/07/2022 13:11:15

Carmen María Pomar Tojo na data 08/07/2022 13:11:29

Ramón Carballo Páez na data 08/07/2022 13:11:47

José Manuel Balseiro Orol na data 08/07/2022 13:12:04

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/07/2022 09:57:15
Nº Rexistro: 37437
Data envio: 20/07/2022 09:57:15.271

grupo parlamentario popular de galicia

Rubén Lorenzo Gómez na data 08/07/2022 13:12:18

Freire Vázquez, María Begoña na data 08/07/2022 13:12:32

María Belén Salido Maroño na data 08/07/2022 13:12:46

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/07/2022 09:58:00
Nº Rexistro: 37439
Data envio: 20/07/2022 09:58:00.223

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre os espazos naturais afectados polos lumes dos días 15 a 19 de xullo de 2022 e seguintes así como os medios de extinción empregados e as medidas adoptadas e previstas para combater os danos causados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os lumes do mes de xullo, especialmente os da crise concentrada principalmente no interior de Lugo e nas zonas de Oímbra, Valdeorras e Pradoalbar a partires da tormenta explosiva do 14 de xullo afectaron gravemente a varias zonas protexidas.

Así vimos serias afectacións en distintos espazos protexido spola Rede Natura 2000 como Os Ancares-Courel, ou os parques naturais da Serra da Enciña da Lastra e da Serra do Invernadeiro.

Máis aló doutras consideracións é importante que o Parlamento de Galiza teña información detallada en relación a que medidas de prevención específicas estaban en vigor nestes e outros espazos de especial relevancia natural xa que é responsabilidade da Xunta de Galiza velar pola súa protección primeiro e, en todo caso, pola súa recuperación e rexeneración, para controlar no posíbel as consecuencias negativas do lume e evitar máis danos.

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/07/2022 09:58:00
Nº Rexistro: 37439
Data envio: 20/07/2022 09:58:00.223

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

. Que espazos naturais resultaron afectados polo lume no mes de xullo, e concretamente entre na crise orixinada após a tormenta explosiva do xoves 14 de xullo?

. Que superficie resultou afectada polo lume nestes espazos naturais (total e en cada un)?

. Que medidas de prevención específicas se tomaran neses espazos naturais nun ano de condicións climatolóxicas tan extremas como o que estamos a vivir?

. Que medidas preventivas se empregaron en relación aos núcleos de poboación situados dentro do perímetro deses parques?

. Que medios se empregaron para a extinción dos lumes nos parques naturais?

. Que medidas se adoptaron ou se prevén adoptar para combater os danos causados polos lumes nos espazos naturais?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/07/2022 09:58:00
Nº Rexistro: 37439
Data envio: 20/07/2022 09:58:00.223

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 20/07/2022 09:53:55

María del Carmen Aira Díaz na data 20/07/2022 09:54:04

Xosé Luis Rivas Cruz na data 20/07/2022 09:54:18

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/07/2022 09:58:01
Nº Rexistro: 37440
Data envio: 20/07/2022 09:58:01.223

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

Marisol Díaz Mouteira, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Rubén Lorenzo Gómez, Begoña Freire Vázquez e **Belén Salido Maroño,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Nestes últimos anos o Goberno galego está a desenvolver un amplo e singular esforzo normativo para mellorar o uso, a xestión e a calidade das masas de auga da súa competencia. Así, cabe salientar a aprobación dunha norma pioneira, a Lei de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario, á que recentemente se sumou a Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga.

Ese traballo lexislativo está a ser complementado, ademais, cun intenso traballo de planificación. O último exemplo é o Plan de seca da Demarcación Galicia-Costa 2021-2027, que o pasado mes de xuño foi aprobado polo Consello da Xunta.

Un plan có que a Administración autonómica estandariza a resposta ante situacións de seca para garantir o abastecemento de auga aos cidadáns. Aínda que a elaboración e seguimento deste protocolo é responsabilidade directa de Augas de Galicia, cómpre subliñar que a súa posta en práctica require da intervención e coordinación de outros organismos, como Meteogalicia, Protección Civil, os encargados da explotación dos encoros da Demarcación hidrográfica Galicia-Costa e das administracións responsables dos sistemas de abastecemento.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulamos as seguinte pregunta en Comisión**:**

Que obxectivos pretende acadar a Xunta de Galicia co novo Plan de seca da Demarcación Galicia-Costa?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/07/2022 09:58:01
Nº Rexistro: 37440
Data envio: 20/07/2022 09:58:01.223

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

María Sol Díaz Mouteira na data 08/07/2022 13:15:18

Carmen María Pomar Tojo na data 08/07/2022 13:15:34

Ramón Carballo Páez na data 08/07/2022 13:15:54

José Manuel Balseiro Orol na data 08/07/2022 13:16:14

Rubén Lorenzo Gómez na data 08/07/2022 13:16:36

Freire Vázquez, María Begoña na data 08/07/2022 13:16:50

María Belén Salido Maroño na data 08/07/2022 13:17:01

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/07/2022 10:14:59
Nº Rexistro: 37447
Data envio: 20/07/2022 10:14:59.938

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre os motivos polos que o goberno galego non opta por un SPDIF único, profesionalizado en prevención e extinción de lumes e apto para todo tipo de emerxencias nomeadamente as rurais

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na segunda semana de xullo de 2022 arrancou unha vaga de lumes con orixe natural que provocou a queima, en só 5 días, de case o cuádruplo de todas as hectáreas que arderan en Galiza en 2021. Unha crise de incendios forestais que neste momento aínda non rematou e que, en moitos lugares, nos deixou á vontade do vento e os elementos, atacando incluso varias decenas de núcleos de poboación en distintos lugares con resultados en máis dun caso catastróficos no referido aos bens materiais.

A día de hoxe o sistema galego de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais continúa a estar formado por brigadas de bombeiros forestais de distintos períodos de duración: de 12, de 9 e de 6 meses. Deste xeito, boa parte do persoal de incendios continúa a ser iso que se chama fixo-discontinuo; é dicir, man de obra temporal barata, precarizada e con menor capacidade profesional debido precisamente á súa precarización. A este sistema súmanse outros efectivos como GES ou brigadas municipais (estas últimas de 3 meses) o que aínda dispersa e precariza máis aos e ás profesionais do SPDIF.

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/07/2022 10:14:59
Nº Rexistro: 37447
Data envio: 20/07/2022 10:14:59.938

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao tempo, a climatoloxía iniciou hai uns poucos anos un cambio con ciclos dentro do ano cada vez máis frecuentes de altas temperaturas, seca persistente, humidade moi baixa e, debido ó abandono do rural, existencia de enormes masas de combustible a xeito de matogueira. Este ano 2022 está a ser un claro e triste exemplo do que vimos de afirmar.

É preciso incidir de novo en que o despoboamento do Rural trae consigo o aumento da masa de combustible e a ausencia de brazos e maquinaria que o procese para usos agrícolas, facendo necesario unha labor de prevención durante case todo o ano.

Neste 2022, na primeira (e agardamos que última) grave crise de lumes que estamos a vivir, atopámonos con denuncias de falta de efectivos e a unha incomprensíbel inexistencia das brigadas municipais que na súa grandísima maioría non están incorporadas ao servizo e que a Xunta de Galiza non cansa de promocionar como "fundamentais". A isto súmase o feito de que as baixas das traballadoras e traballadores non están a ser cubertas de xeito xeneralizado, o que deixou ao SPDIF nunhas condicións realmente malas para loitar contra uns lumes que podemos definir sen medo a nos equivocar como de sexta xeración.

Nestas condicións resulta incomprensíbel que a Xunta persista na súa negativa (a última vez ao final do último período de sesións) para ampliar os contratos dos bombeiros forestais de 6 e 9 meses para convertelos en traballadores fixos do SPDIF e polo tanto ben formados e cumprindo as funcións que a día de hoxe se asignan a empresas privadas.

E todo ha facer falta porque o servizo de extinción non pode estar a expensas do que manden as vagas de seca e lumes para contratar o persoal das brigadas terrestres. É cada vez máis necesario cubrir con persoal profesionalizado e estable os labores de

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/07/2022 10:14:59
Nº Rexistro: 37447
Data envio: 20/07/2022 10:14:59.938

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prevención e emerxencias para controlar un territorio despoboado e onde a maleza campa ás súas anchas.

A nova tipoloxía de incendios con lumes de expansión máis rápida, con ameazas a vivendas, con maior carga de combustíbel en densidade e en extensión, con temperaturas máis altas e con períodos de secas máis acusados... esixe un sistema de prevención e extinción máis profesionalizado e cunha formación homologada e efectiva.

Non se debería por tanto utilizar persoal eventual.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 7ª:

Ante uns lumes cada vez máis agresivos e imprevisíbeis, cal é a razón pola que o Goberno galego non opta por un SPDIF único, profesionalizado en prevención e extinción de lumes e apto para todo tipo de emerxencias nomeadamente as rurais?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/07/2022 10:14:59
Nº Rexistro: 37447
Data envio: 20/07/2022 10:14:59.938

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 20/07/2022 10:11:26

María del Carmen Aira Díaz na data 20/07/2022 10:11:29

Xosé Luis Rivas Cruz na data 20/07/2022 10:11:40

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPG-azG063FYA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-azGO63FYA-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/